PUBLIC. DIARIA. 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XVII · 4 DE AGOSTO · 1994

Nº 633 · 150 PTA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

As *Caixas* galegas apoian a privatización das telecomunicacións por cabo

O sistema de telecomunicación do futuro privatízase antes de ser realidade: o diário *La Voz de Galicia* preside a segunda empresa fundada no país para a explotar as redes urbanas de cableado integral. A primeira foi *Vigocable SA*, fundada á instáncias do *Grupo Moll* editora do *Faro de Vigo*. O *Grupo Gallego de Empresas para el Cable, S.A (GECSA)* constitúese co apoio das Caixas de Aforros, do Grupo Pastor e da Telefónica para servir de intermediários a unha empresa de cabo norteamericana. **(Páx. 13)**

As subvencións emascaran a crise produtiva galega, segundo o *Informe Coren*

A economia galega, e en particular a que depende da producción agrícola, vive dos fondos públicos mentres perde a sua competitividade. Esta situación pode ter un remate desastroso dentro dunha Europa que prepara as suas defensas para unha competitividade crecente. O *Informe Coren 1993* advirte que o país pode acordar do soño producido polas subvencións nun estado de total desmantelamento. **(Páx. 8)**

O sustituto de Rouco deberá enfrentarse a unha Igrexa galega estancada

Contra o afirmado polo presidente da Xunta e polo alcalde de Santiago, a marcha de Rouco da diócese compostelá non deixa un valeiro difícil de encher. Os once anos de arcebispado mostraron a un home tímido, conservador, con certa capacidade negociadora e organizativa, pero escasamente brillante e sobretodo carente dun compromiso nídio coa cultura galega. **(Páx. 5)**

As Marias santiaguesas, memória dunha família anarquista

Chámase Magdalena Fandiño, pero poucos en Compostela identifícana con iste nome. Ela e máis duas dos seus doce irmáns, Maria e Coralia, membros dunha família de tradición anarquista, foron alcumadas co nome das Marias ou o tamén ben coñecido alcume das *duas en punto*. Nen as suas tendéncias, nen os seus gostos no vestir foron aceitados polo señorio santiagués. A recente inauguración das esculturas no seu honor lembraranlle a Compostela as aldraxes ás que en vida foron submetidas. **(Páx. 14-15)**

Anxo Tarrio ocupará o posto de Villanueva no *Ramón Piñeiro*

Como se presumia en círculos universitários, confírmase que o director do *Boletín Galego de Literatura*, Anxo Tarrio, vai dirixir a área de Literatura Galega do Centro de Investigacións Lingüísticas Ramón Piñeiro, que ten por director científico a Constantino Garcia. A polémica segue pairando sobre un centro superposto á Universidade. **(Páx. 19)**

O FIDALGO E OUTROS RELATOS

Ramón Otero Pedrayo

Un libro que reune algúns dos mellores contos de Otero Pedrayo. Unha axeitada introducción á obra dun mestre da moderna narrativa galega.

galaxia

Xóvenes Agricultores pede nun documento interno apoio á Xunta para "dinamizar o voto cara o PP".

2.000 millóns de cartos públicos para gañar as municipais

A formación ocupacional está a servir de arma política

A. IGLESIAS

A Xunta paga centos de millóns a diversas organizacións como Xóvenes Agricultores, Mulleres Rurais e Rio Lor, para consolidarse no rural e estabelecer un mecanismo clientelar de captación de votos meiante subvención de cursos de formación cuxa organización teria que estar nas mans das organizacións patronais e sindicais.

O 38% dos cinco mil trescentos millóns para formación do plano FIP van para escuras organizacións *populares*

O PP compra votos con cartos públicos

HORÁCIO VIXANDE-XOAN C. GARRIDO COUCEIRO

O Partido Popular botou man dos fundos de formación de carácter público para subvencionar a organizacións próximas, sob pretexto de organizar cursos para parados. Os cartos non serven máis que para afianzar a estrutura popular no rural, como desvela un informe interno do sindicato direitista Xóvenes Agricultores.

A formación ocupacional para xoves non serve ao mercado laboral nen a inserción da mocidade no mundo do traballo, pero eleitoralmente é moi rendíbel. A Consellaria da Familia, que dirixe Manuela López Besteiro, é a ponta de lanza da política clientelar do PP no rural meiante os cursos de formación. ANXO IGLESIAS

O pasado ano o concello de Mos organizou cursos de formación por un valor de 200 millóns, cando a sua taxa de paro era do 2%. O alunado dos cursos non procedia maioriatariamente do término municipal, senón de Vigo, unha localidade onde non houbo este tipo de cursos (ainda que si outros). Dase a coincidéncia de que o PP governa en Mos, pero non en Vigo, e que é a Xunta o organismo encarregado de distribuir os cursos.

Como contraste, os convénios do INEM cos concellos benefician ás entidades locais governadas polo PSOE, isto explícase porque este organismo de xestión do desemprego ainda depende de Madrid.

Hai duas ramas da formación profisional á marxe do ensino regrado, é dicer fóra da coñecida Formación Profisional, ou FP. Por unha banda está a formación ocupacional, destinada a parados, e pola outra a formación contínua, para traballadores en activo que precisan dalgunha reciclaxe. Para estas duas modalidades formadoras hai tres sistemas educativos.

Ninguén discute a necesidade dun mecanismo de formación para mellorar a produtividade, pero o sistema de distribución

(Pasa á páxina 3)

É esta a Santa Desvergoña?

Cando Anxo Mário Carreño Maribona, mister 4%, teimaba en ocultar os réditos dos seus negócios, cando Cuiña e todos os seus deseñaron complexos mecanismos para agachar o sistema de financiamento das suas redes caciquis, non só ignoraban que se instalaban na mediocridade da corrupción, senón que tampouco sabian que se atopaban nas cavernas do quefacer político clientelar.

Un dos cregos máis sinistros xurdidos do cerne da España negra, monseñor Escrivá de Balaguer, formulou, coa Santa Desvergoña, entre outras, unha das máis bárbaras teorias políticas dos últimos tempos. A Santa Desvergoña, a desfachatez empregada como arma política e relixiosa -non era quen de disociar ambos conceitos-, expresa a brutalidade como única alternativa para facer andar un sistema que exclue ao resto amparado na impunidade. En román paladino: "o libro di que aqui non cabe máis ninguén e os intérpretes do texto somos nós".

Co novo catecismo na man, adestradas polos novos sacerdotes -os Romai Beccaria, as López Besteiro, os Piñeiro Permui- as famílias populares lánzanse á reconquista do país prodigando aos catro ventos os obxectivos da nova cruzada e, sen rubor, blandindo como espada talonários de cartos públicos.

A Orde da Consellaria de Traballo de 7 de Xuño de 1993, convocatória para a impartición de cursos de formación ocupacional dacordo co FIP (Formación e Inserción Profisional), na sua exposición de motivos estabelece "a esixéncia duns requisitos mínimos que deben cumprir os centros colaboradores". Cando a Xunta anula unilateralmente os convénios asinados ao abeiro desa norma e reparte cursos sen mirar calidades de ensino, faino eludindo os seus próprios preceptos.

Cando *Xóvenes Agricultores* elabora un informe que distribue entre toda a base institucional do PP non oculta as suas intencións, antes ben, con manifesto descaro exibe unhas pretensións fóra de toda legalidade. Cando a Dirección Xeral de Política Lingüística subvenciona a revista desa mesma organización, escrita case integramente en español, ignora a lexislación vixente.

En xeral, é *vox populi* o nepotismo na Xunta mentres o PP en Madrid clama pola limpeza e contra as corruptelas do PSOE. Pero a Xunta é transparente: todos están ao cabo dos amaños na Administración autonómica galega.

O Consello de Contas até o momento só informou dos presupostos de 1990. A Xunta non deu explicacións arredor da partida de mil millóns que foron destinados a normalización e exemplos coma este hainos a centos. En poucas palabras: os mecanismos de control non funcionan e cando se monta unha comisión de investigación o primeiro que se fai é exculpar aos membros do PP de calquer responsabilidade política, caso de Cuiña no asunto Don Felisindo.

Se a corrupción é palpábel e a xustiza inútil, mellor é divulgar a impunidade e lanzarse á aventura de conquistalo todo mentres as vítimas acubíllanse detrás dun parapeto de misérias. A formación ocupacional é un instrumento útil para o desenvolvimento dun país se é aplicada con tino. Pero neste caso a función é outra: comprar votos, subsidiar economias familiares para adormecelas e facelas dependentes. O caso é extenderse como unha mancha de aceite, non deixar respirar e non dar opción a unha brecha no monolito. ♦

A NOSA TERRA

(Ven da páxina 2)
da mesma non sempre obedece ás necesidades sociais e, sobretodo, económicas.

Plano Formación e Inserción Profisional

O plano de Formación e Inserción Profisional, o popular FIP, ten caracter estatal, pero a sua xestión está transferida á Administración galega desde o ano pasado. O plano FIP encárgase da formación ocupacional de parados e representa o esforzo presupostário máis relevante na formación profisional. A Xunta está a repartir 5.362 millóns de pesetas entre axentes sociais, asociacións de todo tipo e concellos.

A CIG, para evitar corrupcións e mellorar a formación, propón a criazón do Instituto Galego de Formación e Emprego

Semellante cantidade de cartos supón un pastel cuxas porcións son obxecto dun reparto para o que previamente non foi fixado un sistema distribuidor que garanta a eficácia da formación. A consellaria de Família fíxose este ano co control no reparto dos cursos de formación e liquidou os compromisos que no pasado exercício asinara a consellaria de Traballo.

"Família enviou un fax aos concellos rompendo o convénio de tres anos por falta de capacidade orzamentária. Iso non é asi. Este ano ten máis diñeiro que en 1993, pero ten a intención de repartir eses cartos entre entidades criadas da noite para o dia, chámese mulleres rurais ou calquera outra, fundadas polo PP en cada localidade", protestaba Anxo Quintana, alcalde Allariz.

Reparto clientelar

O reparto dos cursos FIP significou que asociacións de moi recente criazón recebisen un total de 2.000 millóns de pesetas para cursos organizados por elas.

A Federación de Concellos Galegos, que integra a municípios de todos os signos políticos, agás do PP, anunciou que pensa actuar en dous frentes: por unha banda contra o incumprimento da Xunta dos convénios trianuais asinados no 93, e pola outra contra o feito de que a maioria dos novos cursos impártese en centros non homologados, algo que incumpre a normativa da Unión Europa, institución que financia o plano FIP. Casos como o de Oleiros serven de monstra das grandes reducións ás que Família someteu a alguns concelllos. En Oleiros o convénio estabelecia un apoio por valor de 90 millóns de pesetas cada ano, neste exercício baixou a 30.

"O mau é que moitos deses cartos destinados a outras organizacións e concellos sen estrutura non van ter a utilidade para a que foron concebidos, xa que os or-

(Pasa á páxina 4)

Nun documento interno reclama as "subvencións públicas necesárias"

Xóvenes Agricultores oferécese a captar votos para o PP

"Para seguir na sua liña de implantación e como freo ao expansionismo que están a protagonizar UUAA (Unións Agrárias), co indisimulado apoio do PSOE, o Sindicato Labrego Galego, que serve sen rubor á estratéxia frentista do Bloque, resultaria de grande utilidade apoiar, política e financeiramente desde o Partido Popular e desde o governo da Xunta, o desenvolvimento de Xóvenes Agricultores para, conectado coa política agrária do PP e do governo Fraga, manter o campo galego como baluarte inexpugnábel da direita popular". Di o documento confidencial de Xóvenes Agricultores obtido pola redacción de *A Nosa Terra* que desvela e explica as relacións entre este sindicato e as administracións que governa o PP.

Xóvenes Agricultores oferécese a "xogar un papel decisivo para pór freo ao avance do PSOE e Bloque na Galiza rural e ser un elemento social a favor do PP" a cámbio da axuda económica das administracións governadas polo PP. "Non se esqueza que a oposición de esquerdas está subindo...", advirte nun informe que enviou aos cargos institucionais *populares*, no que se queixaba de que o SLG ocupa un 60% de presenza nos meios de comunicación frente a un 24% que ocupan eles, e un 16% Unións Agrarias. Xa que o SLG conta cun *"bon gabinete de comunicación, asi como unha boa disposición de profesionais dos meios"*.

Neste informe proponse un plano de intervención provincial, no que destaca Lugo como obxectivo fundamental. Xa que mentres o PP obtén os seus mellores resultados e governa a maior porcentaxe de Concellos, Xóvenes segue sen ter unha sólida estrutura que se enfrente á forte implantación do SLG. Por isto deseña un plano de actuación en tres fases.

1ª Fase. Reunións con Alcaldes e persoal totalmente afin ao PP relacionado co meio rural para integrarse como sócios. 2ª Fase, presenza activa e exaustiva nos meios de comunicación indo acompañado de charlas divulgativas e informativas en toda a província sobre que é XXAA. 3ª Fase, criación de oficinas que presten un servizo permanente. Ditas oficinas estabeleceranse dacordo co PP.

Voto rural ao PP

O PP, en cumprimento da sua parte do convénio con XXAA para que esta organización "xogue un papel destacado no entramado social agrário como elemento dinamizador do voto rural cara ás filas do Partido Popular" —tal como figura no documento— está a realizar através dos distintos organismos que xestiona unha actuación discriminatoria en benefício desta organización que xa criou alguns conflitos.



D O S I E R XÓVENES AGRICULTORES – ASAJA

2. Política

En la actualidad las grandes formaciones políticas de izquierda cuentan con sus correspondientes brazos sindicales en el campo gallego: el PSOE con Unións Agrarias (UU.AA) y el Bloque Nacionalista Gallego, con el Sindicato Labrego Gallego–Comisións Labregas (SLG–CC.LL). Estas organizaciones están prestando importantes servicios, de alta rentabilidad electoral, a los partidos de los que son satélites. Rentabilidad que ha quedado patente en la época de Francisco Sineiro al frente de la Consellería de Agricultura y en el trabajo a favor del Bloque que está desarrollando el Sindicato Labrego.

Como consecuencia de la actuación de estos sindicatos – correas de transmisión de sus respectivas fuerzas políticas–, el PSOE y el Bloque están penetrando, aunque sea tímidamente en provincias donde su presencia era inexistente o anecdótica, como Orense o Lugo. Su activismo ante problemas tan concretos, como el de las cuotas lácteas, el Ribeiro o el de la patata de Lima, jugó un papel de movilización, agitación e, incluso, de desgaste del gobierno de la Xunta y del partido que la sustenta.

A pesar de todo, en el campo gallego se da una positiva circunstancia para el PP y la derecha política de Galicia, como no sucede en otros sectores económicos: la existencia de una fuerte **organización sindical agraria, sólidamente asentada, con una potente infraestructura y con una dirección de inequívoca simpatía hacia el Partido Popular**, XOVENES AGRICULTORES (XX.AA). Una Organización Agraria muy homogénea, sin corrientes críticas y fuertemente disciplinada.

XOVENES AGRICULTORES, puede jugar un papel destacado en el entramado social [illegible] como dinamizador del voto **rural** hacia las filas del **Partido Popular**. Su indudable capacidad de movilización y su vocación de Organización de servicios, puede prestar, como ya prestó en otras ocasiones, un gran servicio a los intereses electorales del partido que gobierna en Galicia.

Para seguir en su línea de implantación territorial y como freno al expansionismo que están protagonizando UU.AA, con el indisimulado apoyo del PSOE, el Sindicato Labrego Galego, que sirve sin rubor a la estrategia frentista del Bloque, resultaría de gran utilidad **apoyar, política y financieramente desde el Partido Popular y desde el gobierno**

11

R XÓVENES AGRICULTORES – ASAJA

PARA LUGO 1993

FASE

, Alcaldes y personas totalmente afines al PP,
s con el medio rural para que se integren como socios en
gricultores con el objetivo de constituir una junta en cada
ento compuesta como mínimo por cinco personas.
tas deberán estar constituidas antes del verano,
iendo, de esta manera, disponer del entramado político-
al necesario para ser los portavoces del medio agrario de la
incia.

FA

Presencia activa y exhaustiva en los medios de comunicación de provincia de Lugo, contrarrestando actuaciones de otros grupos.
Generando noticias relacionadas con el medio rural y convirtiéndonos en adalides de los agricultores y ganaderos luc
Esto tiene que venir acompañado de charlas divulgativas e informativas en toda la provincia sobre qué es Xóvenes Agricu los servicios que presta, la representación que tiene, etc. que que en cada rincón de Lugo se conozca la Organización.
El objetivo es tener en marcha esta segunda fase después de

3º

El tercer y último paso, una vez creada y consolidada la infraestructura necesaria para desarrollar con éxito, los o previstos, es la creación de oficinas que presten un servi asesoramiento e información permanente
Dichas oficinas se establecerán de acuerdo con el PP, e comarcas o Ayuntamientos en los que se estime que nu presencia es importante para contrarrestar movimiento de otros grupos.
Esta tercera fase debería estar finalizada antes de fin

> **"Resultaria de grande utilidade apoiar desde o PP o desenvolvimento de *Xóvenes Agricultores* para manter o campo galego como baluarte inexpugnábel da direita popular"**

Asi, no concello da Pastoriza o Alcalde publicou un anúncio co obxectivo de informar que representantes de Xóvenes Agricultores ("o noso sindicato") acudiria ao local do concello a facer os pagos fraccionados do IRPF. Como o anúncio estaba en papel oficial do Concello, o SLG denunciou esta situación diante do xulgado. Posteriormente o alcalde pediu ao SLG que retirase a denúncia a cámbio de publicar outro bando onde se desmentia do anterior.

Na provincia de Ourense é na que se da maior identidade entre XXAA e PP, sobretodo nas eleicións aos Consellos Reguladores.

A Revista "Xóvenes Agricultores" é outro dos meios que permite unha xustificación do financiamento discrecional. Sendo unha revista case integramente en español e subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellaria de Educación. Outros organismos, através da chamada publicidade institucional, tamén desvian fundos cara esta organización. Tal é o caso da Deputación de Ourense, que afirma a calquera outra meio que "eles non adoitan poñer publicidade institucional".

A subvención directa da Consellaria de Agricultura é moi superior á que receben UUAA, ou SLG. Pero é através doutros organismos que recebe fundos adicionais. Asi, a Consellaria da Família revocou o convénio a 3 anos asinado cos sindicatos agrários polo anterior Conselleiro de Traballo que outorgaba polo plano FIP un total de vinte millóns para cursos, e este ano concedeu 34 millóns a XXAA, nengun tanto a UUAA como ao SLG e 3 millóns para USAG.

SLG e UUAA monstraron a sua indignación por este feito e pediron unha solución que resolvese esta discriminación. A USAG denunciouno publicamente nunha nota ben significativa na que afirma: "Fraga está asfixiando economicamente aos representantes legais do campo galego para que non denunciemos os problemas que este sector ten". ♦

(Ven da páxina 3)
ganizadores, por falta de capacidade , non van ser quen de pór a andar os cursos", dicia o parlamentário nacionalista Alfredo Suárez Canal, que tamén asegura que a Xunta está a ocultar os dados aos partidos políticos para impeder sair á luz un escándalo de grandes dimensións. Segundo Suárez Canal, todo resposta a un plano do PP para financiarse por via dos orzamentos públicos.

Alternativa do Instituto Galego de Formación

A Confederación Intersindical Galega ten deseñado un sistema alternativo ao mecanismo empregado na actualidade para a formación contínua e ocupacional. "A formación de activos e de parados ten que estar nas mans dos axentes sociais, que son os sindicatos e as asociacións patronais. Estes axentes, por inmersión no mundo do emprego, coñecen mellor as necesidades reais en matéria de formación", asegurou Adolfo Fraga, secretário confederal de formación da CIG.

Para o sindicalismo nacionalista o modelo da formación ocupacional debe estar rexido por un organismo autónomo que xestionen Administración, empresários e sindicatos; trataríase do Instituto Galego de Formación e Emprego. O Instituto, dacordo coas necesidades de formación da sociedade e da empresa, decidiría que cursos subvencionar. Da formación encarregaríanse os sindicatos e as organizacións patronais. "As escolas taller xa montadas e homologadas tamén poderian formar parte do sistema, pero seria o Instituto quen repartise os cursos", dixo Adolfo Fraga.

A esixéncia de transferéncia do



O concello de Mos, cun 2% de paro, consegue financiamentos millonários para dar formación a xoves vigueses A. IGLESIAS

Oleiros foi *castigado* e a sua asignación por convénio baixou ilegalmente de 90 a 30 millóns

INEM á Galiza, que formula a CIG, ven acompañada por unhas medias imediatas centradas na reclamación unha Comisión Territorial de Formación Contínua para a Galiza, a criazón dunha Fundación bipartita (sindicatos e Confederación de Empresários da Galiza) que xestione a totalidade da formación ocupacional e o incremento dos cursos en función do incremento presupostário.

O PSOE financiase via Madrid

Os mecanismos da Xunta non son novos para o PP, até antes das transferéncias alguns concellos do PSOE recebian suculentas axudas para cursos. Precisamente este feito serviu de argumento á Consellaria de Familia para modificar o sistema de concesión de subvencións.

A demanda de centrar integramente na Galiza a xestión da formación ocupacional tamén ten xustificación cando se analisan os dados relacionados con FOR-

As Deputacións presididas polo PP receben axudas, pero non a do PSOE (A Coruña).

CEM (Fundación para a Formación na Empresa), a institución dedicada á formación de persoal laboral en activo e que é participada polas seguintes organizacións: CEOE, CEPYME, CCOO, UGT e CIG. Ainda que o organismo ten centralizada a xestión, na Galiza hai unha Comisión Territorial para a Formación Contínua integrada por CCOO, UGT, CIG e CEG. Pero o sistema de FORCEM non convén á Galiza. O pasado ano, mentres a CIG xestionou 50 millóns, UGT fixo o mesmo con 18 e CCOO con 2,8. A razón da xestión baixa de CCOO e UGT é a situación discriminación que as centrais destes sindicatos someteron ás filiais galegas: os cartos quedaron en Madrid.

"A CIG entrou en FORCEM para evitar a marxinación da Galiza na formación de activos, unha base do binómio formación-empresa, tan vital para o desenvolvimento económico. E na Galiza a empresa é pouca e má e a formación de activos non existe", explicou Adolfo Fraga.

Fundo Social Europeu

O terceiro pé do sistema de formación galego ven definido polos cursos de formación do Fundo Social Europeu. A Xunta intervén directamente na concesión dos cursos.

Xóvenes Agricultores e a Asociación Rio Lor, o corpo máis organizado do PP no rural, foron as máis beneficiadas, o sindicato recebiu 34 milllóns e a asociación rural 44. As Deputación do PP, agás de Ourense, que ten convénio FIP, Lugo e Pontevedra recebiron 30 e 27 millóns respeitivamente.

A Fundación Exposicións e Congresos, controlada polo PP, ten 32 millóns o concello de Vilalba outros 27, o CSI-CSIF 28, USO 27 e Unións Agrárias e o Sindicato Labrego Galego nada. Unicamente unha institución vencellada ao PSOE, e o Patronato de Turismo de Vigo, con 27 millóns, receben financiamento do Fundo Social Europeu.♦

Fontaneria para traballar o campo

Cando en 1993 a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada un organismo controlado do PP e nacido ao abeiro do salón do móbel- puxo en marcha un curso de azafatas, moitas mozas do lugar acodiron incrédulas a formarse para unha actividade coa que non tiñan relación. Cando chegou a Feira do Móbel, a Fundación contratou como azafatas a persoas non formadas no curso, entre as que estaban algunhas fillas de militantes do PP. No 94, unha persoa parada menor de 25 anos da Estrada pode acceder a cursos de torneria de madeira, albaneleria, canteria, ebanisteria, carpinteria, deseño artístico asistido por ordenador e auxiliar prático de carpinteria e ebanisteria. A Fundación de Exposicións e Congresos ten a xestión de todos os cursos.

O matadeiro comarcal industrial da Estrada ten que recorrer a reses de fóra da comarca para sacrificalas, porque ali non hai máis que tres cebadeiros: a actividade gadeira céntrase no leite porque, mália haber unha grande demanda, non houbo formación dabondo como para recria de becerros a grande escala. O da Estrada representa un caso típico de comarca con grande peso agrário e un pequeno sector indutrial -o móbel. Contra as necesidades do campo, non hai un sistema de capacitación agrária, pero si recebiu investimentos no relacionados co sector agrário, que este non pode satisfacer plenamente.

No rural galego apenas hai cursos de formación agrária, pero é moi fácil facersè especialista en informática

Hai un desfase entre a realidade do país e o deseño da formación ocupacional pola ignoráncia á que se somete ao agro. Se a porcentaxe de produción final agrária é do 35,8, os cursos para a formación agrária ocupan un lugar insginificante. A maiores, o reparto para o campo tamén se viu afectado por un factor de distorsión como o destino de fundos a organizacións a miudo locais e sen interese na formación agrária.

Se é complexa a relación entre a oferta de cursos no eido industrial e as necesidades reais, ainda máis difícil é para os parados atinar na escolla dun curso de formación que demande o mercado laboral. Esa contradición non se dá, en teoria, no campo, xa que no meio rural o autoemprego ten unha releváncia decisiva. A prática está por demonstrar pola auséncia dunha política de formación ocupacional agrária.

Os cinco convénios suscritos o pasado ano pola Xunta cos sindicatos agrários (20 millóns por cabeza), contrastan cos asinados a organismos de menor implantación: Patronato de Turismo de Vigo (25 millóns), Rio Lor (43 millóns), Xóvenes Empresários Ferrol- As Pontes (50 millóns), concello de Mos (116 millóns), Tui (86 millóns), Lalin (57 millóns), Viveiro (41 millóns)...

En canto aos contidos, as dez especialidades máis impartidas no 1993 foron: albaneleria (77 cursos), modisto de corte e confección (49), fontaneria (48), aplicacións informáticas de oficina (41), xardineria (43), carpinteria (38), aplicacións informáticas de xestión (35), canteria (34), auxiliar de axuda a domicílio (33) e auxiliar de enfermeria xeriátrica (31). Nengunha destas actividades ten relación co agro.♦

TINO VIZ
A formación no manexo de maquinária agricola, tan necesária para evitar accidentes, apenas é contemplada nos cursos que se imparten en localidades do rural.

IGREXA E SOCIEDADE

Hábil no trato cos poderes públicos nunca se decidiu a integrarse na sociedade galega

Rouco Varela, un arcebispo gris, que non se botará de menos en Compostela

■ M.V.

Contra o afirmado polo presidente da Xunta e polo alcalde de Santiago, a marcha de Rouco da diócese compostelá non deixa un valeiro difícil de encher. Os once anos de arcebispado mostraron a un home tímido, conservador, con certa capacidade negociadora e organizativa, pero escasamente brillante e sobretodo carente dun compromiso nídio coa cultura galega.

A visita do Papa Xoan Paulo II é un dos éxitos no haber de Rouco. ANXO IGLESIAS

Despois dunha longa batalla diplomática, Angel Suquia xa ten sucesor á frente do arcebispado madrileño. Os dous anos de espera viñeron provocados polas complexidades que se derivan da praza capitalina. Na eleición do até agora responsabel da diócese compostelá, Rouco Varela, pesaron sobre todo as suas dotes diplomáticas e a sua capacidade para as relacións políticas.

António Maria Rouco Varela ten 58 anos de idade e despídese de Compostela despois de 17 de estáncia, seis deles como auxiliar e once como arcebispo. É a sua unha formación de xurista, moldeada en Alemánia, que o dotou dunha salientabel capacidade de organización, dirixida con preferéncia ao eido burocrático. En Santiago tivo éxito como negociador e demostrou un hábil talante para as relacións cos poderes públicos, mália que a sua ilusión de que se constituise unha democrácia cristiá na esfera política, non chegou nunca a estar no horizonte do posíbel.

No seu haber contabilízanse tamén éxitos pontoais como a visita do Papa en 1983 e a celebración do Ano Santo, unha década despois.

Como Suquia, foi sempre partidário dun labor de contención, dedicado a manter o *status quo*; se ben, a diferéncia deste, optou por non interferir na prática da própria Igrexa, en canto non chocase con intereses políticos. Certa marxe de liberdade, polo tanto, pero tamén pasividade ante os conflitos internos e externos, caracterizaron a etapa de Rouco. As polémicas de Camariñas, San Xurxo de Sacos ou Verin deixaron ver unha ausséncia de guia e unha palpabel indecisión por parte do responsabel compostelán.

Igrexa de Galiza, pero non galega

Desde dentro da Igrexa galega destacanse os valeiros deixados por Rouco no eido pastoral. Unha Igrexa galega que o arcebispo non gostaba precisamente de denominar asi, preferindo o máis aséptico *Igrexa de Galiza.* Estes sectores critican a Rouco o ter estado ubicado xeograficamente en Galiza, sen chegar nunca a identificarse con ela. Desa postura derivaria o periodo de conscente estancamento que vive o traballo de inculturación e mergullamento linguístico no galego. O labor de Rouco foi sempre instrumental e lento: edición dun misal e bíblia en galego, pero nunca dinamizador.

Fraga e o núncio Tagliaferri

Se Rouco viveu alonxado do povo, mostrando un escaso interés por sintonizar cos fregueses, tamén é certo que contou con bispos que nunca lle fixeron sombra. Só o anticipadamente xubilado Arauxo ou, cun matiz arcaico, o seu sucesor Gea Escolano presentaron algunha vez certa *rebeldia.*

O novo arcebispo de Madrid non cumpriu en Galiza as esperanzas de poñer en práctica as teses do Concílio Pastoral de Galiza (1974-1978) e tampouco resolveu os conflitos entre o clero, caso da caixa de compensación.

Agora o sustituto de Rouco mantense nun secreto ben defendido polo núncio Tagliaferri, como nel é habitual. O precedente de monseñor Arauxo, sustituido por un non galego non aporta moitas esperanzas. Para Galiza serian boas as alternativas, do actual bispo ourensán, Dieguez Reboredo ou a de monseñor Peteiro, franciscano aperturista, hoxe ubicado en Tanxer.

As palabras de Fraga e Rouco, pedindo un bispo galego, semellan, máis unha vez, destinadas á galeria. Nen o un, nen o outro parecen ter interés en exercer nengun tipo de presión na practica. ♦

TAMPOUCO A IGREXA GALEGA É A CATALANA

MANUEL VEIGA

En séculos nos que ás ordes eclesiásticas estaban moi próximas ao poder e unha parte moi maioritária da cultura impartiase desde conventos e parróquias, sendo os cregos os seus principais axentes difusores, a Igrexa cargou sobre si a responsabilidade histórica de castelanizar Galiza. Asi, Chao Rego lembraba nun recente artigo que entre 1530 e 1830 só houbo en Galiza quince bispos galegos, repartidos nas cinco dioceses. É dicer, un por diócese e século. Non máis, polo tanto, do 15% dos bispos que tivo Galiza nese periodo procedian das camadas próprias. O intercámbio de destinos entre Galiza e as comunidades de fala castellana foi o cerne dunha estratéxia conscentemente desgaleguizadora, paralela, ben é certo, ao que sucedeu noutros eidos da sociedade, caso da nobreza. Cómpre anotar que tal proceso asimilador non foi igual en todas as comunidades nacionais sometidas progresivamente ao mandato español. De feito Cataluña contou até o franquismo cunha igrexa en boa medida catalanizada, que se dirixia aos fregreses no idioma que estes falaban.

A distáncia que Rouco mantivo co galego fan del un continuador de épocas anteriores, mália que amortiguado. Tampouco o necesitaba: o proceso castelanizador foi tan forte que abonda coa pasividade para que o galego sofra a sua marxinación definitiva. O último estúdio sobre *O idioma da Igrexa en Galicia*, reseñado no número 614 deste mesmo periódico, é claro ao respeito: o 70% das misas celébranse en castelán. Hoxendia, máis da metade dos directores dos centros de ensino relixioso existentes en Galiza son de orixe foránea.

> 'A distáncia que Rouco mantivo co galego fai del un continuador de épocas anteriores'

Compórtanse polo tanto como hipócritas os que agora despiden ao arcebispo de Santiago como se dun baluarte da nosa identidade se tratase. Piden agora Fraga e Rouco un novo arcebispo galego, pero ulo o seu compromiso real? Tampouco, neste senso, Fraga e Pujol, nen Rouco Narcis Juvany. ♦

FINANCIACIÓN DOS PARTIDOS

A cúpula do PP tenta evitar aparecer salpicada pésie á vinculación de Matutes

O caso *Brokerval* pon na pista da financiación da dereita

■ X.C.

Un fraude de perto de 60.000 millóns de pesetas, a desaparición do responsábel dunha financeira balear, Francesc Berga, e a urxente reunión da cúpula do PP para evitar ser salpicado politicamente, alertan dun novo escándalo de corrupción, que desta volta afectaria ao principal partido da oposición.

A axéncia de valores *Brokerval* con sede en Palma de Mallorca captou miles de millóns da selecta sociedade mallorquina, coa promesa de que reportaba mellores rendimentos que poñer os cartos a prazo fixo. O 6 de Xullo pasado púxose a primeira denúncia contra as actividades da inmobiliária, que evaporou centos de millóns que prometia investir en grandes proxectos inmobiliários, todos eles frustrados.

A investigación do grupo xudicial especializado en corrupción tivo acceso ao material informático de Brokerval, e apesar de Francesc Berga estar desaparecido, descobriu a clave segreda e puido ter acceso ao entramado de empresas que se extende por todo o território do estado.

Ao tempo a relación con Abel Matutes foi pechando o circo que vencellaria esta quebra coa financiación do Partido Popular. O Banco de Ibiza, que preside un curmán do eurodeputado Abel Matutes, foi unha das entidades fundadores de Brokerval, e o próprio Matutes ten accións no Banco.

A investigación non fixo máis que comezar e será levada polo xuiz Miguel Garcia-Castejón, pero xa provocou unha reunión da cúpula do PP que teme verse afectada nas suas triunfalistas expectativas, e que se reproduza o calvário do PSOE co caso Filesa. ♦

Abel Matutes.

7 DIAS

NESTA SEMANA

XOSE LOIS



■ Despois de denuncialo, a Xunta exculpa ao crego de Tamaguelos

O Governo galego declarou que Felisindo Rodríguez, o crego de Tamaguelos, non ten responsabilidade na adxudicación e realización irregular de obras en Castrelo do Val. O letrado do gabinete xurídico na Xunta en Ourense pediu o sobreseimento da causa aberta no xulgado contra o párroco, un empresário e dous funcionarios da Consellaria de Obras Públicas por non apreciar delito na sua conduta.

A irregularidade nas obras de Castrelo do Val, executadas antes de seren aprobadas, salfire a todo o PP e, máis concretamente, ao responsábel da consellaria de Obras Públicas, Xosé Cuiña. Mália iso, todas as responsabilidades desviáronse cara a Felisindo Rodríguez, que na sua comparecéncia diante da Comisión de Investigación do Parlamento declarou "normal" o feito de facer obras sen trámites legais. O PP, que anunciara as obras en campaña eleitoral, denunciou primeiro ao cura de Tamaguelos e agora pretende exculpalo.♦

■ O Banco de España retira as moedas de Franco

Dezanove anos despois de rematar a ditadura, o Banco de España comezou a retirada parcial das moedas antigas. Esta medida afecta ás moedas coa efíxie de Franco que seguen en circulación pero tamén a outras de emisión máis recente. O obxectivo é conseguir que só queden en circulación as moedas pequenas de 1, 5, 10, 25 e 50 pesetas, as de 100 douradas e as de duascentas grandes.♦

■ Morre en atentado da ETA o director xeral de Política de Defensa

O tenente xeneral Francisco Veguillas, director xeral de Política de Defensa, morreu nun atentado da ETA en Madrid o pasado Venres. No atentado, con coche-bomba, morreron tamén o seu chofer e un operário de *Los Ballets de Madrid* que estaba próximo ao lugar onde foi colocado o coche bomba. Os corenta quilos de explosivo utilizados provocaron unha onda expansiva que feriu a vinte persoas e destrozou trinta coches.

A Dirección Xeral de Política de Defensa fora ocupado anteriormente por Fausto Escrigas, vítima dun atentado da ETA o mesmo dia do ano 1985.♦

■ Apertura de expedente contra dous anticastristas por agresión

O Governo Civil de Pontevedra decidiu abrir expendente sancionador a José Ebelio Pérez Castañeda e Alberto Pérez Moreno por agredir a Jesús Hernández Alum, presidente da sucursal da empresa Flota Cubana en España. Os dous sancionados irromperon o pasado 9 de Xullo nunha festa de solidariedade con Cuba que se celebraba en Vigo e déronlle vários golpes na cabeza a Hernández Alum, que rematou no hospital. A agresión produciuse despois dos atacantes repartir durante todo o dia folletos de propaganda anticastrista pola zona onde se celebraba a festa.

Os denunciados pertencen á asociación *Titán de Bronce*, que se distingue pola sua crítica ao réxime cubano e xa teñen antecedentes de agresións, que adoitan padecer calquer entidade ou persoa que simpatice con Cuba e con Fidel Castro. O comunicado do Governo Civil tamén inculpa a Pérez Castañeda e a Pérez Moreno de interferir nas relacións internacionais entre Cuba e o Estado español.♦

ANXO IGLESIAS

■ A policia carga contra os estibadores do porto de Vigo

O pasado Luns, dia 1, á noite, a policia cargou contra máis de cen estibadores do porto de Vigo que vixiaban a chegada dun barco do Gran Sol para evitar a descarga ilegal. O armador do pesqueiro *Manuel Pérez Pan* quixo que foran os tripulantes do barco os que se encargaran do labor. Unha comisión sindical tratou de convencer aos pescadores de que non realizaran a descarga. Tras celebrar os estibadores unha asemblea, a policia comezou a cargar até dispersar aos traballadores fora da zona de descarga.

Dous traballadores resultaron feridos e Fetcomar-CCOO pediu explicacións ao Governo Civil pola atitude da policia. A presidenta da porto de Vigo, Helena Espinosa, segue sen facer cumprir a legalidade á que están sometidas as descargas portuárias polas sociedades de estiba e desestiba.♦

■ Agricultura non se compromete cos problemas do sector lácteo

A pasada semana a Consellaria de Agricultura anunciou o plano de abandono das explotacións lácteas diante dos sindicatos agrários. As cotas de produción dos gadeiros que deixaran a producción pasarán a un fundo de reserva que se repartirá entre os produtores activos. O Sindicato Labrego Galego non vai criticar, nos primeiros momentos, este plano anunciado polo conselleiro Tomás Perez Vidal se serve para non perder a cota de producción pero apontou a falta de alternativas diante deste proxecto.

Na reunión da Mesa do Leite, Tomás Perez Vidal desvinculouse dos problemas polos que está atravesando o sector lácteo de cara á campaña 94-95. Mália as retencións que están a sofrer as explotacións que superaron a cota e os impagos por parte das empresas, o conselleiro declarou que Agricultura non se comprometia a intervir. O SLG fixo un chamamento a que todo o sector leiteiro seguira producindo para garantir o seu futuro diante da falta de garantias que dá a conselleria de Agricultura.♦

■ Un membro da Plataforma do Miño ferido nun desaloxo

Daniel López Vispo, membro da Plataforma pola Defensa do Rio Miño, sufriu a rotura de duas costelas debido a un golpe dun policia municipal mentres xunto a outros compañeiros levaba a cabo un encerro no concello de Lugo. Esta asociación ecoloxista levaba xa vários dias protestando ante a Deputación e o Concello de Lugo pola ubicación do recinto ferial na zona do Palomar, á beira do Miño. Sofriron o desaloxo de ambos sítios asi como as acusacións de Cacharro Pardo, que os tachou de "grupo alborotador e violento", e o silenzo do alcalde de Lugo, Tomás Notario.

Todos os grupos da oposición criticaron ao PP pola actuación da policia municipal no desaloxo.♦

■ A política económica de Menem leva a outra folga xeral

O pasado Martes 2, Arxentina viviu unha folga xeral convocada polos sindicatos Congreso de los Trabajadores Argentinos e o Movimiento de los Trabajadores Argentinos. A penosa situación económica do país debida á política de redución inflacionária que abandeira Carlos Menem foi a desencadeante da folga. Segundo os convocantes, as consecuéncias laborais e sociais do programa económico do governo son insoportábeis para os traballadores, que viron como perdian ainda máis unha capacidade adquisitiva moi reducida nos últimos tempos.♦

■ O PP quédase só nas críticas á reinserción de etarras

O Partido Popular acusou ao Governo de ocultar os expedentes dos etarras que se atopan disfroitando do terceiro grao penitenciário. José Maria Aznar criticou a política de reinserción despois do atentado da ETA en Madrid o pasado Venres, e outro líder do PP, Federico Trillo, cuestionou a independéncia dos xuíces frente ao Executivo no canto de conceder o terceiro grao aos presos da organización independentista basca ETA.

O presidente da Generalitat de Catalunya e líder de CiU, principal aliado do Governo central, Jordi Pujol, atacou a Aznar por facer ese tipo de acusacións diante da prensa e non sentarse a discutilas. Para Xabier Arzalluz, do PNV, a atitude do PP na reinserción resposta á sua postura de ir contra o PSOE e contradi o pacto de Ajuria Enea. Izquierda Unida declarouse a favor da política de reinserción que está a praticar o ministro de Xustiza e Interior, Juan Alberto Belloch.♦

■ A disenteria nova excusa para a axuda *desinteresada* de Ocidente a Ruanda

Esta yez son 45.000 os ruandeses refuxiados no campo de Goma, en Zaire, que teñen en perigo a sua vida por unha epidémia de disenteria. Despois de fomentar as matanzas entre étinias en Ruanda, despois de provocar o desprazamento de centos de miles de ruandeses, despois de acinalos en campos de refuxiados nos que as condicións hixiénicas son inexistentes, agora Ocidente atopou unha epidémia de disenteria -antes foi o cólera- para xustificar a sua presenza en Ruanda e perpetuar o enfrentamento.♦

CONTROL PARLAMENTÁRIO

O organismo reuniuse tres dias antes de ser renovado por completo

Confirmouse o veto aos nacionalistas no Consello Universitário

■ CARME VIDAL

O Partido Popular, co siléncio do PSOE, consumou a exclusión do candidato nacionalista, Carlos Mella, para o Consello Universitário de Galiza. Na Comisión de Educación o presidente (PP) impediu que o portavoz nacionalista, Francisco Rodríguez, tomara a palabra o que motivou unha pergunta parlamentar por violación do regulamento.

O BNG foi excluido do Consello Universitário de Galiza na eleición desenvolvida o venres 29 de Xullo na Comisión de Educación do Parlamento na que saíron eleitos catro representantes do PP e un do PSOE.

O candidato proposto polos nacionalistas, Carlos Mella, quedou fóra nunha votación na que os populares consentiron a entrada do representante dos socialistas, Xosé Luis Méndez Romeu. No acto, o presidente da mesa denegou en sucesivas ocasións ao voceiro do BNG na comisión, Francisco Rodríguez, quen calificou o feito de "antidemocrático xa que o grupo ten dereito a unha intervención".

O Partido Popular fixo valer a sua maioria para eliminar a presenza nacionalista deste órgano desouvindo os compromisos consensuados con anterioridade polos tres grupos parlamentários. Segundo os acordos a que chegaran as forzas políticas, os representantes eleitos no Consello Universitário -ao igual que ocorreu noutros órgaos de control parlamentário quitado o Consello de Contas- rexirianse por un reparto proporcional, polo que lle corresponderian tres membros ao PP, un ao PSdeG-PSOE e outro ao BNG. Os populares incumpriron o pacto ao apresentar catro candidatos que conforman o 80% do total de eleitos, sendo o 20% restante para o PSOE.

Carlos Mella non puido entrar no Consello Universitário.

'Método de partido único'

Para Francisco Rodríguez no proceso "houbo unha cesión ao PSOE e unha clara agresión ao nacionalismo, por medo a ter unha voz discrepante que defendese un sistema universitário realmente galego e intercomunicado coa sociedade". O deputado do BNG sinalou que se estaba a asistir a un desprezo polo nacionalismo ao tempo que sinalou a intención da sua organización de "seguir traballando pola democrácia unha vez quede comprobado que os populares usan na cámara métodos de partido único".

Apesar de que a entrada do representante nacionalista non impedia o control do Consello pola maioria do PP, consumouse a exclusión, o que a xuizo dos representantes nacionalistas "non se trata dun veto persoal a Carlos Mella, senón de impedir a presenza nacionalista a calquer prezo. Segundo Henrique Tello "deste xeito marxínase aos 280.000 votantes nacionalistas, un eleitorado cunha importante porcentaxe de mozos e sectores menos favorecidos economicamente, que son os que teñen un especial interese na situación do noso ensino".

Unha reunión *oportuna*

Tres dias antes de se celebrar a sesión de renovación, o Consello Social da Universidade reuniuse para tomar decisións importantes sobre o mapa de titulacións e o reparto de investimentos. O Consello levaba vários meses sen se reunir e a presa de última hora foi argumentada por Piñeiro Permuy "porque no derradeiro Consello da Xunta hai que aprobar as novas titulacións". A renovación do Consello da Universidade retrasouse deliberadamente por parte do Partido Popular que, deste xeito, tivo mans libres para tomar as suas decisións. A disculpa utilizada para non renovar o órgano ao tempo que o Consello de Contas ou a Compañia de RTVG foi a discrepáncia no seo do PSOE para designar ao seu candidato. ♦

ANXO IGLESIAS

O *Opus* gaña posicións na Universidade, e a Xunta abre paso á privatización do ensino superior.

O *OPUS* E VILLANUEVA ENTREGAN A FRAGA O TROFEO DE CAZA DA UNIVERSIDADE

XAN CARBALLA

Fraga non cobra pezas nos Ancares, pero antes das vacacións xa pendurou do despacho as cabezas entregadas polo Opus e a direita universitária encabezada por Dario Villanueva.

Retírase a Perbes o presidente *popular* logo de entregar o control da Universidade ao sectarismo. Na operación de longo alcance vese ás claras a man do *Opus Dei*, que conta xa coa titularidade do Reitorado da Coruña e por suposto da Conselleria de Educación, nas persoas de Meilán Gil e Piñeiro Permuy. A manobra culminou cunha decisión tomada pola brava que deixa espida a doble moral dos *populares*, violando a representatividade democrática e impedindo a presenza dun representante nacionalista no Consello Universitário. Reclaman en Madrid o que desprezan na Galiza.

O PP reclama en Madrid o que despreza: a representatividade equitativa nos organismos de control.

Nun ano de renovación eleitoral, non foi menor o envite xogado na eleición do reitor de Santiago. Un Dario Villanueva que contou con vários centos de millóns para repartir desde o seu posto, designado a dedo, de Coordenador de Literatura do *Ramón Piñeiro*, empoleirouse nun posto clave que denantes rompia a *hexemonización* popular. A operación tiña moitas garantias, pero pésie a iso o novo reitor compostelán tiña no peto a sua solicitude de traslado a Madrid.

A reunión do Consello Universitário de Galiza que aproba as novas titulacións e a recomposición do mapa universitário non tivo lexitimidade, porque se realizou a pé feito sen renovación dos representantes parlamentares.

A Xunta, unha vez atados os cabos díscolos, xa argalla a grande traca final na que se osma a segreda man dos numerários da *Obra*: a criación de universidades privadas, regulada por un decreto no derradeiro Consello da Xunta (29 de Xullo).

A Universidade Galega culmina asi un magnífico ano de elitización: supresión da titulación de galego na Coruña; bombardeo do Instituto da Língua; criación de órganos paralelos de investigación, con dotación supermillonária (*Ramón Piñeiro*); eliminación de rectores molestos e via libre ás universidades privadas. Cantas vontades se venderon nesta ocupación *popular*? ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente**:Xaquin Acosta
Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Vogais: Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Carlos Xohán Diaz e Manuel Veiga.
Secretário: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horácio Vixande, Anxo Iglesias (fotografia).

Correspondentes: Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), Carme Vidal (Pontevedra), H. Sanfiz (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Ratón (Vilagarcia), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortegal), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Diaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacin (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Manuel Pan (Bergantiños), Daniel Lazaré, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Begoña Moa (Alemaña), Gonçalo Nuno (Porto). **Axenda:** Iago Luca.

Colaboradores: Paula Castro, Arantxa Estévez, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, Maria Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carbajo, X C. Garrido Couceiro, Nanina S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Mella, César Varela, X. Fernández Mateo, António Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña.
Internacional: Xúlio Rios, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú.
Literatura: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. **Música:** Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Óscar Losada. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. **Cinema e Televisión:** Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Arquitectura:** Prácido Lizancos. **História:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz,, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délmi Alvarez, *Voz Noticias*, El Progreso.
Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscricións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rua do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

Teléfonos:
Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.



As contas de Don Felisindo

MANUEL CAO

Nas diversas sociedades existen uns valores sociais dominantes que informan o sistema político, o funcionamento das institucións e os quefaceres diários a nível social, político e económico. A contraposición entre o formal e o informal ten as suas raíces na solidez, garantías e continuidade do sistema político. Nas sociedades democráticas existe un consenso sobre as normas básicas de funcionamento e as reglas de decisión que non soen variar ao longo do tempo. Por iso, a maquinária da toma de decisións e os mecanismos correctores están engraxados pola practica e as experiéncias pasadas acadanos un alto grao de aceitación social. Noutras, en troques, as regras do xogo mudan cada pouco dificultando a sua aceitación e eficácia e custionándose continuamente a sua lexitimidade.

No caso de España estamos diante dun Estado moi diverso e inestabel desde o punto de vista político, económico e cultural polo que a informalidade conserva unha parcela enorme derrotando moitas veces á legalidade e cambiándoa. A contraposición entre eficácia e legalidade do cura X. Rodríguez ou entre legalidade e voto democrático poderá poñer os pelos de punta pero inscríbese nos valores dominantes da sociedade galega que son alleos e mesmo rexeitan ao Estado de Dereito. A clave está en que a Galiza ainda non chegou o Estado de Dereito que, como moito, só é coñecido de oidas por uns poucos ilustrados pero non informa ao sistema político galego. Por iso, Don Felisindo non era conscente de facer nada raro e fala de "chuminadas", pero tampouco F. Vázquez ve nada raro no parking de Mato Grande, nen a xente se preocupa excesivamente destas minúcias pois quen máis quen menos sabe como foron sempre as cousas.

> 'O aparato político-administrativo modela un tecido económico ineficiente, sumiso e incapaz de promover innovación algunha'.

As consecuéncias deste modelo de funcionamento son importantes desde o punto de vista económico. Para empezar, nun contexto de incurmprimento xeral das normas político-sociais —ainda sendo esta matéria regulada— é case imposíbel que o funcionamento económico se ateña a regras pola facilidade intrínseca do económico para furtarse de calqueira norma e polos benefícios privados, directos e inmediatos que se derivan dos incumprimentos en matéria económica. Se a isto lle engadimos que boa parte da actividade económica en Galiza depende hoxe do Estado as consecuéncias son que en vez de disciplinar o tecido económico ao aparato político-administrativo é este, dominante e hexemónico, o que modela e organiza un tecido económico inficiente, sumiso e incapaz de promover innovación algunha.

Non é fácil captar e definir con precisión as relacións entre o político e o económico, máis, se —como di R. Dahrendorf— a existéncia dunha economía de mercado non asegura a existéncia de democrácia política parece claro que a auséncia de economia de mercado si imposibilita a existéncia de mercado real pode porse en dúbida cando son Administracións Públicas viciadas as que determinan "politicamente" a asignación de recursos. Neste sistema político-económico real é no que encaixan e se entenden as contas de Don Felisindo e as de F. Vázquez, as caras rural e urbana dunha mesma realidade.♦

RECONVERSIÓN NO AGRO

ANXO IGLESIAS

A meirande parte das producións agrárias galegas baixaron no 1993.

As subvencións anestésian un derrumbe da produtividade

O *Informe Coren* di que a economia galega camiña asistida cara a bancarrota

■ A.E.

A economia galega, e en particular a que depende da producción agrícola, vive dos fondos públicos mentres perde a sua competitividade. Esta situación pode ter un remate desastroso dentro dunha Europa que prepara as suas defensas para unha competitividade crecente. O *Informe Coren 1993* advirte que o país pode acordar do soño producido polas subvencións nun estado de total desmantelamento.

A economia galega non acadou, entre 1985 e 1992, unha aproximación ao Produto Interno Bruto (PIB) e á Renda Rexional Bruta (RRB) meia por habitante de España. Praticamente mantívose na mesma posición relativa. Pero apesar de que o PIB só chega ao 85 por cento do nível meio español, a renda familiar disponíbel está só a meio ponto de distáncia da do resto do Estado. O informe anual de *Coren* di que a economia galega está de feito falseada polas prestacións sociais e as transferéncias.

Desta situación derívanse para o sistema económico galego duas incongruéncias: a primeira, que as estratéxias de solidariedade comunitária entren en conflito coas de descentralización; a segunda, que o fomento da competitividade, que é esencial no Tratado da Unión Europea, entre progresivamente en contradicción co sistema de asisténcias públicas. O resultado final deste proceso pode ser o dun tecido económico galego esfarelado a pesar de manter unha aparente boa saúde gracias ás cuotas.

No estudo saliéntase que o nível de vida da povoación galega dependerá a cada máis do sistema produtivo e do Produto Interno Bruto que del saia, asi como das axudas ao desenvolvemento, básicamente estruturais, proporcionadas pola Unión Europea. Ao mesmo tempo irá reducindo a sua dependéncia das transferéncias relacionadas cos ingresos e gastos públicos. "O centro de gravidade do desenvolvemento socioeconómico -di o informe- trasládase logo cara ao sistema produtivo: á inter-relación entre competitividade, crecemento económico e xeración de emprego".

Desde esta perspectiva ten importáncia particular que a maioria das producións agrícolas galegas baixaron espectacularmente durante 1993. A caida máis pronunciada é a do viño, cun 30,4 por cento seguida das patacas con 23,8. O caprino caeu nun 24,9 e o ovino nun 19,9 pero tamén experimentaron descensos a producción de carne de porco, de ave e de cabalo. A produción de ovos sofreu un descenso de case o 15 por cento.

A falsa competitividade

No que se refire á competitividade, o agricultor francés paga pola enerxia eléctrica que consume no seu traballo a metade do que o galego e un catro por cento menos por un crédito bancário. Nestas condicións, mal se pode falar de reto competitivo para o seitor agrário galego dentro da Unión Europea, segundo sinalou Manuel Gómez Alvarez, xerente de *Cooperativas Ourensáns (Coren)* na presentación do informe.

A pesar destas diferéncias básicas de custes entre as agriculturas comunitárias, agrandadas polas subvencións direitas ou intermediadas, tanto o xerente de *Coren* como o economista Gonzalo Fernández, autor do informe, consideran que a intensidade competitiva é a característica máis acusada do momento e o empresariado agrícola galego ten que se decatar da importáncia do cámbio. Manuel Gómez indica que só se pode facer fronte á competitividade crecente e á forte presión das transnacionais a meio dunha acción conxunta entre empresários e institucións. Ao mesmo tempo, seria preciso que os Estados comunitários admitisen correcións de solidariedade nos seus seitores agrícolas para que non se produzan desequilíbrios insalvábeis.

O economista Gonzalo Fernández, autor do informe anual *Coren*, recoñece que a edición de 1993 é critica por tratar dun tempo no que o cámbia é moito máis do que permanece. "Trátase dun cámbio xerador dunha grande crise e dun sensacional desconcerto que están penetrando en parte a cada máis esenciais das nosas vidas e que nos sumen nunha grande incertidume".

No estudo saliéntase que a economia galega mantén ben de características que a diferéncian dos seus entornos de referéncia, sobre todo dentro do plano da Unión Europea. A povoación galega medra a ritmo inferior que a meia española, por efecto dunha profunda depresión vexetativa. A pesar do paro da sangria migratória, por primeira vez desde 1936, e do retorno parcial de emigrantes na América e Europa, a poboación residente Galega só aumentou un 0,2 no periodo 1985-92, fronte un 2,5 na España.

O Conselleiro de Agricultura, que asisteu como invitado á presentación do informe, manifestou a sua discrepáncia cunha opinión pesimista de Gonzalo Fernández sobre o futuro da gandeiria de vacas na Galiza e salientou neste senso a importáncia da criación de imaxe de mercado da terneira galega.♦

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Paco Vázquez ergueu un monumento a Castelao nos Cantóns, co desaire de manter un topónimo ilegal. XURXO LOBATO

A Xunta non intervíra en once anos para tratar de que Vázquez cumprise a lei

A *Mesa* consegue que se galeguice o nome de A Coruña

■ XAN CARBALLA

Duas senténcias do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza deixaron en evidéncia a ilegalidade repetida do governo municipal de Francisco Vázquez, ao usar o topónimo castelanizado da cidade de A Coruña. O alcalde anúncia que recorrerá a senténcia no Supremo, pero para iso precisa a anuéncia do pleno municipal. O PP vese nun brete toda vez que a Xunta nunca tentou poñer as cousas no seu sítio.

Francisco Vázquez nunca esquencerá o mes de Xullo de 1994. Dunha banda o secretário das Xuventudes do seu partido apoiou unha manifestación do Bloque no Dia da Pátria. Doutra o Tribunal Superior galego deixou en fóra de xogo a sua teima castelanizadora, e obrígao a cumplir a Lei de Normalización Lingüística, que durante nove anos seguidos veu conculcando, tanto co uso do topónimo "La Coruña" como coa auséncia continuada do galego na documentación municipal.

As senténcias 606 e 607 de Xullo de 1994 condean por partida dobre. A primeira delas recolle a xustiza da reclamación da *Mesa* pola Normalización Linguística, que no ano 1992 reclamou que o concello normalizase o topónimo da cidade e o uso do galego, recibindo por resposta o siléncio administrativo. O TXSG insta ao concello a que "recoñeza e empregue como nome oficial o de A Coruña, en troque de "La Coruña", asi como que empregue o galego en todas as ordes oficiais: convocatórias de sesións, ordes do dia, mocións, votos particulares, propostas de acordo, etc.."

A Lei de Normalización Lingüística é taxativa ao respeito dos topónimos, e recoñece que non hai unha denominación "bilíngüe" senón unha única denominación que é estudada e certificada pola correspoondente Comisión de Toponímia, que nunca tivo dúbidas sobre a cidade herculina.

Rizar o rizo

Non conforme con ignorar estes preceptos legais, Francisco Vázquez presentou a sua própria denúncia contra o Ministério para as Administracións Públicas que inscribiu ao concello coa sua denominación lexítima: A Coruña. Vázquez enredou co xulgado co resultado dunha senténcia que se volve na sua contra.

O exemplo catalán é tamén de adecuada lembranza na hora destas duas senténcias felices para o galego. A Generalitat pediu que as denominacións das províncias de Girona e Lleida acadasen rango xeral, e conseguiuno coa Lei do governo central 2/1992 de 28 de Febreiro, que sanciona a decisión da Generalitat. A intención da Generalitat era evitar que no Boletin Oficial se dese unha duplicidade de nomes.

> 'A lei é taxativa ao respeito dos topónimos, e recoñece que non hai unha denominación *bilingüe*'.

A Xunta nunca fixo reitificar ao alcalde de A Coruña, amparado na sua coñecida política de "pax lingüística" que ten como resultado que sexan as organizacións de base as que reclamen o cumprimento da Lei. A senténcia tamén pode servir de modelo para esixir reitificación ao Ministério de Obras Públicas que moitas veces usa na rotulación das estradas topónimos castellanizados, ou para xornais como "La Voz de Galicia" que teiman no seu libro de estilo en falar de "Orense" e "La Coruña" como excepcións ao cumprimento da Lei de Normalización Lingüística.

Un desaire político

A posición de Paco Vázquez mudou moito desque se iniciou este proceso que se prolonga desde hai nove anos. Desde o acastelamento político na Coruña, até a secretaria xeral do PSdeG houbo un treito longo. A *Mesa* na sua valoración da senténcia pede ao Comité Executivo do PSOE galego aclaracións "fixando a postura e desautorizando publicamente a Paco Vázquez, na medida en que o PSOE debe ser coerente coa lei de Normalización lingüística, aprobada coa totalidade dos votos dos deputados socialistas no Parlamento galego. (...) A Executiva do PSOE debe saber que a imensa maioria das bases do seu partido, ao igual que a práctica totalidade da povoación galega están a prol da galeguización da nosa sociedade".

A *Mesa* insiste en que é fraudulento aprobar unha lei para despois incumprila por sistema, "a función dos deputados é exercer a soberania popular. O contrário é facer corrupción ideolóxica ao esquecer as obrigas de cumprir co mandado pola vontade popular, usando os cargos para non cumprir as leis que eles mesmo aproban".♦

BIENAL 23 DE ARTE
PONTEVEDRA
EXPOSICIÓNS
1 AGOSTO - 11 SETEMBRO 1994

JUAN USLÉ
PALACIO PROVINCIAL

NOVOS MESTRES ALEMÁNS
PALACIO PROVINCIAL

ÁREAS DE SILENCIO
MUSEO PROVINCIAL - EDIFICIO SARMIENTO

VIRXILIO BLANCO
MUSEO PROVINCIAL - EDIFICIO SARMIENTO

NOVOS VALORES
TEATRO PRINCIPAL

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA

CONFLITOS NO MAR

A VISTA GORDA DA U.E. ANTE A ESPOLIACIÓN DO BONITO

ALFREDO LOPEZ

Desde as nosas butacas particulares e diante dun rico prato gastronómico, que quizás poida ser de túnido natural e aderezado con ensalada ou ensaladiña, observamos de reollo no televexo unhas batallas navais tan temidas como anunciadas. Non estamos a ver unha película de veleiros belicosos do medievo, nen sequera un combate entre fragatas e destructores, estamos a presenciar un man a man entre civís en pleno océano atlántico, nos albores do século XXI, onde todos, incluídos nós, os impasíbeis espectadores, somos os vencidos.

Como é posíbel que poñamos en marcha campañas en defensa dos golfiños do Pacífico e deixemos morrer o Atlántico? Tan dura temos a pel como para que este conflicto non nos empape? Ou acaso vivimos, unha vez máis, de costas ao mar?

Hai máis de catro anos que as flotas francesas e doutros países do norte capturan bonito coa arte das redes de deriva, estas redes son verdadeiras cortinas de morte de moitos quilómetros de lonxitude. As reiteradas protestas dos boniteiros galegos, astures, cántabros e bascos fixéronse ouvír no Atlántico pero cairon no saco roto dos organismos europeos.

A media das lonxitudes das redes ate o ano pasado era de 7,5 Km. A pesar da limitación da Comunidade Europea a 2,5 Km de lonxitude, a realidade actual é o incumprimento desta ordenación. A CE, que tanto se airea na defensa do medio ambiente, non é capaz de proibir nen controlar esta captura destructiva, sempre por presións económicas dos países máis poderosos, teñan ou non barcos.

O enorme dano que causa este método no mar reflíctese en que o 14% das capturas corresponden a outras espécies diferentes, na súa maioria quenllas, que son tiradas pola borda por non ser obxecto de explotación. Tamén hai unha perda de redes que causa moitos problemas á navegación ademais de seguir matando indiscriminadamente. Por outro lado, sempre hai unha perda dos peixes enmallados a causa do movemento do pano que pode ser dun 10% nos dias calmos e de ate un 70% nos dias de temporal, polo que a morte real é sempre maior que a controlada. A mortandade de cetáceos é das máis importantes do mundo, cunha media de 11 cetáceos mortos cada 100 Km de rede, valor máis alto que no Océano Pacífico, sendo na sua maioría golfiños fémias e crías, pero tamén cachalotes e baleas. Existe unha posibilidade de que algún dos grandes cetáceos que aparecen mortos no verán frente as costas de Galiza, seis no verán de 1993, proveñan desta pesqueria. Na campaña do 1992 estimouse unha mortandade de 2.000 cetáceos nas redes de deriva francesas.

> 'Como é posíbel que poñamos en marcha campañas en defensa dos golfiños do Pacífico e deixemos morrer o Atlántico?'

A influéncia deste tipo de capturas nas povoacións de túnidos non se fixo esperar e, nun curto período de tempo, foi observada unha reducción das capturas, unha reducción no talle dos exemplares e un cámbio nas rotas migratórias do peixe. Este cúmulo de danos ademais de poñer ao borde do abismo o equilíbrio ecolóxico do Océano Atlántico, pon en perigo a supervivéncia da flota boniteira do Norte Peninsular.

Esta flota está composta por unha 600 embarcacións, 70 galegas, con máis de 7.000 tripulantes, e utilizan artes de anzol selectivas (a cacea e o curricán) que propician o aproveitamento do recurso sen esgotalo e sen destruír o ecosistema. O xeito de captura destas artes tira o máximo rendemento da captura, xa que o peixe sae vivo do mar e non hai perda de exemplares. Nas redes de deriva a calidade do peixe é menor xa que o peixe loita ate a extenuación, raspándose a pel contra a malla, podendo pasar dez dias ate que son recollidos.

Fago un chamamento de atención e de solidariedade neste conflicto longo e perigoso, que non é máis que a defensa dunhas artes e unha cultura que respeta a vida dos demais seres do mar que non son obxecto da pesquería, frente a unha explotación irracional, indiscriminada e destructiva que responde exclusivamente a intereses que nada teñen que ver coa conservación dos recursos. Cómpre facer un chamamento de solidariedade a aquelas peles sensíbeis para non deixar caír un sector máis neste país tan maltratado, un chamamento pola conservación dos seres do mar, incluídos os que tripulan os boniteiros do Norte. O dia que o consigamos saborearemos ainda máis o prato que sinalabamos ao princípio.♦

ALFREDO LOPEZ é membro do CEMMA (Coordinadora para o Estúdio dos Mamíferos Mariños)

MUDANZAS NA RELIXIÓN

SANT-IAGO, UN PADROADO SIGNIFICATIVO?

TEN ESA RELIXIOSIDADE ALGO QUE DICIR NA *SOCIEDADE DO COÑECEMENTO*?

FRANCISCO CARBALLO

Dentro do catolicismo galego saltan á vista tres formas institucionalizadas de vivir a fe: o catolicismo popular, a minoria cristiá inculturada e as pequenas comunidades neocatecumenais. A xerarquia súmase moi a gusto ao catolicismo popular. Súmase e domínao v.g. introducindo nel os seus intereses eclesiásticos e a concepción autoritária.

Miguel Morillas acaba de publicar unha sinopse da sua tese doutoral co título de *A sociedade do coñecemento*. A análise que fai de tal sociedade é un pretexto para interrogarse sobre a posibilidade da relixión nesta sociedade emerxente.

Como características de tal sociedade enumera Morillas as seguintes: é unha sociedade científico-técnica. A sua economia ten o centro na información. Unha sociedade cunha nova forma de produción. "Se isto é certo, como aconteceu en estádios culturais anteriores, transformaráse o sistema de representación, interpretación, organización e valoración da realidade".

Unha sociedade moi dinámica. De aí que o sentido das ideoloxias e o cadro de valores xa non é o de fixar estruturas estábeis e universais, senón o de ser motor de coesión social e de novos procesos de descubrimentos personais; "a vida do grupo garantízase mais pola criazón e a innovazón que polo mantemento de vellas estruturas".

Que tal modificación social está a aparecer na Galiza está á vista. Iso interroga por igual ás tres formas devanditas de igrexa. As *comunidades neocatecumenais*, "kikos", focolaris, juventudes organizadas de ordes relixiosas etc. aparecen como redutos de protección: crian formas de defensa e logran entusiasmar aos seus membros durante a adolescéncia. Xustapón as arcáicas concepcións relixiosas coa ciéncia actual; o perigo de esquizofrénia é visíbel.

O catolicismo popular está en medre: santuários abarrotados, peregrinacións, capelas restauradas... Todo o espazo máxico e mítico que a igrexa toleraba, agora manda, recibe lexitimación. Asi as masas satisfán a sua necesidade de seguridade: ten un Deus ou un santo domesticados, o fetiche ao que someterse. Canto pode durar este "revival" relixioso como mecanismo de seguridade? Creo que pouco; a mentalidade científica emerxente ha de eliminar esta forma cristiá obscurantista. Por aí os "santos milagreiros" teñen pouco futuro e os "xornalistas" de meigallos van quedar sen temática. Dicer isto non conleva a desaprobación da relixiosidade popular senón da maneira coxuntural "restauracionista"de aproveitala.

> 'A xerarquía súmase ao catolicismo popular introducindo nel os seus intereses eclesiásticos e a concepción autoritária'.

A RELEVANCIA DE *IRIMIA*

Queda a *minoria cristiá aperturista ao saber,* inculturadora do cristianismo á realidade galega. Saben estes cristiáns galegos que a sua tarefa é difícil: hai que recriar desde as raices unha *simbólica,* repensar as afirmacións cristiáns. Saben que o "pecado orixinal, a virxinidade, a imaculada concepción, o patroado de Sant-Iago" etc... carecen hoxe de significación; non aportan nada ao cadro de valores que precisa esta sociedade. A criatividade das *comunidades Irimia* é real; está concentrando a milleiros de fieis nesa busca de sentido do relixioso como parte da dinamización e liberación da sociedade galega. Teñen en contra o peso histórico da Igrexa oficial española e romana; teñen en contra a desconfianza dos bispos, algun en guerra aberta contra esta galeguización do relixioso.

Pero o feito *irimego* é de máxima relevéncia: resgata o relixioso como dimensión humana; parte do simbólico como mediación expresiva; do simbólico enraizado no fondo mental galego, alí onde non se deu ainda o diálogo fe cristiá e relixiosidade própria.

Desde este intento cabe esperar que a sociedade galega conte cunha dinámica relixiosa liberadora: un cristianismo no que os dogmas son repensados en diálogo coa cultura deste país, o cadro de valores próprio da tradición cristiá convive co das diversas tendéncias e o sentido global da existéncia acha na fe cristiá un apoio á sensatez criativa de paz e humanización. A pesar das contradiccións entre catolicismo popular, o das comunidades neocatecumenais e o dos irimegos, hai nos tres a convicción do valor relixioso da existéncia. O máis penoso a observar na Galiza é a fosilización que sofre a Igrexa galega na sua prática dominical e funerante -as duas dimensións culturais mais visíbeis-; institución que le estáticamente os textos e proclama unha moralidade reaccionária e despótica. Os dirixentes desta Igrexa son unha espécie de encargados de museo, ávidos dunha estética das cavernas; o peor da sua actividade é a función mediática ainda aceptada por parte da povoación: mediación autóritária que serve de tapón aos cámbios sociais emerxentes aos que urxe dar canle cara unha sociedade científico-técnica mais igualitária e libre.

A xerarquia clerical da Igrexa galega cre que todo vai voltar ao rego logo desta "moda" modernizadora. Insiste na rebusca de seminaristas, de congregacións españolas para cubrir os espazos abandonados, persevera en ritos introducidos acó pola contrarreforma española; todo menos aceptar esta *sociedade do coñecemento* na que a realidade é interpretada pola ciéncia, os cadros de valores teñen que ser consensuados, a conceptualización dogmática ten que ser repensada e reformulada e onde o *poder relixioso* é un estorbo a evitar. Nada logo a esperar de tal cúpula dirixente, pero moito da minoria cristiá que reelabora en diálogo a riqueza simbólica do cristianismo. *O padroado de Santiago poderia significar a primacia da Igrexa dos apóstolos como norma normante da actual* que, como aquela, abandonaria a sua orixe para inculturarse na terra de adopción, na Galiza.♦

EMPRESAS EN CRISE

Tres membros de *Álvarez* mantivéronse subidos a un depósito encanto Indústria non librou o crédito

Folga de fame nas alturas

Os tres traballadores de *Álvarez* estiveron en folga de fame sete dias. A. IGLESIAS

■ ARANTXA ESTÉVEZ

Tres traballadores do *Grupo de Empresas de Álvarez* permanecian desde hai máis dunha semana en folga de fame. Empoleirados no depósito de auga da fábrica de Cabral en Vigo, aseguraban que non baixarian até que se solucionara a situación da empresa.

A sinatura por parte do Ministério de Indústria do envio de 800 millóns para GEA foi anunciada o Martes 3. O mesmo dia, unha grua baixaba aos tres obreiros tras coñecer a nova. O depósito mide corenta metros e subir por el é perigoso. Mália iso, Manuel Daveiga, Alfonso Alonso e Ramiro Nuñez arriscáronse e ali quedaron desde a pasada semana. Desde entón estaban sen comer. Segundo eles mesmos din, a decisión de levar a cabo esta acción de protesta levou tempo pero consideraron que a situación de precariedade que estaban pasando requeriao.

A sua resistencia física é admirábel ainda que un deles comezou a ter problemas coa tensión. Eles prefiren non darlle importáncia á saude. "Estivemos todo o tempo vixiados por un médico, tivemos todas as atencións posíbeis", sinalan. Outros traballadores permanecian durante case todo o dia achegados ao depósito pendentes deles tres. Alguns compañeiros xa gavean como gatos á torre coa práctica de levarlle a auga e comprobar como se atopaban.

Confianza na viabilidade da empresa

Apesar das reunións entre directivos de Álvarez e do INI, estes tres traballadores amosábanse escépticos ante a vontade do Ministério por rematar coa sua situación e a dos seus compañeiros. "Chamounos Abel Caballero para convencernos de que baixaramos, que todo estaba solucionado pero nós non o faremos até ver os papeis do empréstimo asinados. Xa que subimos, non imos baixar sen nada", aseguraban.

Os oitocentos millóns concedidos non son a solución pero si marcan un comezo novo para a empresa. "Para o que valen eses cartos é para botar a fábrica a funcionar. Entran dentro do plan de choque que serve para discutir o futuro da empresa e para que a xente cobre estes cinco meses atrasados", afirma Ramiro Núñez.

Os traballadores que participaron na folga de fame confian nos empresários interesados en participar en Álvarez e na auditoria que faga a Xunta unha vez se poña en marcha a actividade laboral. "Se todas as fábricas fosen como Álvarez, non haberia crise porque cremos que ten viabilidade. O que acontece é que todo está deteriorado e temos as ameazas de levarnos a maquinaria", di Núñez.

Solidariedade entre os compañeiros

Para estes tres obreiros non é doado falar da penosa situación que están atravesando alguns dos traballadores de Álvarez. Xa non é o primeiro caso de cortes de luz ou de auga por impago. Nestes dias, os máis necesitados recibiron cheques procedentes das axudas doutras empresas ou da recadación do concerto que organizou a Plataforma de Solidariedade."Hai que porse no lugar destas famílias con fillos e non ter nengun ingreso durante médio ano", comentan eles.

Falan dos demais pero os tres tamén teñen família que manter. Ramiro Núñez leva vintecinco anos na empresa e ten fillos e netos. "Xa non son un rapaz para andar metido nestes barullos pero despois de tantos anos defendendo o posto de traballo, de andar metido en liortas, xa te ves capaz de calquer cousa".

Os compañeiros que arroupaban aos folguistas esperaban que todo rematara para que baixaran do depósito. Alguns pensan que ainda que a axuda estea aprobada, posibelmente terán que comezar a traballar durante un tempo sen ver nen un peso. A maioria olla cara a torre e láiase do que hai que chegar a facer para poder comer.♦

O CALVÁRIO DE *ÁLVAREZ* NO ANO DE LUÍS SEOANE

MANUEL VEIGA

No ano de Luis Seoane o Grupo de Empresas Álvarez está a dar o seu derradeiro alento. Para moitos a relación semellará caprichosa. Pero non o é. Na mente lúcida do nacionalista que foi Luis Seoane naceu a idea do Laborátorio de Formas de Galiza que daria pé á actual cerámica de Sargadelos. Desde os anos sesenta, Sargadelos, comandada por Diaz Pardo, outro perdedor da guerra, desenvolveuse con eficácia, con modernidade e con xeito, sendo hoxe un dos referentes empresariais máis identificábeis deste país.

O programa de televisión *Lingo*, que presenta Ramoncin, ten un pavo real de cerámica de Sargadelos como símbolo, ao tempo que fogares e mesmo cafeterias adoptan as tazas do Castro ou de Sargadelos para o seu *menage*. Onde foi en canto a porcelana Santa Clara que se producia na factoria de Álvarez?

Un empresário privado vendeulle a empresa ao INI e o grupo foi tirando até que as orellas da UE non asomaron polo horizonte. Na Europa comunitária non están permitidas as subvencións públicas a empresas que ben pode rexentar o sector privado. Esa é a teoria, ainda que en Francia, Bélxica ou Alemaña, admite ás veces correcións, através das axudas indirectas. Pero Álvarez está inserida no sector produtivo galego e, dunhas máns a outras, non fai máis que peregrinar na procura dun "proprietário" que a enterre.

O franquismo, do cal Fraga é sucesor por filosofia e por práctica, exiliou a Luis Seoane e matou ao pai de Diaz Pardo. Cabezas lúcidas no país pódese dicer que quedaron poucas. Os militares fixeron a conciéncia a sua "limpeza étnica". Agora a Unión Europea pasa factura.♦

+ GUIA + MÉDICA +

Ramiro Fernández Pérez
MÉDICO
HOMEOPATIA E ACUPUNTURA
Rua Pi i Margall, 62 - 1º E
Teléfono 23 35 42 — 36202 VIGO

CLÍNICA MÉDICO D•E•N•T•A•L
N. ÁLVAREZ SANTAMARINA
E. DE FRUTOS MARTÍNEZ
AVDA. DA FLORIDA 9, 3º - TELF. (986) 20 58 85
36210 VIGO

Andrés González Míguez
MEDICINA INTERNA
Especialista en Aparato Dixestivo
Raios X
(CONSULTA PREVIA CITA)
Teléfono (986) 21 76 23
Rua do Paseo 29, 2º - OURENSE

É a túa decisión máis importante, elixe ben.
Interrupción Legal do Embarazo
(Autorizada pola Xunta de Galicia, Ministerio de Sanidade)
Un tratamento non profesional pode ocasionarte consecuencias irreparábeis. Ponte só en mans de profesionais con experiencia. En GELME contarás cos medios máis avanzados.
ANESTESIA XERAL E LOCAL
GELME INSTITUTO MÉDICO
CLÍNICA DE DÍA. Urxencias 24 horas Telf (986) 48 10 17 VIGO

Non hai anuncio cativo nun semanário amigo
A NOSA TERRA
Telf. (986) 43 38 30

LATINOAMÉRICA A FERVER

Leonor Zabaleta

'A saúde, a educación e os servícios públicos tamén serven para colonizar aos índios'

■ AMANDA ÁLVAREZ

Na colombiana Serra Nevada, resístense e sobreviven á colonización cultural e ideolóxica, os Aruhacos, un dos moitos povos indíxenas que neste fin de milénio son víctimas da violéncia dun mundo que ve o diferente como un perigo.

Mentres devala o sol nas montañas de Serra Nevada, os Aruhacos observan a penosa vida da escravitude do progreso e reafírmanse en séculos de cultura na que a natureza ainda é amiga do ser humano. Integrados nun diálogo de respeto co seu medio, os povos indíxenas parapétanse fronte a devastadora cultura occidental e defenden a sua identidade, a mesma que exiben con orgullo, porque neste fin de milénio, para os Arhuacos, o futuro é índio.

Serra Nevada de Santa Marta está situada ao Noroeste de Colómbia. Neste lugar fronteirizo coa Península da Guajira e máis de cinco mil metros do nivel do mar, conviven diseminados en pequenos povoados os Arhuacos, Kogi e Arsarios. Ocupan só a terceira parte dun território que ten máis de dezasete mil Km2 de extensión.

Mentras os líderes Arhuacos se presentan en foros internacionais e viaxan por Europa transmitindo outras formas de vida e organización social, o povo da Serra, como sempre fixo, segue cultivando a terra, socializando os bens e tomando as suas decisións de maneira asambleária, mesmo cando algún membro da comunidade incurre en delito ou é necesário implicarse nun novo modelo de vida.

Leonor Zabaleta é unha coñecida líder Arhuaca. Recentemente visitou Madrid, onde pronunciou unha conferéncia nas Xornadas *Colómbia en Portada*.

A filosofia que defende esta loitadora indíxena resúmese nestas palabras: "Para nos é importantísima a relación que existe entre a comunidade que formamos e a Natureza. Os montes, os rios, os bosques e a terra moven a nosa vida". Unha das reivindicacións dos indíxenas Arhuacos foi a conservación da sua lingua. "A pesar de que a própria Constitución Colombiana recoñeceu este dereito no seu Decreto 11/42, moitas rexións de Serra Nevada dirixidas por misioneiros sufriron a imposición do español. "Na actualidade a educación nas nosas escolas é bilingüe. Pero temos unha gramática que nos permite entender mesmo as leis constitucionais na nosa própria lingua. Podemos ler e escribir en Arhuaco. Valoramos moi positivamente o traballo realizado polos mestres da primária que foron os responsábeis de recoller durante dez anos o material lingüístico co que agora temos".

Leonor Zabaleta sempre salienta nas suas intervencións, o grande esforzo realizado polos indíxenas na conservación da sua cultura. "As deficiéncias do Estado son moitas e estamos orgullosos de ter conseguido que se recoñeza, grácias a loita da nosa organización política, os dereitos que nun momento histórico nos foron arrebatados".

> 'Moitas rexións dirixidas por misioneiros sufriron a imposición do español'.

Zabaleta despois de estudiar a primária e o bacherelato, trasladouse á Universidade de Medellin no Departamento de Antioquia, onde na rama de saúde licenciouse en Odontoloxia. "Foi moi duro. Descubrin que despois de traballar sen horário os problemas dos meus pacientes non eran só o estado da sua dentadura, o verdadeiro conflicto era o resultado de como se atendian as comunidades indíxenas. Na Universidade eu xa vivira un certo rechazo por parte dos brancos pero non puderon conmigo porque era moi boa estudante e iso favoreciame. De todos xeitos este rechazo non o cheguei a vivir de maneira ofensiva".

Misións e tradicións

O reencontro de Leonor Zabaleta coa sua própria cultura ten lugar despois dos seus estudios universitários. "Na Serra Nevada co-existian duas situacións moi diferenciadas. A das famílias que vivian baixo a influéncia das misións e as outras consideradas tradicionais. Afortunadamente a miña família era pouco relixiosa (no participaba nas misións). Iso axudoume a recoñecer que eu tiña unha família na Serra totalmente Arhuaca e un pai que nunca aprobou que os seus fillos estudiaran cos misioneiros. Nese momento vino claro. Había que reforzar a nosa cultura. Pareceume moi importante fortalecer o tradicional e ver como iso repercutia nas outras rexións. Nese momento decidin establecerme na Serra Nevada, nunha das zonas onde a cultura tradicional seguia viva. Deste este lugar, onde vivo actualmente, conseguimos desenvolver un programa cultural que recuperaba os costumes tradicionais. Este programa convertiuse nunha extratéxia política de recuperación da nosa identidade como povo; de feito conseguimos insertar no Governo Nacional a ideoloxia dos Arhuacos. Pero para que chegaramos a esta nova situación, houbo moitos enfrentamentos, producirase un choque co sistema que nos colonizaba a través da saúde, da educación e dos servícios públicos".

Leonor Zabaleta ainda que puido acceder a unha cultura occidental, nunca renunciou a sua identidade, nen esqueceu as suas raices. Esta muller pasea por Europa ataviada coa vestimenta tradicional Arhuaca, a manta (vestido dunha soa peza) as sandálias, os colares e as cintas que o *mamo* da comunidade lle colocou nos brazos nunha cerimónia ritual. Evidéncia asi o seu compromiso. "Traballo no Movemento de Autoridades Indíxenas de Colómbia e esta actividade ocupa moito do meu tempo, pero manteño o meu labor dentro da comunidade como unha muller máis. Cando por razóns de traballo teño que viaxar, nada muda na miña casa. Os meus cinco fillos como o resto dos nenos indíxenas, teñen un elevado nivel de independéncia, dende moi pequenos. Por outra parte os labores da casa son compartidos co meu compañeiro. Os Arhuacos vivimos das colleitas da terra e do gando. As mulleres ademais tecemos as mochilas. Estas bolsas son elaboradas a base de nós de algodón ou lá. É habitual ver as mulleres tecendo as bolsas mentres camiñan pola Serra. Son moi laboriosas e tárdase meses en rematalas. Antigamente tamén confecionabamos as nosas roupas.

As casas son de adobe, non temos auga corrente, nen electricidade. Somos unha comunidade na que todo se comparte, é natural que os Arhuacos traballemos colectivamente nos labores das colleitas e que neste traballo participen os nenos sen abandonar nunca as horas que teñen destinadas para a sua educación".♦

Historia de Galicia

A DESAMORTIZACIÓN

Ramón Villares

PROXIMAMENTE Á VENDA

1-2 — **Historia de Galicia**, Varios autores.
3 — **A cultura castrexa**, Francisco Calo.
4 — **A romanización de Galicia**, Felipe Arias.
6 — **Os irmandiños**, Anselmo López Carreira
17 — **Movemento obreiro na Galiza de anteguerra**, D. Pereira (coord.)

EDICIÓNS A NOSA TERRA

AS COMUNICACIÓNS DO FUTURO

As caixas de aforros súmanse a este proxecto que competirá coas canles públicas

A telecomunicación por cableado integral nas redes urbanas, repartida entre *Voz* e *Faro*

■ G.L.T.

O sistema de telecomunicación do futuro privatízase antes de ser realidade: o diário *La Voz de Galicia* preside a segunda empresa fundada no país para a explotar as redes urbanas de cableado integral. A primeira foi *Vigocable SA*, fundada á instáncias do *Grupo Moll* editora do *Faro de Vigo*. O *Grupo Gallego de Empresas para el Cable, S.A (GECSA)* constitúese co apoio das Caixas de Aforros, do Grupo Pastor e da Telefónica para servir de intermediários a unha empresa de cabo norteamericana.

O principal grupo de presión da comunicación da Galiza, integrado polo diário *La Voz de Galicia*, as emisoras de *Radio Voz*, establecidas sobre licéncias de utilidade pública e a concesionária da TVG *Video Voz*, proponse contratar a traveso de *GECSA* a transmisión de sinal por cabo na Coruña.

Tanto esta iniciativa de *La Voz de Galicia* como a do *Faro de Vigo* revelan o fondo certo da reivindicación de exclusiva de domínio que os concellos da da Coruña e Vigo fixeran en Abril de 1993 fronte á Xunta, para amparar a concesión de gas en ambalasduas cidades. Defensores os dous governos municipais do PSOE da privatización completa de servizos, non se comprendia que reclamasen a distribución de gas. Pero non tardarian en saberse as verdadeiras intencións: nen a Coruña nen Vigo tiñan interese en reservar para o governo público a distribución de gas senón asegurarse a propriedade da rede integral de comunicacións que será instalada en paralelo aos tubos de gas.

En defensa da exclusiva de domínio dos concellos, as duas alcaldias invocaban princípios democráticos inapelábeis. O conselleiro de Indústria Xan Fernández, militar de profisión, amosaba un pobre coñecemento constitucional e retiraba a reivindicación da Autonomia sen pena nen glória. A defensa da natureza pública do servizo que facian os concellos, chocaba co mesmo discurso desde a Xunta. Pero as duas reclamacións eran plenamente falsas. O que a instáncia autonómica e as municipais porocuraban era converterse en intermediários para a concesión do gas e do cableado integral a nome de terceiros. Comprometida nunha carreira de privatizacións, a Xunta non podia denunciar as intencións reais, de sobra coñecidas, dos concellos.

A futura rede galega de transmisión por cabo xa está en mans privadas.

Tanto *La Voz de Galicia* como o *Grupo Moll* (editor do *Faro de Vigo* e sócio maioritário de *Vigocable*) producen audiovisuais pero carecen de emisoras e de sistemas de distribución. Estes programas comerciais caracterízanse por unha baixísima capitalización e unha calidade que ocupa as ringleiras finais do catálogo dos audiovisuais. Vendelos é práticamente imposíbel no mercado libre, agás que se teña parte do circuito de distribución.

Autóctono ou foráneo

Nen *Vigocable* nen *GECSA* instalarán o cableado integral da Coruña e Vigo. O investimento requerido para esta obra en cada cidade será superior aos doce mil millóns de pesetas. As duas empresas venden a sua capacidade de presión para intermediar contratos e reservarse unha parte da distribución de audiovisuais.

O enxeñeiro de telecomunicacións Xavier Alcalá valoraba os proxectos de cableado integral (ver *A NOSA TERRA* número 572) como unha ocasión única para desenvolver unha *rede de telecomunicación de área metropolitana*. Tanto polo esforzo do investimento como pola complexidade das obras de tendido, a rede de cableado urbano deberia conservar carácter de servizo público. Precisamente para bloquear esta revindicación lexítima (tanto na Coruña como en Vigo son concesións dos concellos) *GECSA* integra ás Caixas de Aforro de Galiza, amáis do Grupo Pastor (o *Banco Pastor* e *Fenosa*) *Televés* e *Antena 3 de TV* (na que tamén participa *La Voz de Galicia*). Os intereses galegos convocados para a operación invisten unha cantidade non superior á da empresa *La Voz de galicia* que se reserva a presidéncia da empresa. A vicepresidéncia é da *Caixa Galicia.*

Pero os intereses públicos que representan as Caixas submétense de feito a un proxecto plenamente privado de comunicación que nen sequer representará a un grupo galego de información. A pesar da sua apariéncia, *GECSA* será tan foránea coma o *Grupo Moll*.

As duas empresas competirán de feito coas canles públicas de televisión. Neste conflito de intereses, ás Caixas (das que son proprietários milleiros de titulares de cartillas e contas) apenas poderán defender a sua constitución de servizo público. Na defensa da língua e da cultura galegas, subordínanse mediante a operación de *GECSA* baixo a dirección editorial de *La Voz de Galicia.*♦

VIOLÉNCIA E DESCOLONIZACIÓN

As conversas de Xenebra non aclaran nada mentres se produce outra matanza

Indonésia mantén a ocupación do Timor Leste ante a pasividade internacional

■ H.V.

O réxime ditatorial que governa Indonésia e que mantén a situación colonial en Timor Leste, emprega unha dobre face no conflito. Por unha banda, monstra ambigüidade nas conversas de paz amparadas polas Nacións Unidas e nas que participa a oposición através de Portugal, e por outra banda a sua man continua a afogar a meio da represión, denúncia a oposición maubere.

As conversas de Xenebra de momento non conseguiron que o xeneral Suharto definise a sua verdadeira posición. A liberación de Xanana Gusmao, cuxa presenza é imprescindíbel para comezar un proceso e paz, non se produciu de momento e, até Xaneiro, data na que Xenebra volverá a ser sede do diálogo bilateral Indonésia-Portugal, non se saberá se accede, como pretendia a oposición timorense, a enfrentar conversas direitas cos timorenses.

Mentres no plano internacional a indefinición marca a política de Indonésia, no interior continua a represión contra calquer manifestación de disidéncia. Os mecanismos de imposición non só contan coa actuación militar.

Matanza

O último episódio contra os timorenses foi un ultraxe relixioso o pasado 26 de Xuño. A maioria da povoación do Timor Leste é católica e Indonésia é o máis grande estado musulmán do mundo. Cando os estudantes universitários pediron, en senllas manifestacións celebradas en Dili, capital da colónia, o 13 e 14 de Xullo, que os autores dos ultraxes fosen castigados, un feroz episódio represor causou tres mortes, trinta feridos e 23 desaparecidos. "Estes últimos son persoas asasinadas pero cuxo paradeiro ignórase porque son soterrados en fosas comuns", indicou Célio Gusmao, Secretário do Conselho Nacional Maubere para a Xuventude.

Célio Gusmao, Secretário Nacional Maubere para a Xuventude.

> 'Tres mortos, trinta feridos e 23 desaparecidos en Xullo despois dunha manifestación'

"É a ala militar radical da ditadura a que mantén a represión máis dura contra do noso povo", dixo Célio Gusmao, sobriño do carismático líder da oposición timorense. A família Gusmao é sistematicamente perseguida polas autoridades indonésias, mesmo a membros sen actividade política.

De todos xeitos, a violéncia contra os timorenses non consegue o efeito desexado e medra a oposición. "Na matanza do 13 e 14 de Xullo eles non podian disparar porque chamaban máis a atención, montaban moito barullo e daquela empregaron baionetas contra o povo", contou Célio Gusmao.

"A nosa loita é pola autodeterminación e a independéncia e a Igrexa ten unha grande relación porque defende moito ao povo, de aí que os estudante protestasen pola ultraxe do 16 de Xuño", explicou Gusmao.♦

RECUPERANDO A MEMÓRIA DE 1936

As Marias, unha história de insubmisión

Magdalena á unha en punto

Chámase Magdalena Fandiño, pero poucos en Compostela identifícana con iste nome. Ela e máis duas dos seus doce irmáns, Maria e Coralia, membros de unha família de tradición anarquista, foron alcumadas co nome das Marias ou o tamén ben coñecido alcume das *duas en punto.* Nen as suas tendéncias, nen os seus gostos no vestir foron aceitados polo señorio santiagués. A recente inauguración das esculturas no seu honor lembraranlle a Compostela as aldraxes ás que en vida foron submetidas.

XAN CARBALLA

A posguerra foi dura para "as Marías". Fame e humillación de todo tipo non faltaron na casa de Espírito Santo. Submisas e avergonzadas, ese era o papel reservado para unhas deshonradas mozas "del montón", como daban en falar as piadosas xentes da bempensante sociedade compostelá. "As Marías" non souberon ou non quixeron entrar no xogo; o prezo foi o escárnio e a soidade.

■ PAULA CASTRO

O vencellamento político, claro no caso dos seus irmáns, pero non tan evidente no caso destas tres mulleres, e a represión da muller no periodo franquista, marcaron a sua existéncia. Contan en Compostela que ás duas en ponto as Marias iniciaban o seu percorrido diário baixando polo Preguntoiro cara á Alameda, o que acabou por ratificar o mito que se estaba fraguando.

Atrevidas e burladas

O seu aspecto físico, atrevido de máis nunha época na que a muller que se peiteara arriscábase ao insulto público, resultaba case que insultante para as autoridades e persoeiros de releváncia local. Lembra Antonio Bernal as palabras de Magdalena cando descrebe ás suas irmás "paseaban impecábeis, maquilladas con afeites que elas mesmas fabricaban con azafrán, fariña e outros ingredentes que tiñan a man". Eran tempos difíceis para todos, e máis para as famílias marcadas polas suas coñecidas tendéncias políticas.

Así é que acabaron por ser personaxes populares, máis por escárnio que por admiración. Magdalena, a menor das tres famosas Marias, hoxe con 89 anos ás suas costas lembra como marcou á família a morte de Manuel, activista da CNT, tras da guerra civil, "elas non puideron esquecer ese terríbel acontecemento que che-

MEMÓRIA DUNHA FAMÍLIA ANARQUISTA

DIONISIO PEREIRA

Cando hai poucos dias o ex falanxista Torrente Ballester falou na TVG das "Maríias" como "aparicións celestiais, acordes coa máxia de Compostela", deixeino coa palabra na boca e apaguei o televisor. A arroutada viña porque desde que as coñecin, ainda sen saber nada delas, sempre tiven para min que o seu comportamento extravagante e descarado, agachaba un mundo de frustración e miséria. Máis tarde, cando me dixeron que eran irmás de Manuel, Alfonso e Antonio Fandiño Ricart, comprendín que a intuición ia por bon camiño.

"As Marías" pertencian a unha família moi humilde do bairro compostelán de Espírito Santo, e os seus irmáns eran de sobra coñecidos antes da guerra como destacados militantes da CNT. O maior, Manolo, era restaurador de imaxes, e comezou unha delongada andaina sindical no ano 1911, seguindo os pasos do seu mestre, o vello Pasín. Máis tarde, á fronte da "Regional Galaica" da CNT, acertou a manter a legalidade do sindicato durante os malos tempos da Ditadura de Primo de Rivera. Chegada a República, os mariñeiros de moitos portos do noso litoral atlántico, souberon das suas dotes de organizador desde o seu posto de responsábel da "Federación Regional de Industria Pesquera", a máis potente agrupación sectorial da CNT galaica. Agachado durante a guerra, retomou moi cedo a loita clandestina, asumindo outra volta desde 1945 a secretaria do comité da CRG, até que en 1947 se viu incluído nunha detención masiva de militantes que esfarelou por completo o sindicato e lle custou pasar cinco anos na sinistra cadea do Dueso, en Santoña (Santander). Manolo Fandiño morreu



> As suas estátuas parécenme unha boa homenaxe dispostas a receber en entrañábel e burlona efíxie as mesmas aldraxes que sofriron en vida

en 1978, pouco tempo despois de ser entrevistado por Margarita Ledo para *A Nosa Terra.*

Alfonso e Antonio, naceron cando Manuel comezaba o seu roteiro societário. Ao primeiro, pintor como seu irmán máis vello, cadroulle ser o secretário da Federación Local de Santiago na funesta xornada do 18 de Xullo de 1936. E como tal, argallou a expedición proletária que saiu en axuda dos antifascistas coruñeses un par de dias máis tarde. Despois da derrota, Alfonso fuxiu nun "bou" dende Muros á Francia, e dali retornou a zona leal para ser un dos animadores da "Federación de Agrupaciones de Gallegos Libertarios", radicada en Valencia. Alfonso viviu a posguerra na Coruña, cidade onde foi moi coñecido nos meios antifranquistas e na que faleceu hai catro anos. Canto a António, tipógrafo de profisión, coincidiu con Manuel no Comité da CRG que funcionou en Santiago até 1947, data na que foi detido. Botáronlle vinte anos, dos que cumpriu seis na pontevedresa cadea da Parda. Dali saiu para morrer aos poucos meses.

Podemos, pois, imaxinar que a posguerra foi dura para "as Marías". Fame e humillación de todo tipo non faltaron na casa de Espírito Santo. Submisas e avergonzadas, ese era o papel reservado para unhas deshonradas mozas "del montón", como daban en falar as piadosas xentes da bempensante sociedade compostelá. "As Marías" non souberon ou non quixeron entrar no xogo; o prezo foi o escárnio e a soidade.

Pero, ao cabo, as suas estátuas parécenme unha boa homenaxe: a rentes, a nosa altura, á altura de os "del montón"; dispostas a receber en entrañábel e burlona efíxie as mesmas aldraxes que sofriron en vida, como corresponde a todos aqueles que teñen a ousadia de non cumprir o rol que outros lles reservan. E mira por onde, sen facelo a pé feito e sen que ninguén se decatase, resulta que os vencidos e humillados, os esquecidos que nunca lle dan o seu nome ás ruas, teñen un monumento en Santiago de Compostela, a "Jerusalem de Occidente". Só lle boto en falta un detalle: Coralia e María tiñan por apelidos Fandiño Ricart. ♦

gou a transtornalas. A partir daquela decidiron non esquecelo e seguir reflectindo aquela época".

Probábelmente por iso Magdalena non aceita as versións que sobre elas dan todos os que se consideran lexitimados para tal. Non lle gosta a presunta reprodución de "As Marias", ainda que aos seus anos isto faina sentir importante. Magdalena afirma que as irmáns ian ben vestidas, con roupas que elas mesmas facian e que eran máis guapas. Non acepta nen o que se di nen o que se retrata.

Sen afirmar rotundamente que a escultura sintetiza todos os comentários que sobre elas se fixeron en vida, porque non deixa de surprenderse pola importáncia recén adquirida, si asegura con rotundidade que o que se está a decir en torno a elas non é tal. Sobre isto, un compostelán da época de Magdalena, comenta que "a verdade é que se pintaban demasiado, e por iso a xente as miraba mal. Elas non soportaban os comentários das mulleres, pero non lles importaba ser obxecto de comentários masculinos".

Manuel Fandiño, fotografado pol´A Nosa Terra no ano 78, pouco antes de morrer

Ademais, para moitos, que Maria e Coralia sexan homenaxeadas polas autoridades supón unha ratificación "das suas relacións coa xente de esquerdas, que é agora a que manda en Compostela". Por se non chegaba con "escandalizar co seu provocativo aspecto, elas eran de esquerdas", algo que resultaba reprobábel para un home durante o franquismo, pero inaceitábel para as mulleres.

Anarquistas por tradición

Sobre ista identificación política co anarquismo, Bernal pon en dúbida a sua explicitude, "Magdalena ten dito que elas políticamente non tiñan as cousas demasiado claras, a família era anarquista e iso era todo". Pero para a cidadania compostelá non cabe dúbida a este respecto, "o seu aspecto era *indecoroso* porque eran de esquerdas".

Durante a homenaxe feita o 15 de Xullo, con motivo da inauguración, houbo comentários sobrados sobre este tema. Torrente Ballester estabeleceu unha diferéncia clara entre as Marias históricas e as míticas. El conscientemente afirmou que se quedaba coas míticas, obviando a orixe política da sua atitude estética. O comentário feito por Antón Fraguas non foi máis afortunado, insistindo no seu aspecto provocador, ao afirmar que non admitian críticas, pero ben que lles gostaban os piropos dos estudantes.

Nengun comentário houbo sobre a represión constante a que se submetia á família Fandiño e a todas as famílias con vencellos antifascistas. A homenaxe tendeu a intensificar as burlas que sofriron, esquecendo en todo o momento durante a inauguración, as referéncias expresas ao contido político da homenaxe.♦

Londres quer dosificar a liberdade do Ulster

O semanário de Belfast **An Phoblacht** publica no seu número de 28 de Xullo os documentos de discusión interna do *Sinn Fein* sobre as últimas propostas do Governo británico. Despois de valorar positivamente o interese de Londres porque desaparezan as causas da guerra, os Republicanos sinalan os aspectos negativos da declaración de Downing Street. "Non estamos dacordo na afirmación de que o Governo británico carece de intereses estratéxicos, económicos ou egoistas no Ulster, como indica o documento, só por non mencionar o interese político británico. Doutra parte, a garantia da anexión non casa coa sua declaración de desinterese; despois de invocar o dereito dos habitantes da illa á auto-determinación, submete o exercício deste direito ao acordo entre as duas partes da Irlanda e pola *garantia do Estatuto de Irlanda do Norte*; os británicos non son quen de decidir de que xeito os irlandeses deben exercer o direito de auto-determinación; a declaración de Downing Street promete seguridades aos unionistas pero nada lle garante aos nacionalistas. (...) Identificamos estes aspectos negativos na declaración británica coa esperanza de que podan finalmente ser superados".♦

Castelao descoñecido

David Otero comenta no número de **O Correo Galego** de 2 de Agosto o inquérito de *A Nosa Terra* sobre o coñecemento de Castelao e a sua obra (publicado no número 631). "Seguen os desencantos. Seica o oitenta e nove por cento dos galegos e das galegas non saben quen escrebeu *Sempre en Galiza*. Tírese disto que soamente o once por cento si saben de tal. Agardemos que o espácio dos enquisados non sexa espello da totalidade da poboación pois do contrário as cousas son máis que preocupantes. E , por seguir tirando, vese que o dous por cento dos menores de vintecinco anos non queren, non saben quen é Castelao.(...) Unha vez máis, neste desencanto, nace a reflexión. As nosas organizacións civis, as persoas de todo tipo, nas nosas casas, igrexas, postos de traballo, colexios, universidades, praias e romarias, vilas e cidades, á par do escaso facer institucional (e falo tamén de concellos e governos civis), deben sentírense magoados, cando non frustrados, por estes números que explican realidades que dan calafrios".♦

Atrancos do capitalismo na Rúsia

O **New York Times** do dia 31 insire unha crónica da sua delegación na Moscova na que dá conta da creba do fondo de investimento máis popular da Rusia, o *MMM*. "Dez mil accionistas da primeira inversora rusa, que se declarou en creba Venres, romperon a pedradas a sede central da compañía despois de fracasaren no seu intento de recuperar os cartos. Os afectados poden ser dez millóns de accionistas. Despois da promesa de recomprar accións a sete mil pesetas cada unha, a empresa rectificou Venres para recortar o prezo até sesenta pesetas. Sergei K. Dubinin, ministro de Facenda dixo que o fondo de investimento *MMM* non era máis ca unha pirámide clásica. Os prezos das accións experimentaban un aumento constante a causa do constante número de compradores novos. A empresa non daba conta de beneficio nengun nen tiña estratéxia financeira. Pero a moitos inversores non lles tiña conta. A pesar de o Governo facer várias adverténcias e por moito que Boris Ieltsin declarase nunha conferéncia de prensa que non tiña pensado mercar accións de *MMM*, a demanda seguia en aumento. (...) Segundo economistas consultados por NYT o efecto negativo previsíbel desta creba será que a xente se volva de costas á libre empresa antes que cheguen a saber que significa o risco e a recompensa. Stanislav Shatalin considera que a creba fará que a xente perda confianza na economia de mercado".♦

A. ZEMLIANICHENKO

A NOSA TERRA ENCADERNADA 1978 - 1993

(16 TOMOS)

Tomo I	1978	4.000 pta	☐
» II	1979	» »	☐
» III	1980	» »	☐
» IV	1981	» »	☐
» V	1982	» »	☐
» VI	1983	» »	☐
» VII	1984	» »	☐
» VIII	1985	» »	☐
» IX	1986	» »	☐
» X	1987	» »	☐
» XI	1988	6.000 pta	☐
» XII	1989	» »	☐
» XIII	1990	» »	☐
» XIV	1991	» »	☐
» XV	1992	» »	☐
» XVI	1993	8.000 pta	☐

A coleición completa (16 tomos) ao prezo de 68.000 pta!

FORMA DE PAGAMENTO:

Para a coleicion completa

☐ Ao contado (cheque)

Domiciliación bancária: ☐ 3 recibos de 22.667 pta.
☐ 6 recibos de 11.334 »
☐ 12 recibos de 5.667 »

Para tomos soltos

☐ Ao contado (cheque)
☐ Domiciliación bancária
(até un máximo de tres recibos sen custe financeiro)

Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas: APARTADO DE CORREOS 1.371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

NOME ..... APELIDOS .....
.....
ENDEREZO .....
..... C.P. ..... TELÉFONO .....
POVOACIÓN ..... PROVÍNCIA .....

Pago domiciliado (cubrir dos dados do boletin adxunto)

BANCO/CAIXA ..... CONTA/LIBRETA Nº .....
TITULAR DA CONTA/LIBRETA .....
..... Nº SUCURSAL .....
POVOACIÓN ..... PROVÍNCIA .....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Cuturais Galegas S.A. (A NOSA TERRA)

ATENTAMENTE (SINATURA) DATA

A ALDEA GLOBAL

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis (Felipe González)

Un inquérito, realizado en vários paises, oferece os seguintes datos: Tres de cada catro norteamericanos cren nas miragres relixiosas. O número dos que cren no diaño e na **resurreción** e tamén moi elevado. Cifras tan elevadas só se repiten nas mezquitas iranis e entre as vellas de Sicília.

Non hai datos, pero si indícios suficientes para supoñer que o governo francés cambiou presos de ETA por vagóns de tren de alta velocidade. Catrocentos mil millóns teria aforrado o governo español de ter recurrido ao *Talgo*, igual de eficaz e español. Agora sospeitase que a folga de controladores de Marsella e Aix-en-Provence, culpabel de colapsar o aeroporto de Mallorca foi un xeito de **presionar** no conflito dos boniteiros.

Adeus a un sindicalista galego na Arxentina

O 3 de Marzo pasado o grémio gastronómico e o movemento obreiro arxentino en xeral sofriron a perda do compañeiro Manuel Moreira, ex-secretário xeral do Sindicato Gastronomico. O 30 de Agosto de 1993 celebráramos os seus vizosos 87 anos, vividos con nobleza. Exemplo luminoso de decéncia, dignidade e entrega activa á loita solidária pola mellora meterial, social e moral do povo en xeral.

Foi detido, torturado, encadeado e despedido, pero nada pudo afastalo da loita nen quebrar a sua moral

Nacera en A Coruña (A Coruña), pero emigrou moi novo a Brasil e posteriormente á Arxentina e en ambos paises participou de xeito destacado no movemento obreiro e popular, o que lle valeu todo tipo de persecucións por parte de ditaduras e patronais reacionárias. En reiteradas oportunidades foi detido, torturado, encadeado e despedido dos lugares de traballo e fustigado permanentemente. Pero nada puido afastalo da loita nen quebrar a sua moral.

Ao fracasar cos seus métodos violentos, o inimigo de clase tentou subornalo, oferecéndolle cartos, poder e priviléxios de toda caste. Foi de balde, porque Moreira non tiña prezo e mantívose fiel aos seus princípios e aos traballadores que representaba.♦

HEITOR YEBRA
(BUENOS AIRES)

Aclaracións á *Carta a Laiovento*

Non sei se é ignorância ou ma fe a que levou ao autor de "Carta a Laiovento" a verter tanto veneno baixo a triste roupaxe da confianza atraizoada, mais sexa o que for merece unha resposta.

Por se é ignorância, vou-lle aclarar algunhas cousas que quizá non saiba. As grandes vendas do libro galego, como todos sabemos, só se dan naqueles textos relacionados co ensino, e de momento, por desgrácia, nen as *Prosas de combate e maldicer* nen *Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza*, nen *Sempre en Galego* son de leitura obrigada no Bacharelato, nen sequer na única universidade galega que ten a especialidade de Galego-Portugués. E ao mellor tamén ignora que as subvencións están limitadas a aqueles libros escritos en normativa oficial. Xa que coñece os 48 volumes editados por Laiovento, bote contas.

Como non gosto de viver enganada, agradeceria-lle moito que me informase dos enormes beneficios que están conseguindo os executivos de *Laiovento*, porque son das inxénuas que acreditan en que non cobran absolutamente nada. Por outra parte, se realmente colabora cos movimentos galegos de solidariedade con Cuba, pergunta aos compañeiros da zona da Coruña. Pode levar unha surpresa. E falando de solidariedade cos povos periféricos "que defenden a sua soberania nacional", volva a repasar os 48 volumes e conte os que defenden a soberania nacional galega e responden a "un proxecto social, económico, nacional e intelectual" propriamente noso. A solidariedade comeza polo máis cercano.

Mais por se o que habia na *Carta a Laiovento* era mala fe, supoño que as próximas aclaracións lle chegarán dos movimentos de solidariedade con Cuba, que non dubidaron en recorrer a Francisco Pillado cando precisaron dun tradutor desinteresado que non manipulase a mensaxe de Fidel Castro, e a continuación virán as dos autores que seguirian no anonimato de non existir *Laiovento*, porque estas son, simplesmente, as dunha leitora.

E a respeito desa negativa da editorial a publicar outro libro sobre Cuba porque "non resultaria rendábel", adiante!, diga quen o fixo en nome de *Laiovento*. De verdade cre que é rendábel editar un ensaio? Pensa que o grande público lé reflexións sobre Magritte ou cantigas medievais? Ou é que *Laiovento* publica na clandestinidade "best sellers" que descoñezo?

Volva repasar os 48 volumes e conte os que defenden a soberania galega

Parece-me moi ben que non estexa de acordo coa imaxe de Cuba que dá Miguel Sande, e que o diga. Vale. Mais non acabo de entender porque quer que *Laiovento* instaure a censura. Non abonda xa coa que sofrimos? Ten claro quen é o seu inimigo? Ou é que a punxente voz da confianza atraizoada é máis efectiva que un ataque directo facilmente identificábel?♦

LAURA TATO
(NARON)

Contra o embargo cultural á Galiza

Esta carta que escrebo é para amosar o meu malestar por outra publicada a semana pasada por Igor Lugrís.

Naquela carta, este mozo emborca moitas maldades ideolóxicas (políticas ao cabo) sobre *Laiovento*, editora que hoxe representa o máis orixinal, atrevido, riguroso e comprometido coa cultura galega.

Dicer que *Laiovento* edita cousas que se amoldan ao discurso do poder é inxusto e pouco honesto

A primeira ruindade interesada é tratar a *Laiovento* como unha empresa-tipo, convencional, sabendo de sobras as dificuldades económicas dun proxecto deste estilo, inédito no noso país.

A segunda ruindade interesada é poñer-nos como comparación o libro dunha editorial foránea (que imaxino debe ser unha empresa, nonsi?) que edita todo en español e nunca falou da Galiza.

Ademais, hai unha inexactitude grave bastante xeralizada, que consiste en encadrar a Cuba no marco do Terceiro Mundo, e polotanto con todas as características próprias desta situación. Sen embargo, Cuba non é periférica a nível político porque é soberana e independente, mantén unha revolución apesar dun bloqueo de décadas e o seu modelo alternativo (socialismo) vale non só para o Terceiro Mundo, senón para todos os povos que andan a pescuda dunha organización social máis xusta.

Afirma Igor Lugrís que "Laiovento nunca publicaria un libro co-

LA GAZETTE DE L'AFIL

9 août 1993 - nº 7 - 0 FF - 0 Lur - 0£ - 0 $

Kazetaren xicharrik ez Gobel - News from the heart of the Festival - La Gaceta interna del Festival

Grand cru Macallan 1993

La Gazette vous avait proposé un blind pour le Macallan de grande connaissse, un double pour celui des quilles, et la Gazette ne s'était pas trompée. En galtz c'est José Manuel TEJEDOR qui a gagné et en bergipe c'est Mikael Murphy Finlandais qui est arrivé en tête comme en 1987 suivi de bes près de Kenny McLeod l'Ecossais du Glasgow Skye Pipe Band. Les Bretons peuvent être fiers que Hervé Le Floch'lasses partie du lot gagnant.

Et puis quel niveau, quelle mélbrse et quel profes-sionnalisme chez tous les concours qui ont contribué à faire de ce cru 1993 un excellent millésime!

Congratulations Michael

Congratulations to Michael Murphy, pipe-major of the Finglas/Skiddy Pipe Band for his second memorable victory in the Macallan trophy. Michael first won in 1987 and was runner-up in 1988. This year he also took first prize in both the Irish

Les gagnants des trophées Macallan : Mercedes PEON, Kenny McLEOD, Michael MURPHY et J.M. TEJEDOR

Loreena McKennitt la Canadienne du Festival

Mercedes Peón gañou o Prémio Macallan

A revista interna do Festival de Lorient, *La Gazette de L'Afil*, recollia no seu número 7 os gañadores dos prémios Macallan do 1993. Mercedes Peón foi unha das galardonadas, como eu afirmaba correctamente na revista *Ghaita*. É, pois, errónea a desautorización de Emilio Españadero no número 629 deste semanário. Velaí a proba gráfica.♦

OSCAR LOSADA
(A CORUÑA)

mo o de Dieterich". Pois ben, eu digo: *Txalaparta* non publicará nunca pezas clave neste país como as obras de Francisco Rodríguez ou Pilar Garcia Negro, claro que para esta persoa un libro ten o mesmo valor en galego que noutro idioma.

Porén, o máis ferinte da carta de Igor Lugrís é utilizar a excusa da edición dun libro (*Cuba, doce e soturna*) como argumento para atacar globalmente o labor admirábel de Laiovento e a "unha parte da nosa intelectualidade" por falta de progresismo e compromiso. Neste sentido teño que informar que entre as persoas que fan posíbel Laiovento, está Francisco Pillado, intelectual comprometido e estimado polos que estimamos aos intelectuais, persoa que o pasado 26 de Xullo, 41 aniversário do asalto ao Cuartel Moncada, leu na Coruña un manifesto de solidariedade con Cuba condeando o bloqueio U.S.A. con motivo dun acto organizado pola Asociación de Solidariedade Galego-Cubana "Curros Enríquez". Por engadir algo, Francisco Pillado traduciu recentemente ao galego un libro de conversas con Fidel Castro que sairá proximamente.

Por último, dicer que Laiovento edita cousas que se amoldan ao discurso do poder é inxusto e pouco honesto, a non ser que o único que se pretenda sexa descalificar sen reparo nengún, acochando-se nos ideoloxemas da seudoesquerda que opera na Galiza, sempre servicial co colonialismo español. Os presupostos ideolóxicos que transparenta a carta de Igor Lugrís son un perfeito exemplo do que os nacionalistas combatemos a cotio: o embargo cultural a Galiza.

Creo sinceiramente que teria sido moito máis construtivo e oportuño facer unha crítica política do libro e non da editorial.♦

ERNESTO GOMEZ
(A CORUÑA)

A língua nos cargos públicos nacionalistas

O objecto desta carta é oferecer umha reflexom-sugestom a quem proceder, dentro do B.N.G., acerca da figura da porta-voz da frente e a sua importáncia a nível (sócio-) linguístico.

Sigo habitualmente as intervençons públicas dos representantes e chama-me a atençom que a porta-voz, Encarna Otero, é das que pior galego falam. Aliás, pudem comprovar, numha entrevista escrita em que as suas respostas apareciam escritas da sua mao, que nom sabe escrever com a mais mínima correcçom. O passado 25 de Julho confirmou na sua alocuçom na Quintana a sua incompetência.

Suponho que nom se pode pedir que, num país com umha língua tam deteriorada a todos os níveis, alguém a fale e escreva com umha competência similar à de qualquer utente de um idioma normalizado. Porém, no caminho da normalizaçom, é fundamental a funçom das pessoas públicas, como referente de correcçom da gente "da rua".

Isto tenhem-no claro na T.V.G., quando proíbem o acesso a apresentadores com "excessivo sotaque" e avançam com passo firme na imagem de um galego hibridado com o espanhol. Já sabemos o fim último que perseguem.

O que nom deve fazer umha organizaçom que procura a normalizaçom do galego como é o B.N.G., é descuidar tanto o nível de correcçom dos seus representantes públicos, e nomeadamente da sua porta-voz, já que som referentes para a sociedade e sobretudo para as bases nacionalistas, que assim repetem que nom importa "como", que só importa "falá-lo". Mantém plena vigência deste jeito a ideia de que com o galego "tudo vale".

O que nom deve fazer o BNG é descuidar tanto o nível de correcçom dos seus representantes públicos

Há outros dirigentes com um bom galego —o de Pilar Garcia Negro é pulcrísimo—, que deveriam ocupar o posto de porta-voz enquanto Encarna Otero nom se preocupe por aprender a falar e escrever.

Espero nom ofender ninguém com a minha crítica construtiva, que apenas clama por algo tam elementar como a alfabetizaçom dos líderes nacionalistas na nossa língua nacional.♦

JOSÉ M. CASTINHEIRA
(FERROL)

ROUCO VARELA

NANINA SANTOS

Recén ascendido a arcebispo de Madrid deixou forte pegada nos seus últimos dias composteláns. Asegurou na homilia da misa oficial do 25 de Xullo respostando ao delegado real, Manuel Fraga, que "a aceitación social do aborto é o máis grave de canto ten acontecido neste século".

Ou sexa, primeira e segunda grandes guerras europeias, a bomba atómica e a proba das mesmas sobre as povoacións de Hiroshima e Nagasaki, os campos nazis de extermínio de xudeus, maricas, comunistas, pacifistas..., e levantamento de Franco contra o governo da República... peliños á mar salgada.

Máis grave a aceitación social do aborto que a aceitación social de que as mulleres son seres humanos de segunda categoria aos que se pode violar, mallar, mandar, insultar e facer fillos sen contar coa sua vontade?

A xerarquia da igrexa católica ten voltado perder o Norde que alguns papas deste século parecian ter perseguido.

Outravolta a Inquisición e Torquemada.

De lenda, a negra España, nada. *Vivita e coleando.*

Velaí, senón, nun dia tan marcado para o ultramontanismo episcopal como o de Santiago matamouros, patrón da única España... perante ese outro Sant-Iago peregrino, pescador, homilde apóstolo.

Vivita e coleando, digo, amarrandose ás bandeiras máis demagóxicas cando nen tan sequer aborto libre, gratuíto e á decisión da muller..♦

O PSOE aposta pola burguesia

Festèxa-se no Pazo de Castrelos o día da Patria Galega e outra vez atopamos os representantes da burguesía na cidade. Poderiánse enumerar e clasificar os convidados, polas suas actividades pero coido que non e necesário. Málias, coma sempre, estar ausentes as vangardas.

Istes días a conflictividade esta presente, folga do metal, Álvarez, o lixo, o porto pesqueiro e o derribo de Canido; e a sua repercusión lévanos a pensar que hai ainda moito que facer, e que os socialistas son o que son, e que deles non imos esperar nada novo, agás non cambien de política, e aterren o mesmo que o fan os reactores en Peinador.

Traduciúse a sua vitória nun pregamento ás directrices do poder económico

Isto é unha herdanza do pasado, no mesmo momento en que os governantes eleitos, esquecéronse da vontade do povo e traduciúse a sua victória nun pegamento ás directrices do poder económico, xudicial e outros, nunca de todo abandonados polo réxime anterior. Sendo así, non lle faltaron, leis e decretos que frearan a sua apeténcia. Si engadimos a má xestión, non podemos asustarnos da corrupción, o paro, a perda de postos de traballo, a carestía da vida e outros.

Na nosa nación, isto está correxido e aumentado. O abandono da dialéctica e o amorio con outras forzas reaccionárias, pon de manifesto unha vez máis que temos moito que facer para orientar ao povo e desenmascarar unha política falaz, onerosa, en suma: burguesa.♦

MATEO REVERTER
(VIGO)

O símbolo de Mesia a piques de desaparecer

O símbolo do Concello de Mesia é o castelo da Póvoa de Mesia. Hoxe son ruinas cada vez máis deterioradas pola erosión, a maleza, etc.

A fortaleza, levantada por Gonzalo Díaz de mesia e a sua dona Maria Pérez a finais do século XIV só conserva unha torre case caída e algo do muro que a cerraba, as defensas exteriores que son de forma redondeada. As cercas meden de ancho 2,60 m., de mampostaria pizarrosa. A construcción está rodeada dun foxo profundo, e en parte polo rio Samo. Nalguns pontos ainda conserva uns 18

KLROS



Amedo conta que hai moitos que o felicitan pola rua con palmas no lombo e frases coma estas: "A mil bascos máis te tiñas que ter cargado", "eu, na vida, só admirei a tres persoas: Franco, Tejero e ti". O expolicia dos Gal afirma que alguns o consideran "o **Rambo** español".

Decia Rigoberta Menchú, Prémio Nobel guatemalteca, "non queremos axuda, só queremos que nos deixen en paz". En pago da débeda os paises de América Latina enviaron, só en cinco anos, 150 mil millóns de dólares aos Estados Unidos. *The New York Times* **estima** que as "transacións ocultas, incluindo diñeiro do narco, benefícios ilegais, etc" poderian ter acadado a cifra de 700 mil millóns de dólares. Con **Ruanda** pasa igual: abondaria con que os paises ricos lle pagasen o té a un prezo xusto e con que Francia e os Estados Unidos deixasen de conspirar apoiando a cúpulas oligárquicas indíxenas, sumisas a Ocidente e matarifes do seu povo.

Por certo que para escenas crueis poderian darlle o turno aos nenos do Brasil, asesinados

impunemente por policias de paisano, pagados polos comerciantes. Claro que os Estados Unidos non están en condicións de **invadir** o Brasil, país demasiado grande para servir de motivo publicitário.

Por aforrar a TVG está a repoñer programas, como o de *Inocente inocente*. Hai quen sospeita que non só se repiten os programas de variedades, senón tamén alguns **telexornais** e mesmo declaracións de conselleiros. Tamén supón un aforro moi grande o traballo dos gabinetes de prensa das consellarias que aportan o 80% das notícias. Que maravilla! Que servício!

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

metros de altura sobre o terreo exterior a cerca.

O castelo é famoso polas loitas e discórdias que arredor del ou de quen a tiñan se suscitaron ao longo do século XV. Derrocado polos Irmandiños en 1467 e reedificado polo arcebispo Fonseca, quen puxo nela a Vasco Pérez de Tardaos. En 1608 seguia pertencendo á Igrexa de Santiago.

A fortaleza só conserva unha torre case caída e algo do muro que a cerraba

É unha hipocresia o que se está a facer co património histórico galego. Eu non sei para que tantos cartos se invisten en recuperación do património, anunciados pola TV e prensa, se logo abrimos a xanela da realidade e topámonos como, por exemplo no caso de Mesia, o símbolo dun concello xa case non existe.♦

MANOEL BELLO
(XANCEDA-MESIA)

Galiza e Portugal

Foi nos finais da década de 70, quando era ainda estudante do liceu, que numa viagem de fim-de-semana a Vigo vi, pela primeira vez, o V. jornal *A Nosa Terra*. Como sempre fui um acérrimo defensor da cultura galega, em virtude da nossa proximidade cultural e geográfica, logo passei a procurar o V. jornal sempre que me desloco à Galiza. Na V. edição de 2 de Junho, tomei conhecimento que *A Nosa Terra* tem registado uma subida nas vendas e que brevemente irá passar de semanário a diário.

Visto de fora, não deixa de causar espanto que, com a V. honrosa excepção, todos os jornais publicados na Galiza sejam escritos en castelhano. Quando comparados com os catalães, os galegos parecem, regra geral, pouco conscientes da sua herança linguística preferindo falar, ler e escrever em espanhol. Essa castelhanização da cultura galega é também muito evidente na própria ortografia do idioma galego. Em vez de se escrever conforme as tradições históricas e etimológicas, a norma ortográfica oficial mais parece uma escrita fonética de base exclusivamente castelhana —o uso e abuxo do "x" é disto um bom exemplo. O próprio vocabulário galego está pejado de populismo e de adaptações de palavras espanholas.

Não deixa de causar espanto que todos os jornais publicados na Galiza sejam escritos em castelhano

O meu sonho é que um dia a maioria dos galegos tome consciência que a integração no vasto espaço luso-afro-brasileiro é para a Galiza, dentro do Estado Espanhol, a melhor estratégia a seguir para a afirmação de uma identidade cultural própria.

Creio que, neste contexto *A Nosa Terra* pode desempenhar um papel decisivo no despertar das consciências e na união da família galega em torno da questão linguística como basilar da identificação de um povo.

Os meus sinceros parabéns pelo trabalho realizado e a melhor sorte para o diário *A Nosa Terra*.♦

MANUEL JORGE NUMES DE SOUSA
(VILA NOVA DE GAIA)

Esta seccion está aberta ás informacións, opinións ou críticas enviadas polos leitores sobre calquer tema, incluidadas fotos ou deseños. As colaboracións poderán ser resumidas. Prégase que a sua extensión non exceda das 60 liñas

Envios a:
A NOSA TERRA
A ALDEA GLOBAL
Apart. 1.371 36200 Vigo ou através do Fax:
(986) 22 31 01

MEDIOPENSIONISTAS

X. PIÑEIRO

Nen internos nen externos, asi debe ser como as empresas queren aos seus futuros empregados. Se ademais son convictos, con condenas superiores aos cen anos, mellor. A ver se caen na conta, iso dos millóns de parados non deixa de ser unha esaxeración. Sen ir máis lonxe, José Amedo topou emprego nun bufete e Michel Domínguez nunha compañía de seguros. Foi asi, á primeira. E seguro que miraron con lupa o seu curriculum. Pero, claro, qué empresário se ía resistir ás demandas de emprego duns parados que, por ter pase de pernocta no cárcere, non van perder tempo pola noite nos deberes do doce fogar nen nos locais dalgún sindicato asilvestrado. Se cadra estes mediopensionistas tan rapidamente acomodados no mercado laboral son o prototipo do traballador do futuro: Espíritu altamente executivo, discreción a toda proba cos superiores xerárquicos, plena concentración antes da xornada laboral. Un auténtico modelo productivo a seguir. Desgraciadamente só o leve detalle da media ducia de asasinatos previos fai algo difícil que amplas masas de desempregados accedan ao mundo laboral homologándose neste brillante historial. Pero o que queira pinchar fora do paro canto antes que non dubide en facerse mediopensionista. E, iso si, que vaya pensando calquer pequena falcatruada pola que lle boten cento e pico anos de presidio.♦

Cantiga de Novo Escarño

Porque no mundo minguou o galego
tracei un día de o ir buscar,
e onde por el fun eu preguntar,
dixeron todos:
—Non ides polo rego,
pois de tal xeito se foi perder
que non podemos novas del ter:
nas Facultades a oilo non chego.

Nos mosteiros e igrexas desta terra
percureino, e topei por resposta:
—O galego é de xente de bosta
e os cregos facémoslle a guerra,
hai ben tempo que entre nós non está
nin o queremos, dígovolo xa;
despreciamos a xente que o berra.

Na prensa e radio, na televisión,
onde morou un pouco algun día,
mireivos ben, por ver se aparecía,
e o resultado foi: case que non;
os xornalistas non o queren usar
porque os patróns prohibírono empregar
e anda proscrito da información.

En Santiago e na Xunta enteira,
cando eu quixen falar na miña fala,
os funcionarios dixéronme:
—¡Cala,
esta non é de aquí a maneira!
Que hai consigna de o galego matar
e os galegos coma sempre ¡a achantar!
O teu idioma perdeu a carreira.

Mais eu lles digo a todo oportunista,
aos asasinos e aos desleigados:
"¡Moito confiades pero ides dados!
¡Non esperades que a lingua resista
cando o galego cumpríu xa mil anos!
¡A nosa fala, de homes soberanos,
inda lle queda moita vida á vista!"

Cantiga de novo escarño que hoxe escreberia un Airas Nunes do nosos tempos cunha estrofa máis de fe na resisténcia e na loita de tantos bons e xenerosos que dia a dia fan que Galiza siga sendo un povo.♦

Faga un gran anúncio nun semanário amigo
A NOSA TERRA
Telf. (986) 43 38 30

RADIO CULLEREDO 107 F.M.
Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)
Telf. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75

radio FENE
emisora municipal 105 MHz·FM
Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)
Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51

XAN MURAS

As ruas énchense de teatro coa nova montaxe de *Os Quinquilláns*

A Administración non apoia este tipo de espectáculos ambulantes

■ CARME VIDAL

A compañía de teatro de rua "Os Quinquilláns" ven de estrear a sua última obra *As viaxes fantásticas* que levará este verán de xira polas prazas de todo o país. A montaxe presente unha espectacular escenografia en clave de movemento na que o colorido e a fantasia son os elementos fundamentais.

Dun libro saen fantásticas personaxes que, guiadas por un viaxeiro percorren sítios distintos onde o pasarruas fai parada para representar as escenas dramáticas. A literatura de aventuras é a protagonista, sempre activa e imaxinativa, que envolve aos espectadores nun mundo máxico e fascinante. Catro actores e duas actrices combinan a interpretación con malabares, música, xogos, zancos e manipulación de bonecos xigantes.

Desde o seu comezo nunha praza, a história discorre polas ruas de vilas e cidades atraendo ao público que se suma ao espectáculo. O viaxeiro, personaxe principal da obra, convence á xente para que se integre e interveña no conto participando asi no desenvolvemento da trama. A actriz Nazaré Davila asegura que "desde o comezo o público faise amo dos obxectos e do mesmo espazo escénico no que todo está moi próximo, a obra ten elementos importantes do pasarrúas xa que a xente segue por diversos pontos o transcorrir da trama". Deste xeito, segundo Nazaré, a diferéncia do teatro de sala "está na activa participación do público, no contacto directo e na constante tendéncia á improvisación". Cada dia a obra toma un cariz distinto propiciado pola atitude do público que obriga a *distorsionar* os papeis estabelecidos e romper os marcos de actuación. Neste sentido, Uxío Ferrás sinala que "no escenário hai dous espazos diferenciados e o público limítase a ver a obra, pero no teatro de rua os actores estamos en contacto directo coa xente". Por outra banda a diferéncia cos grupos de animación e títeres devén, en opinión do director da obra Lucho Penabade, de que o espectáculo "ademais de incluir elementos da animación como son a participación, conta unha história interpretada por actores, é unha obra de teatro con distintos escenários conectados por pasarrúas".

Pouco apoio

No entanto, os membros do grupo "Os Quinquilláns" láianse da auséncia dun apoio decidido por parte da administración a estas montaxes que, como veñen comprobando, teñen un grande apoio e demanda popular. Con máis de vinte actuacións contratadas en distintos concellos galegos, Uxío Ferrás afirma que son "a primeira compañia non subvencionada con máis actuacións e que incluso está por riba dalgunha subvencionada, é incomprensíbel que este tipo de espectáculo non teña axuda dos organismos oficiais" ao tempo que sinala que nas partidas orzamentáis adicadas ao teatro en Galiza non existe nengun apartado específico para estas montaxes de rua.

Criada hai sete anos en Compostela, "Os Quinquilláns" evoluiu na sua traxectória desde os pasarrúas e a animación até se converter na actualidade na única compañia galega de teatro de rua. En cartel presentan, ademais de *As viaxes fantásticas*, as montaxes *A danza da meiga, Feira de lixos*, e *Transformeixon.*

> ***Os Quinquilláns*** evoluiu na sua traxectória desde os pasarrúas e a animación até se converter na actualidade na única compañia galega de teatro de rua

Entre os seus próximos proxectos está introducir *As viaxes fantásticas* nas festas populares que se desenvolven ao longo de todo o país pese o que, segundo Penabade, "existe unha grande limitación debido á ideoloxia dos programadores que prefiren contratar económicas montaxes de animación sen referéncias culturais". A falta de apoio ao teatro galego é unha constante crítica dos membros desta compañia que están nunha situación que definen como "autoexplotación" xa que eles mesmos xestionan a producción, distribuición e publicidade dos seus espectáculos. Lucho Penabade afirma que a política cultural da Xunta de Galiza en matéria de teatro "non se pensa a longo prazo senón que se crean unhas relacións de mecenazgo para manter certas compañias cunha total incerteza". Para Penabade o mellor xeito de apoiar o teatro seria cambiando as subvencións a grupos particulares polo apoio a concellos para a creación de salas e circuitos culturais.

A obra lúdico-didáctica, *As viaxes fantásticas*, rulará polos escenários ao ar libre galegos durante todo o verán e conta participar no periodo lectivo en programas de animación á leitura xa que, como afirma Nazaré Davila, "esa é a mensaxe. Achegar aos nenos aos libros e esta obra pódese converter nun bon instrumento para que os cativos vexan a literatura como algo próximo e divertido". O mundo fantástico dos libros que ven da man dos "Quinquilláns" para encher as ruas galegas de teatro. ♦

Dario Villanueva cede a cadeira a Anxo Tarrio

Decenas de millóns do *Ramón Piñeiro* foron o investimento indirecto na campaña reitoral

■ X.C.

Como se presumia en círculos universitários, confírmase que o director do *Boletín Galego de Literatura*, Anxo Tarrio, vai dirixir a área de Literatura Galega do Centro de Investigacións Lingüísticas Ramón Piñeiro, que ten por director científico a Constantino Garcia. A polémica segue pairando sobre un centro superposto á Universidade.

Todo o polémico proceso de xestación e parto do *Ramón Piñeiro*, que foi normalizando pola via do siléncio a sua actuación, volve a primeiro plano co anunciado nomeamento do catedrático Anxo Tarrio para suplir a Dario Villanueva na Area de Literatura Galega.

Con efeito, recén eleito Rector, Villanueva confirmou no próprio Claustro a unha xornalista de *A Nosa Terra* que deixaria o seu posto no centro de investigación. A viraxe nos apoios eleitorais da Faculdade de Filoloxia foi decisiva na sua eleición e nese proceso non foi de menor importáncia a decidida adesión pública de Anxo Tarrio.

O reparto de cartos para proxectos de investigación, decidido no fugaz paso de Dario Villanueva polo *Ramón Piñeiro*, seria a outra pedra de toque, nunha universidade con graves problemas de financiamento.

Tarrío colle o relevo de Villanueva segundo acordo tomado polo Consello Rector da entidade, na que o peso das decisións políticas da Xunta é prévio ao critério cientifco, como se demostrou na escolla dos cargos principais.

A meirande parte dos Departamentos de Filoloxia Galega, ben colectiva ou individualmente, consideraron no seu dia caciquil e antidemocrático o nacimento do *Ramón Piñeiro* ao que a Dirección de Política Lingüística entrega vários de centos de millóns anuais, mentres nega ou dá axudas de esmola ás organizacións de base da normalización lingüística, ou mantén aos Institutos Universitários na agonia orzamentária. ♦

7 DIAS

■ Festival de Villamartín do Sil

Durante o segundo fin de semana de Agosto, celebrarase o I Festival de Villamartín do Sil no Bierzo (León), adicado á música folk. Para o Venres 12, están previstas as actuacións dos grupos *La Braña* de León e *Folktrain* de Rusia. No dia seguinte, tocaralle o turno a *Fol de Niu* e *Matto Congrio* da Galiza, *Balandrán* de Asturias e *Crapleoil* de Irlanda.♦

■ O Centro Superior de Hosteleria non usa o galego

A Mesa pola Normalización Lingüística denunciou ante os medios de comunicación unha campaña en castelán feita polo Centro Superior de Hosteleria. Esta asociación solicita a retirada desta campaña centrada na captación de novos alumnos por non usar o galego e utilizar de forma ilegal o topónimo A Barcia, castelanizándoo.

Asimesmo, a *Mesa* lembra que hai unha grande desconexión entre o que afirma a Xunta e o que practica xa que na maioria das delegacións provinciais e nalgúns eidos do ensino non se utiliza o galego. Esixen da Secretaria Xeral de Turismo da Xunta, responsábel do Centro de Hosteleria, que sexa a primeira en cumprir a Lei de Normalización Lingüística.♦

■ Premios de Xornalismo de Ecoloxia

O próximo Domingo será entregado o Premio de Xornalismo sobre Ecoloxia convocado pola Asociación *Penas de Rodas*, de Gaioso-Outeiro de Rei en Lugo. O xurado reuniuse o pasado 29 de Xullo para calificar os traballos apresentados na segunda edición deste concurso.

O primeiro prémio, de cen mil pesetas, foi concedido ao traballo *Ecoturismo, agroturismo e turismo rural* de Roxelio Perez Moreira e Francisco Diaz-Fierros, publicado na revista *Natureza galega*. O segundo premio recaiu nun traballo publicado na mesma revista e elaborado por Manuel Antonio Fernández Domínguez, *Courel, onde sempre foi bosque*.

Concederanse diplomas aos traballos de Pepe Pol, publicados en *La Voz de Galicia*, a Elena Garcia por *Robar piedras al monte* e a Jose Maria Montero Sandoval, de Sevilla, pola sua colección de textos publicados en *El País*.♦

■ Instrumentos de música tradicional no Festival de Pardiñas

Coincidindo co XV Festival de Pardiñas (Guitiriz), que se celebra dende o ano 1980, organizarase a I Mostra de instrumentos de música tradicional e uns seminarios de iniciación á danza tradicional.

Nesta mostra participarán artesáns con obradoiros en diferentes sítios da Galiza: Xosé Seivane, de Cambre e Ribeira de Piquín; Vixente Diaz Fuentes, de Sarria; Xaime Rivas, de Vigo; Sito Carracedo, de Pardiñas; Xosé Lois Mouriño Canto, de Santiago;Carlos Rodríguez Feijoo, de Berres-O Ulla; Xosé Alvarez, de Sada; Ramón Vazquez Acha, de Oubiña-O Rosal; Alfonso R. Castro, de A Garda; Xaneco Tubio, de Outeiro de Rei; Anxo Rei, de A Fontaneira e Luciano Perez, do taller de instrumentos da Deputación.♦

■ Xornadas de Banda Deseñada no Outono

Xa se deu a coñecer o avance das VI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, que se celebrará entre o 1 e o 8 de Outubro. O primeiro dia entregaranse os prémios desta edición do concurso, outorgados pola Casa da Xuventude e mailo Concello de Ourense, nas tres categoria habituais: para autores noveis, para a persoa de máis releváncia na banda deseñada galega no ano e outra para a entidade ou institución que máis fixera por este campo.

As diferentes exposicións organizadas recollerán os traballos seleccionados na anterior edición asi como os do X Concurso Galego de Banda Deseñada, convocado pola Dirección Xeral de Xuventude. Tamén haberá lugar para obras de autores noveis de Portugal, ilustracións de Gallardo procedentes do último Saló barcelonés e para a exposición *Xesús Campos. Unha visión aguda e vertixinosa de Galicia.*♦

■ A *Xociviga* celebrouse pésie á falta de orzamento

A undécima edición de Xociviga estase a celebrar dende o 30 de Xullo ata o 5 de Agosto. O comité organizador apostou neste ano por un programa intenso onde houbo especial adicación ás novas xeracións tanto de actores coma de directores de cinema.

Apartados especiais mereceron as obras de Jane Campion e Jim Sheridan, directores de dous dos filmes con maior éxito deste ano, *O piano* e *No nome do pai*. O novo cine americano abunda nesta edición de Xociviga coa proxección de películas dos últimos dous anos como *True romance* ou *My own private Idaho*. Dentro do apartado de cine marxinal, proxéctanse catro películas, tres delas europeas. Unha homenaxe a Orson Welles e cine para nenos completan a oferta audiovisual desta undécima edición, que se celebra pésie á escaseza do orzamento.♦

Suso de Marcos, o escultor de Boimorto

"Cambiaria o Chillida de San Domingos pola obra dun escultor galego"

■ **PAULA CASTRO**

Suso de Marcos naceu en Boimorto. Incapaz de facerse aos traballos tradicionais que lle mandaban realizar descobriu o seu interese polas artes. A escultura é a sua vida dende novo. Na actualidade reside en Málaga, e agora anda á percura do recoñecemento da xente da terra natal. Un recoñecemento que xa conseguiu acadar fóra e do que se considera merecedor.

"Descubrín que o meu era a escultura forzando na ferramenta do meu pai, que era carpinteiro", di Suso. Ao pouco, incapaz de adaptarse aos traballos que lle encomendaban marchou á Coruña, decidido a aprender a arte da escultura. Comezou traballando nos talleres de artesania da escola de Artes Aplicadas e Ofícios Artísticos, e unha vez rematado este periodo marchou a Madrid.

"Desexaba poñerme en contaco con outras manifestacións culturais, poder visitar o Museu do Prado, e todas as salas de exposición". Daquela Madrid era a Meca da Arte para el. Buscaba a outros escultores, queria aprender e poder traballar, "queria topar algo no campo da Arte e conseguin entrar a formar parte dun taller de escultura", lembra. Diste xeito especializouse en imaxineria popular, ainda que seu verdadeiro interese non andaba por eses camiños, senón na arte contemporánea. Comenta que o que fixo sempre en relación "coa imaxineria popular relixiosa foi por encarrego, porque a min interesábame máis a criatividade da escultura contemporánea".



O de Marcos en Málaga

Cando remata o periodo de aprendizaxe na Escola de Arte en Madrid, alá polo 1979, enviano a Málaga, onde se consolida como escultor. Unha vez iniciada a sua verdadeira faceta na escultura contemporánea nace o "de Marcos", porque ainda que lonxe da terra aférrase ás suas orixes, e decide que o seu nome artístico debe levar a marca da família. "Alá en Boimorto toda a miña família é coñecida como a de Marcos, que era o meu bisavó".

Fachendoso e egocéntrico, posibelmente como moitos escultores que se saben recoñecidos en determinados núcleos, Suso de Marcos amosa a sua obra. El mesmo divide a sua criación escultórica en dous aspectos ben diferenciados, "cando fago un retablo, ou esculturas relixiosas acóllome ao que me peden, ainda que percuro incorporarlle algo da miña própria criatividade, pero cando esculpo na rama contemporánea estou satisfacendo as miñas necesidades criativas".

Partindo da talla de madeira, como material fundamental e case constante na sua obra, avanza na incorporación doutros elementos investigando con novos materiais, resina e metacrilato. Moitas das suas criacións lembran ás figuras redondeadas e de probábel influéncia de Boccioni, que el mesmo recoñece, ou de Duchamp. Unha alternáncia entre elementos puntiagudos, rematados en forma de cristal de seixo, en gotas de auga, redondeadas mulleres tendidas a piques de parir, ou mesmo, e a modo de *collage*, figuras con matices constructivistas. En conxunto, a sua obra seria difícil de encasillar ou de definir dentro dunha corrente única.

A arte e o povo

Para Suso de Marcos a sua escultura non chega ao povo, ou polo menos non é de doada comprensión. Dende a sua particular concepción considera que "a obra de arte debe ser sinceira e polo tanto prescindir de condicionantes externos". O *artista*, ao seu parecer, debe deixar manar os seus sentimentos sen pensar no que provocará no espectador, e para que esta se achegue debe inmiscuirse entre o público, difundirse sen medo. Neste sentido considera de grande valor o achegamento que se fai con exposicións públicas en xardíns e parques, como no caso da escultura de Chillida exposta en San Domingos de Bonaval, cunha matización "non hai que esquecer que temos moi bos escultores galegos, e tamén debemos abrir un espazo para a sua difusión". Espera que algun dia non só se espalle dentro da Galiza a escultura de fóra, senón que se lle dea un empurrón á própria, tanto cara ao interior como ao exterior, realizando un bon labor de intercámbio entre as distintas manifestacións culturais.♦

Leituras

Lirismo no meio da guerra

Esmoriz de Aníbal Otero

Con introdución de Claudio Rodríguez Fer, análise lingüística de Armando Requeixo e transcrición deste último e máis Miguel Anxo Murado, Edicións Sotelo Blanco, na sua coleción "Literatura e crítica" núm. 8, dá ao prelo a novela **Esmoriz**(1), de Aníbal Otero.

Sobre as vicisitudes de como foi escrita a novela (no cárcere) e das peripécias do manuscrito, Claudio Rodríguez Fer dá boa conta no seu limiar; o profesor lugués, polas características do texto, coloca a novela dentro do que Ralph Freedman deu en chamar novela lírica (*La novela lírica*, Barral Editores, 1972): "*Esmoriz* posue a intención autoexpresiva, a intensidade verbal, a autorreflexión lingüística, o protagonismo pasivo, a viaxe a través da conciencia, a interiorización da experiencia, o confinamento no espacio mental, o desinterese polo argumento, o final aberto e o rigor selectivo de asuntos, personaxes e peripecias que Ralph Freedman —e logo Gullón e Villanueva— consideran propios da novela lírica" (p. 12). Noutro momento do prólogo, Rodríguez Fer identifica alguns dos personaxes que se mencionan na novela.

Despois do interesante limiar, ven a análise lingüística do texto, que fai Armando Requeixo, cunha miga de autoritarismo. Non se pode falar, entre outras cousas, do uso incorrecto do *b* en palabras como covarde que até antonte se escrebia coa grafía *b*. Dicer que movimento é unha disimilación (o correcto seica é *movemento*) parece unha chis-



ca forte, e colocar a segunda forma do artigo (de escolla aleatória nas normas oficiais) cando o autor non a usa, chega mesmo ao abuso de confianza. Unha certa ambigüidade na transcrición de textos datados, non viria nada mal, todo e recoñecendo o grande (e pesado) labor de Armando Requeixo.

Vén, finalmente, o texto de Aníbal Otero, a novela. Unha novela, como di o introductor: "lírica, de base autobiográfica e introspección psicolóxica, que supoñería unha dobre contribucción á literatura galega se fose publicada no seu tempo: a dun testemuño veraz da traxedia bélica en Galicia e a dunha concepción máis poética e aberta da novela en galego". *Esmoriz* narra as peripécias do poeta homónimo. Áchegase en Portugal no momento en que estoura o alzamento fascista. Desde a outra beira do rio descobre, no azar, a fronteira española "lerciosa e triste, coas súas pruídas acesas na luz do ceo, cara un futuro que ameazaba sinistro" (p. 29). Contempla a fronteira e a paisaxe, unha paisaxe que a sua alma non pode comprender. Esmoriz, como poeta, "a súa intención fora, dirixíndose dende o comezo do día á realidade, dedicarse á vida enxebre e esquece-las preocupacións que na súa alma espertaran os sucesos da patria, abrasada pola souría de xullo e polo bafo do sangue". É un home que "mentres os sucesos non chegaran diante del (...) resistiuse a crer na súa importancia". Contodo, ten dúbidas: como estar apartado da "Terra nai no instante en que a axitaban dolorosas convulsións (...) Con que razón se presentaría alí cando estas acabasen?". Todas estas dúbidas acaban axiña: a realidade estoura diante del, as autoridades lusas entrégano aos rebeldes, que o meten no cárcere.

Unha vez na prisión, Esmoriz non acaba de entender a realidade que o envolve, vive para si, para os seus pensamentos. Só nun momento determinado "o espectáculo dos máis empezou a desfilar diante del. A realidade mordéraos máis ca el, pois nel o que a realidade roía era compensado pola rexeneración do espírito. Comezou a dedicárlle-lo seu pensamento e a esquecerse de si mesmo". É cando o poeta se dá conta que "os Consellos traballan ó mesmo tempo cós piquetes da morte". Porén, non remata de comprender a realidade exterior, o que acontece fóra del, "facía esforzos de adaptación pero non acababa de comprender a cousa". Ou, talvez, si: "quedando libre de todo lazo coa realidade sería máis cauto ca antes e non volveria comprometerse". As dúbidas do poeta son permanentes. Ás veces, a esperanza toma o seu pensamento: é inocente, o xuíz deixarao libre. E entón comeza a se preocupar por minúcias. A preocupación por estas, dentro da traxédia que se está a desenvolver ao seu redor, é unha estratéxia usada polo autor para mostrar, sen dureza, unha persoalidade que pode derivar cara á esquizofrénia "Empezou a preocuparse por cuestións cotiás da súa vida anterior. Devolveríanlle o coche? (...) Que faría con el?" Quer dicer, curiosamente, cando Esmoriz se preocupa por feitos cotiás, son da vida anterior á traxédia, da que quer fuxir: e non existe mellor maneira do que pensar no pasado lanzándoo cara ao futuro. Mais fuxe da deriva esquizofrénica. Logo da entrevista co xuíz decátase que non existe a inocéncia. Que dicendo a verdade, pode non salvarse. Que o azar, quizá, mande sobre a necesidade. E volve á realidade, cando menos á sua realidade. A introducirse en si mesmo, única fonte de verdade, de realidade.

> *Esmoriz* é algo máis do que un testemuño, do que un documento: é unha excelente novela

Esmoriz é unha novela lírica. Non sociolóxica, ainda que poidan tirarse dela dados precisos e concretos. É unha novela na que o protagonista se fai as grandes preguntas de sempre: quen son?, onde vou? Unha novela na que a presenza do tempo é fundamental. Un tempo que decorre, principalmente, na mente do protagonista, que refai e desfai, que apresa e recobra. Un tempo que corre ou se detén entre os obxectos descritos, que mide o espazo entre as cousas, o vacio, a paisaxe. Deste xeito, Esmoriz vai descobrindo que vive por dentro e por fóra, o estar no mundo cun peso específico. Descobre a morte (que quer negar) e a memória, o estar aqui e acolá involuntariamente, guindado á realidade por escuros desígnios incontrolábeis. Unha realidade en si que axuda ao protagonista a descobrir outra realidade, a verdadeira forma da realidade, cargada de grandes mistérios, dunha expectación transcedente, cósmica. De aí que as referéncias á traxédia que acontece fóra del sexan mínimas, ainda que fundamentais. E esa realidade exterior quen o conduce cara á outra realidade. É o afrontamento desas duas realidades que o levan á negación da morte.

A realidade exterior (social, histó-

(Pasa á páxina seguinte)

MONTES E FONTES - GASTRONOMIA



FESTAS GATRONÓMICAS
Mariano García - Fina Casalderrey

Galicia, un verán de festas

Para peixe fresco Vigo, para chocos Redondela, para empanadas Bandeira, para bonito Burela, para lampreas Arbo, para sardiñas Sada, para cocido Lalín, para marisco O Grove, para polbo O Carballiño... Así é a nosa tradición gastronómica popular. E así son as nosas festas. *Festas gastronómicas de Galicia*, de Mariano García e Fina Casalderrey. Para comer, viaxar e coñecer. Con fichas, receitas, calendario e información práctica.

NA MESMA COLECCIÓN



O LIBRO DA EMPANADA
Mariano García
Fina Casalderrey



A COCIÑA DOS VILAS
Mariano García
Fina Casalderrey

XERAIS

conta de libros

Un galego na guerra

O fotoxornalista Delmi Alvarez ven de publicar o libro **Reporteiro de guerra en Iugoslavia** na série crónica de Xerais. Os episódios que o xornalista vigués narra en textos e fotografias suceden na guerra de Croácia no verán de 1991, prelúdio da grande confrontación que en pouco tempo estoupou na Bósnia, e que ainda hoxe non deu cabo.♦



O último Xavier Seoane

Bahia Edicións ven de poñer en circulación na sua coleción Bahía Branca o traballo **Eu tamén oín as vozes do orvallo**. Na apresentación do libro di Fidel Vidal "Seoane non pode ocultar que escrebe desde o amor, desde o amor radical e desde o amor simbiose. Ser sendo no outro e nos outros. Ser polos outros".♦

Cadernos do Museu

Van xa pola séptima entrega os **Cadernos do Museu do Povpo Galego**, adicándose este último ao ofício dos cesteiros. O traballo foi realizado por Rosa Maria Méndez e Maria Belén Sánchez-Chas. Percorre o proceso de elaboración, os usos, as formas de portes, a cesteria foránea e a sua presenza na literatura popular. Finalmente inclúese un vocabulário dos cesteiros de Mondariz.♦



Edición Alternativa

Circulan fóra dos espácios habituais e supón unha alternativa editorial distinta. Son as Ediciós do Dragón que poñen en marcha un novo cartapácio intitulado **Dous Bocetos**. Inclúese nel os textos poéticos de Paco Souto e Adriana Castro, con deseños de Fernando Ribeiro. Varian as capas en cada un deles: cartón, madeira, arámios, teas, cunchas e moitos cosidos. A tiraxe é de só douscentos exemplares e pódense pedir ao (981) 76 23 31. Unha garantia da calidade é a presenza na editora do crítico e poeta Miro Villar.♦

Leituras

(Ven da páxina anterior)

rica) vai desaparecendo pouco a pouco para deixar paso a unha realidade de eséncia sicolóxica. Esta realidade de eséncia sicolóxica, a exploración de carácter interno, organiza os feitos, a linguaxe, a anédota para organizar unha realidade de ficción equivalente á da vida. Pouco a pouco, Aníbal Otero vai borrando os fios da trama, a alusión aos feitos externos (ainda que, en última instáncia, son estes feitos os que marcan os movimentos físicos e síquicos de Esmoriz) para alcanzar unha visión introspectiva lírica, máis válida. A narración non avanza de acción en acción, senón que *Esmoriz* está marcada por un determinismo sicolóxico que marca o realismo e a conciéncia interior da obra.

É asi como Otero supera o autobiográfico, mesmo a tendéncia inicial ao lirismo enfático e descritivo; e tamén asi fuxe da cilada do documento e apresenta o material narrativo como literatura. E, por último, enfrontando Esmoriz consigo próprio, coas suas dúbidas de toda clase, coa sua morte, convérteo nun pesonaxe verdadeiro, cando podia ter introducido no erro de facer do seu personaxe un heroi romántico, un pouco falso, pero, quizá, máis grato ao leitor.

Por outra banda, hai moito que falar do estilo de Aníbal Otero. Un estilo reiterativo, que toma pé nun detalle, nunha sensación, mergúllase neles e torna ao punto de saída. Desta maneira, alarga a ollada, a captación do mundo interior, os desexos, as ánsias, a acumulación de sensacións, que aspiran a comunicarse, os feitos que marcan a sua vida, quizá a sua morte.

Esmoriz é algo máis do que un testemuño, do que un documento: é unha excelente novela. Exceléncia da que tamén debe ter algunha culpa o organizador, Miguel Anxo Murado, por iso esperemos que máis adiante se publique un facsímil do manuscrito para saber até que ponto traballaron tanto Requeixo como Murado. ♦

XGG

(1) Edicións Sotelo Blanco. Santiago de compostela, 1994. 156 páx. máis glosário.

Reixa, un poeta social na era do *rock and roll*

Viva Galicia Beibe

As revistas de Madrid gostan de presentar a Antón Reixa como un profesor de instituto que subiu aos escenários. Pero seria máis correcta esta outra definición: Antón Reixa é un poeta social. Roubando algo da sua ironia poderiaselle chamar o Celso Emílio dos 90. El non ten a culpa de que esta seña unha sociedade americanizada –máis americanizada cada vez–, que o rock monopolice os xenéros musicais, que os libros sexan caros, que a poesia esteña a ser saqueada e deturpada polos publicistas e máis polos tituladores de películas e que o mundo viva nun soño de acontecementos fictícios que ocupan o tempo da reflexión. Reixa aceita o campo de xogo que outros marcan e trata de invertilo conscentemente en benefício dos seus pontos de vista.

Antón Reixa

"Mentres todo o mundo afirma que as etiquetas non son boas, eu tratei de fabricar as miñas próprias etiquetas", decia Reixa no anterior número deste periódico. E engadia: "Eu, por todos lados son *o galego*".

Se a norma son as mensaxes sincopadas, se a moda é o *rap*, fagamos *rap* en galego, proporcionémoslle identidade nosa a un estilo foráneo, parece dicernos. Certo que aquí pode abrirse o debate clásico sobre a asimilación. Non se transmite a colonización tamén através das formas? Vella polémica que lembra aquela outra do guerrilleiro que cuestionaba o uso do seu fúsil, porque el estaba en contra das guerras. Resolveuno pensando que o fúsil era só unha arma defensiva que abandoaria tan axiña como poidese liberar á sua xente. A solución é ainda máis doada no caso da música. O *rap* non mata e pode diluirse criativamente nun experimento de fusión que inclua ritmos autóctonos. De feito a cultura nunca medra no aillamento, como hai pouco lembraba Marcial Gondar na sua *Crítica da razón galega*. Sempre houbo comunicación con outras culturas, sempre houbo mestizaxes. Pero, en que dose hai que aprender e en cal debe un manter o próprio? Esa é tarefa dos artistas e dos povos, depende das suas cualidades e da presión que exerzan as culturas dominantes.

Reixa, que leva case 20 anos neste labor e só ten 36, é conscente de cada pedriña que trata de colar na peneira *mass-mediática*. Mantense fidel ao idioma galego, porque sabe que do contrário poderia ser máis promocionado e vender máis discos, pero perderia unha parte moi importante da sua razón de ser.

A diferéncia é a divisa da identidade e non outra cousa fai Reixa que criar metáforas sobre a diferéncia. Esquimais, caníbais, extraterrestres, son pseudónimos, nomes o suficientemente cubertos de irónia como para que poidan circular polas autopistas informativas do império. Reixa enmascara a sua mensaxe de que os galegos somos os outros, os distintos, os oprimidos.

Nos seus concertos, nas letras das suas cancións que este libro recolle, igual que nos seus programas de televisión e rádio, evidénciase un esforzo constante por introducir códigos próprios, unha línguaxe persoal e ao mesmo tempo común aos demais galegos. Reixa é como o arqueólogo social que trata de rescatar a matanza do porco das ruinas e recuperala como símbolo de identidade. Recoller as falas e os costumes vellos, limpalos e darlle estatura, é precisamente a función dos poetas.

> A diferéncia é a divisa da identidade e non outra cousa fai Reixa que criar metáforas sobre a diferéncia

Reixa homenaxea aos obreiros do naval e aos de Alvarez, como teria feito Celso Emílio se vivise. Pero non se conforma con que o lean os máis inquedos, quere chegar a todos e por iso entrou na catedral contemporánea: o escenário de rock. Alí van a velo, con botins *Reebook*, camisolas de *Bruce Sprigteen* e pelos cortados ao estilo Harlem, rapaces galegos de hoxe. Saen de casa castrapeando o inglés e cando voltan á noite, despois de escoitar a Reixa, ollan para a sua nai orgullosos e, por primeira vez, non lamentan que seña de Ourense. ♦

MANUEL VEIGA

Galicia beibe é unha recopilación das letras das suas cancións que ven de editar *Edicións Positivas*.

Teatro

Unha peza oportuna

A Ópera de a Patacón do Teatro do Aqui

"Unha Ópera para mendiños, ensoñada con tanta grandura e atrevemento coma só os que non teñen nada poderían ensoñar. Pero resolta con tanta sinxeleza e pataconerio como para que o mesmo os que non teñan nada a poidan disfrutar" asi apresenta *Teatro do Aquí* no programa de man o seu novo espectáculo *A Ópera de a Patacón* que tivemos oportunidade de ver en estrea recentemente en Compostela.

A peza retoma e reutiliza os textos de *John Gay* e sobre todo *Bertolt Bretch* a propósito da história do *Macki navallas*, protagonista deste enredo onde se nos contan "as verídicas e turbias andainas dun feixe de homes e mulleres "honorables"".

Catro actores percorren esta trama one o fraude e o tráfico de influéncias dan-se a man co latrocínio e mesmo o asasinato. Catro actores como catro paiasos que às presas e, às vezes fóra de tempo, trocan vestuário e máscara, intencións e maneiras, andares e estares, voces e xestos para dar corpo à morea de personaxens que habitan as tábuas: mendiños, putas, soldados, comerciantes honrados, fillas parvas, ladróns, mais putas, amantes maes, fillos mortos, mais putas, alcólicas, funcionários honrados, libidinosos, policias corruptos, matóns, putas...

O espazo escénico está deseñado en dous planos. Un extrateatral onde os actores tiran os seus atributos e asumen o rol único de narrador adiantando às vezes, introduzindo outras, valorando mesmo o que a continuazón imos ver no espazo teatral. Neste acontece o desenrolo desta trama "en clave de comedia musical ou de "ópera de mendiños" como o propio Brecht gostaba de lle chamar á súa". Trama cuase policíaca onde os acontecementos se van enfiando e retorcendo nunha difícil rede até a conclusión final. Fin moralizante —como é próprio do Brecht— a propósito das irresistíveis ascensións dos Arturos Ui da nosa realidade social.

Sen dúbida, e entendendo a peza como ópera, o espectáculo ten unha eiva importante, mália o efecto caricaturesco buscado, na voz dos actores que mesmo estando amplificada electronicamente non acaba de escoitar-se e entender-se. Tamén, insistindo nos aspectos que nos resultaron máis negativos, apontariamos a durazón escesiva, ou se se quer, a perda momentánea de ritmo do espectáculo, que demora a aczón en pasaxes que poderían ser resoltas mais axilmente.

Salientar entre os aspectos mais positivos o *introito*, absolutamente delirante, onde se nos apresentan as personaxens que tomarán parte na trama. E o traballo magnífico —fora deses momentos musicais— de catro actores: Rubén Ruibal, Xoán Carlos Mejuto, Anabell Gago e Ursia Gago, relativamente novos no panorama teatral galego —non podemos afirmar que sexa o seu primeiro traballo profisional, mas apostariamos—. Tamén anotar a actualidade e oportunidade da montaxen nestes momentos de choriceo contínuo e incautazón preventiva e persoal das arcas públicas e a inibizón popular abafante que non dá espertado do soño no mellor dos mundos posíveis.

> Catro actores percorren esta trama one o fraude e o tráfico de influéncias dan-se a man co latrocínio e mesmo o asasinato

Un espectáculo que paga a pena ver, mesmo que non sexa con moito o mellor que vimos de Vidal Bolaño e *Teatro do Aqui*. ♦

FRANCISCO SOUTO

Televisión

Programa para badocos

Buscando unha estrela

Cando Manuel Fraga, presidindo a toma de posesión do novo director xeral da C.R.T.V.G., pedía imaxinación aos responsábeis da rádio e da televisión autonómica seguro que estaba a reclamar programas como **Buscamos unha estrela**, dúcias de programas que como éste, rebordando creatividade e bo facer, engalanasen a programación diária da R.A.G. e da T.V.G. "A trepidante evolución dos meios de comunicación reclaman de nós respostas urxentes" deixou cair o presidente da Xunta naquel acto público, e de seguido, os directivos da televisión atoparon a Belén Enríquez e Xaquín Llorca como presentadores deste formidábel concurso recentemente estreado en Televisión de Galicia, do que o seu principal obxectivo —din— é descubrir novos talentos no mundo da canción. Grácias, meu Deus!, por fin conseguimos averiguar para qué serve unha televisión pública na Galiza: para representar a artistas noveis! Que vostede quer ser a Lola Flores do século XXI, á T.V.G. desatráncalle o camiño; que o seu estilo é diferente — máis acougado—, ao xeito de Xullo Iglesias, non o dubide: diríxase á T.V.G. Polo de agora só cantantes, quizáis cun pouco de sorte logo amplíen o negócio e representen a toureiros, futbolistas, actores, bailarins...

> Neste programa, producido por C.T.V. o único que merece respecto é a ilusión dos concursantes por cantar ben

Ringgg... Ringgg... Perdón: o teléfono... ¡Aló!... Pero ¿que dis Flanagan?... ¿Que non é verdade o que conto?... Entón ¿de que se trata?... Ah, que o de buscar talentos é tan só unha improvisada tapadeira... Que se trata dun proxecto moito máis ambicioso... Que en realidade resulta ser un experimento científico, mediante o que se lle saca uns cartos á T.V.G. através da combinación de tres elementos... A ver dime cales?... primeiro, bótase man dos piores presentadores disponíbeis... si, escoito, que teñen que ser os piores senón o experimento non funciona... segundo: atópanse catro invitados por programa indisimuladamente ansiosos por retratarse na pequena pantalla... Vale, ¿e terceiro?... traénse alguns decididos concursantes que sexan bos afeccionados á canción... Mistúrase todo ben e xa está: temos un programa para o sábado pola noite... ¡Contra!, que desilusión, non pensaba que fose asi.

Polo menos, reconforta saber que o programa ainda que sexa mao proporciona vigor ao carácter da xente do noso país xa que logo o/a galego/a afeito/a ás constantes dificultades presentes na vida afronta un novo desafio: se é quen de dixerir este programa, en adiante poderá superar calqueira empresa que se propoña.

Nelli Fernández, *raiña da beleza 92* unha das invitadas ao último programa.

Curiosamente, *Buscamos unha estrela* presenta un parecido (con perdón) con *O trampolín* de Telecinco. Xa coñecemos o estilo imposto por Don Valeiro á sua cadea privada pero cando menos hai que admitir que os seus programas estrela (coma este) están preparados en grande: grandes decorados, moita luz, moitas cores, moito ambiente, moitos medios, moitos cartos... *Buscamos unha estrela* non pode resistir a comparación senón é en termos de caricatura á que poñen rostro os seus presentadores, incapaces de dirixir un faladoiro ou de realizar unha entrevista. Se polo menos aprendesen a sumar as pontuacións!

Neste programa, producido por C.T.V., empresa moi vencellada á T.V.G. coa que ten bos negócios (bos para C.T.V. claro) o único que merece respecto é a ilusión dos concursantes por cantar ben. Por suposto, resulta sorprendente comprobar como unha televisión pública gasta os seus/nosos cartos en imitar programas que poden encaixar no estilo superficial e pachangueiro de Telecinco pero non nun médio de comunicación que debe ter como preocupación preferente promocionar e difundir a cultura galega.

Os responsábeis das cadeas de televisión fabrican programas insultantes para calquera persoa medianamente intelixente e pretenden convencernos, ademais, de que o nível cultural que nos oferecen é o que nos merecemos. Din que si producen lixo é porque comemos lixo. Pero, por que non plantexamos a cuestión do revés?, non será que se consume lixo porque iso é o que hai? Se só houbese programas extraordinariamente interesantes serian estos os que veriamos. Significaria iso que todos teriamos, sen máis, un elevado nível cultural? Pois non, ainda que seria un bo camiño para conseguilo. Porén, os directivos de televisión prefiren preparar programas para badocos non porque o sexan os que os vexan senón porque non se require a mínima aptitude intelectual para presencialos.♦

ANTÓN CORTEGOSO

Música

O regreso de Adriano Correia de Oliveira

Nos seus derradeiros discos incluira poemas de Rosalia e Curros

O movimento da *nova canção portuguesa* foi un fenómeno colectivo, como testemuñan hoxe en dia vários nomes sobranceiros que perviven cantando no viciño país. Pero aquel movimento tivo os seus precursores; un deles foi Adriano Correia de Oliveira, que sentou na década dos sesenta as bases do entón novo canto portugués. O seu biógrafo Mário Correia salienta del: "A.C. de Oliveira foi justamente um dos mais activos integrantes dessa "gente nova", talvez mesmo o mais corajoso dos cantores surgidos no início dos anos 60 en Coimbra". En Portugal anúnciase a edición en disco compacto das gravacións do Adriano Correia de Oliveira, un perfecto descoñecido na Galiza, mália ter cantado versos de poetas galegos.

O cruxol de Coimbra

Nado en Abril de 1.942 en pleno centro da cidade do Porto, finalizada a década dos cincuenta múdase para Coimbra, en cuxa Universidade comeza a estudar Dereito. Vivéncias deportivas e musicais na cidade do Mondego: campeón nacional de voleibol, membro do Grupo Universitário de Danças Regionais, Orfeão Académico, Círculo de Iniciação Teatral, "Cadernos de Cultura"; todas estas estruturas forman parte da Associação Académica de Coimbra, da que o Adriano foi un plurimilitante. E naturalmente, o fado, que logo evoluiu á balada, canto de protesto e nova canção portuguesa en definitiva; proceso que foi seguido polo artista: "O que eu pretendo fazer é, honestamente, renovar a música portuguesa, tentando um caminho que não seja único..."; nada dogmático era o Adriano, cando non pasaba de ser un proxecto de artista.

> En Portugal é recordado con agarimo, mentres que na Galiza pasou desapercebido

En pleno século XX, Coimbra herdaba o canto do grande troveiro do XIX, Augusto Hilário, finado en 1.896. A cidade tíñase distinguido por ser historicamente a *praça forte* do reaccionarismo e a alienación portuguesa, pero esa realidade iria cedendo coa presenza dun fato de xente moza sensíbel á realidade social circundante; ao dicer en palabras do próprio Adriano: "Estávamos então nos anos 60, momento em que os movimentos africanos inciaram a guerra de libertação das ex-colónias". Mentres tanto, o fado tiña en músicos coma Artur Paredes, Edmundo Bettencourt os seus pioneiros. Logo serían José Afonso e o próprio Adriano quen lle imprimirian o pulo evolutivo: inquedanzas sociais, literárias, humanas, o anceio dun país novo; tales eran os condicionantes dos novos cantores, en tempo de ditadura no político, e permeábeis coma no resto da Península Ibérica á canción contestatária que se estaba a dar noutros países europeus, á música brasileira e da América latina en xeral. "Foi por volta de meados da década de 50, en Coimbra, que um grupo de estudantes, entre os quais se encontrava José Afonso, começou a tomar consciência de que o fado de Coimbra abordava essencialmente temas evasivos, temas de amor romántico e coisas assim, que afinal nada tinham a ver com as preocupações que então começavam a crescer nos estudantes: melhoria do ensino e a sua ligação ao povo". Son reflexións do próprio Adriano, recordando aquela xeira decisiva no futuro de Portugal, non só artisticamente senón tamén socialmente, xa que os cantores sempre estiveron a carón das causas que a esquerda fixo súas, antes e despois de Abril de 1.974. A clara identificación do Adriano co Partido Comunista Portugués correspóndese con estas declaracións suas en 1.971: "Pratico aquilo que digo na canção. É condição fundamental. Quem canta tem a obrigação de se comportar de acordo com o que canta". Cancións que tiñan versos doutros autores, pero que o Adriano facia suas nunha interpretación, que antes de chegar ás cordas vogais, pasaban por esa parte sensíbel que todo bon artista leva consigo. Cancións que non deixan marxe á dúbida:

Reflexións dunha tarde en Trás - os - Montes

"Um homem nunca devia
mandar noutro homem
todos juntos é que vamos
mandar na terra".

Outra rexión é o cenário da seguinte mensaxe:

"Ó Alentejo dos pobres
Reino da desolação
Não sirvas quem te despreza
É tua a tua nação".

Cando canta ao "Tejo que levas as águas", pédelle ao rio que purifique, na sua desembocadura, á cidade de Lisboa

"Lava bancos e empresas
dos comedores de dinheiro
que dos salários de tristeza
arrecadam lucro inteiro".

Cantor sóbrio

As máis das veces, acompañado simplesmente de viola, outras, cunha morea de compañeiros de viaxe —Carlos Paredes, Fausto, Júlio Pereira—, Adriano foi en todo caso un cantor austero en recursos instrumentais. A sua sentida voz, sempre nun notório primeiro plano, foi a mellor aportación que actualmente herdamos do seu repertório. As letras, populares, de Manuel Alegre, Manuel da Fonseca... para os galegos, salta á vista a presenza dun *Curros Henríquez*, co seu poema adicado á "Emigração", amáis daqueloutro que ten por protagonista a Rosalia, mentres que a própria Cantora do Sar tamén figura nun seu disco cos versos que entre nós popularizou Amancio Prada — "Para a Habana"— desta vez titulados "Cantar de Emigração":

"Este parte
Aquele parte
E todos todos se vão"...

Fóise o Adriano en Outono de 1.982, cando a sua saúde xa non daba máis de si

"Já é tempo de acabar
de entrar no último passo
deste tempo que foi tudo
canção poesia e abraço"

En Portugal é recordando actualmente co agarimo que se merece, mentres que na Galiza pasou desapercebido, tanto en vida, como no momento do seu pasamento, a pesares de ter cantado poemas de autores galegos, cousa, por certo, pouco frecuente nos cantores lusos. E por qué ese inxusto silenzo sobre a figura do Adriano? Poden ser as suas cancións, tinguidas dunha tristura, dun sentimento de derrota, que se tornou consustancial; a sua voz, vibrante ao tempo que lánguida; xa se comentou do comedido arroupamento instrumental que se detecta nos seus discos. Caracteristicas que fan do Adriano un cantor senlleiro; é a sua grande cualidade, e cecais tamén a sua eiva, que tal vez lle impida unha maior aceitación das suas cancións. Ainda que para iso compre, antes que nada, coñecelas.

No seu libro sobre o cantor luso, Mário Correira, amáis de analisar polo miudo a sua *Vida e Obra*, dá conta da sua extensa discografia: oito álbumes longa duración e dezanove EPs / Singles, con algunhas cancións comuns entre ambos formatos.

Na história da canción portuguesa fican títulos de álbumes que dan constáncia da aportación do Adriano cara a sua evolución: "O Canto e as armas", "Cantaremos", "Gente de aqui e de agora", "Que nunca mais", ... de todos eles, cecáis o que máis perviva na memória é aquel que dá conta da "Trova do vento que pasa"

"Pergunto ao vento que passa
Notícias do meu país
O vento cala a desgraça
O vento nada me diz".

Pero se alguén quixera afondar nese mundo lírico, persoal pero transferíbel, do cantor, servan a xeito de suxeréncia estes versos

"De Coimbra trago o fado
de Portugal a saudade
e canto um canto salgado
pelo mar da liberdade".♦

XOAN M. ESTÉVEZ

conta de discos

Cavaquinho de Jùlio Pereira

Arpa Folk reedita "Cavaquinho", un traballo do portugués Júlio Pereira do ano 1981. Este foi un disco importante entro do folclore luso, xa que recuperaba un importante instrumento autóctono que semellaba esquecido para certos sectores. Jùlio Pereira, investigador e magnífico interprete de instrumentos de corda, adicaria anos máis tarde unha parte da sua obra a outros deles como a viola ou o bandolín. O disco que comentamos xa é importante de seu por este resgate e a intención de lle dar prestíxio ao cavaquinho, semellante ao ukelele, através dos diversos temas populares que se achan na obra. Temas, normalmente curtos, cun afinado acompañamento e nos que J. Pereira detia o sabor de máis fonda música tradicional portuguesa sen esquecer nalgunhas pezas o toque moderno característico deste artista.

O lisboeta marcou unha época con este efectivo traballo, no que compre salientar a peza adicada ó noso país "Cantar Galego", da autoria de José Afonso e o próprio Pereira. O disco é moi compacto e nel amósase o bon facer e o bon tocar, certificado nas actuacións feitas en Galiza onde o pequeno cavaquinho agachábase entre os seus áxiles dedos, dun dos interpretes máis sobranceiros da escea folk do país veciño.♦

The occasionals; "Footnotes"

The Occasionals son un grupo escocés, composto de novo membros, que só ten como obxectivo que a xente baile coas suas pezas. O home que máis participa nas composicións e arranxos dos temas tradicionais que tocan é o acordeonista Freeland Barbour. Xunto a este instrumento os "ocasionais" empregan outros como guitarra, violín, baixo bateria, banjo e mandolina. Os arranxos das pezas son moi convencionais e teñen unha concepción de conxunto de folk que fai as funcións de orquestra nas festas, sen perder nunca a identidade de música tradicional. O seu público debe estar máis entre a mediana idade tirando para arriba que na banda da xuventude que demanda outro tipo de ritmos e unha maior orixinalidade na concepción, especialmente en Escócia onde o folk produce gravacións de indubidábel interese. O que non lle podemos negar a esta agrupación é un bon domínio dos instrumentos, ainda que a bateria martillea constantemente con ese son de banda escocesa militar que chega a incomodar pola sua insistente utilización.♦

ÓSCAR LOSADA

A escea folk galega converterase nun "campo de batalla"

O grupo escocés "Battlefield Band" desembarca en Zas e Pardiñas

■ ÓSCAR LOSADA

O vindeiro fin de semana teñen lugar os festivais folk de Zas e Pardiñas, as duas citas senlleiras do verán folk. Grupos galegos *como Cenpés, Fia na Roca, Albenda, Treixadura* ou *Os Diplomáticos*, xunto cos portugueses *Vai de Roda* ou os rusos de *Kalinka* comparten escenário cun dos mellores grupos do momento: os escoceses da *Battlefield Band.*

O grupo escocés *Battlefield Band* (a banda do campo de batalla), nome que tomou dun campo perto de Glasgow no que tivo lugar a batalla de Langside, actuará o dia 6 no festival da carballeira de Zas e o 7 farao no festival folk de Pardiñas, quedando para o final o concerto da Praza da Quintana en Compostela que se celebrará o venres 12.

Este conxunto é un dos clásicos dentro da escea folk escocesa e foron dos primeiros en se adicar profisionalmente ao mundo da música. Os *Battlefield* existen como tal desde 1969, pero seria sete anos máis tarde cando publicasen o seu primeiro traballo, co título nada orixinal de *Battlefield Band.*

Os primeiros tempos foron duros, segundo nos explica o actual líder da formación, o teclista Alan Reid: "Os primeiros pasos foron realmente duros. Onde fixemos cartos e nos deixamos ver foi en Bretaña e de ali seguimos cara a Alemaña, USA e diferentes países europeus. Ainda asi penso que os grupos teñen maiores dificuldades hoxe en dia das que tivemos nós daquela". Alistair Russell guitarrista e cantante que entrou na banda en 1984, non está totalmente de acordo co seu compañeiro: "Para min está non é unha época tan crítica para os grupos novos. É máis, considero que é unha boa etapa para eles. Agora todas as bandas teñen oportunidades, antes non acontecia asi". Reid matiza e profundiza nas dificultades que achan os conxuntos noveis: "Os conxuntos novos deben ter un manager para sair adiante, senón é imposíbel que o fagan. Antes non funcionaba deste xeito. Amais, mália a diversidade de músicos que existen, a confrontación entre o que nós facemos e a novidade que é o que o mercado percura é moi difícil de atopar. As bandas teñen moitas dificuldades neste senso".

A Battlefield Band ten 17 discos publicados, dous deles en colaboura coa harpista do seu país Alison Kinnard. Ao longo destes anos teñen pasado pola banda músicos moi importantes e significativos na andaina do grupo. Sobrancea o violinista Brian McNeil, unha figura carismática no conxunto e que foi o "xefe" xunto a Reid. O violinista, tocaba outros instrumentos mais era ese o máis destacado no son do grupo, deixou a compaña da banda hai uns anos e adicouse por completo á sua carreira en solitário. El foi o membro máis significativo dos que abandoaron a formación, ainda que non podemos esquecer a un excelente cantante como Jamie McMenemy (posteriormente puxo a sua voz no grupo bretón *Kornog*) ao tamén cantante e guitarrista Pat Kilbride ou ó gaiteiro Duncan McGilliuray, outra figura identificativa na história da *Battlefield* que levou un bon ton dese instrumento á formación.

O son característico, que poderiamos considerar "marca de fábrica" deste conxunto sonos teclados que aporta Alan Reis (que aportan un traballo fundamental e moi interesante) que é conscente diso: "É algo que nos caracteriza. Nós principiamos tocando o órgano hai 15 anos, despois mudamos ao piano eléctrico e máis tarde aos teclados que agora levamos. É moi importante a forza, a conxunción dos teclados coa gaita. Efectivamente este elemento é o toque particular da banda".

Os escoceses aportan composicións próprias o seu repertório mais iso non quita para que se mergullen no folclore do seu país para dar coas pezas a interpretar: "Escrebemos —indica Reid— moitas das pezas que tocamos e outras recollémolas en libros de música tradicional, ainda que cada vez nos resulta máis complicada esta tarefa. Aparte de que as pezas sexan boas, deben axustarse ao estilo do grupo. Seguemos a escreber e tocamos cousas modernas porque a tradición continua vivindo non é unha cousa que pertenza ao pasado senón ao presente".

Mistura instrumental e canto

O cantante escocés Archie Fisher dicia que para ser un bon conxunto de folk habia que mesturar as pezas instrumentais coas cantadas e Alistair Russell está de acordo. "É moi difícil dar con xente que faga esto. Nós, por exemplo, chegamos a un pub, tocamos e cantamos coa xente e todo está moi ben, divertímonos, pero non se pode chegar máis alá. Toda banda xeitosa dentro do mundo céltico, necesita destas duas facetas e realmente é dificultoso dar con xente que poda facelo". A *Battlefield* combina perfeitamente estos dous extremos, ainda que ultimamente lles están a sair dos miolos algunhas baladas cantadas que caen no terreo do excesivamente meloso e son impróprias dunha banda da sua categória. Outros dos grandes conxuntos escoceses como *Tanahill Weavers* ou *Silly Wizard* nunca cairon nas gadoupas do empalagamento. Esperemos que eses pequenos detalles queden neso e non perxudiquen ao futuro da banda. Un dos aspectos máis polémicos da sua música, aparte do emprego que fai dos teclados Alan Reid, son esos experimentos que elaboran nalgunhas cancións. Duas son especialmente significativas dese aspecto e resultan condèadas ou louvadas, segundo os gostos, polos afeizoados. "Sauchiehale Street Salsa", do álbum de 1984 "Anthem for the common man", mestura ritmos latinos cos escoceses e "Band of a thousand chances" do sobérbio traballo "Home Ground" (1985), que está gravado en directo recollendo diversas actuacións da banda polo seu país, onde mesturan pezas tradicionais escocesas con temas de tanta sona como "Let's Twist Again" ou "With a little help from my friends". Ese "cocktail" provoca reaccións contrárias de adesión ou totalmente airadas. "Esa peza é un divertimento —analisa Reid—. Hai que situar a cuestión nas Highland escocesas, no rural. Era darlle á.xente unha música para todos (desde os máis novos até os vellos) para que poidesen bailar, que é o que máis lles gosta facer. O tema ten a función de divertir e por iso gravouse en directo. Non poderia facerse en estudo, ten que ser ao vivo con todo o que iso conleva". Particularmente considero que eses divertimentos están moi logrados, coa dificuldade que existe ao empastar, con certos riscos, estilos tan diferentes. Despois deste traballo abandoan a banda Brian Mc Neil e Dougie Pincock e entran o bon gaiteiro e frautista Iain McDonald e o xoven violinista John Mc Cusker, que toca noutros momentos instrumentos como o acordeón. Este músico procura savia nova á banda e xa ten aportado unhas composicións estimábeis, sendo un dos valores máis prometedores do panorama folk. Eles, xunto a Reid e Russel, son o cuarteto protagonista dunha formación da que nos gostaria saber que lugar pensan que ocupan dentro da música tradicional do seu país: "Realmente non sabemos que lugar ocupamos —comenta A. Reid—. O que tentamos é darlle vida á música de Escócia, que se vaia renovando e non fique ancorada. Tentamos inspirar, abrir novos vieiros a outras bandas: este coido que é o significado do noso grupo dentro da música escocesa". Ver esta semana a Battlefield será unha boa ocasión de comprobar o actual estado de forma dun dos grupos clásicos e punteiros neste eido musical. O ano pasado no Festival Intercéltico de Porto amosaron que non perderan a boa forma e o remate do seu concerto foi certamente vibrante.♦

LECER
LUPE GÓMEZ

Agosto comeza con festas de xantar e beber

O desembarco vikingo de Catoira é unha das romaxes máis agardadas

Os primeiros dias de Agosto van estar inzados de festas gastronómicas na Galiza. Comidas típicas como o pemento, viños como o albariño, peixe como o bonito son exaltadas en vilas e parróquias. Un bon verán tamén para aforrar viaxando polo interior

Para quen goste do pemento as posibilidades son variadas. Pode ir a **Arnoia**, en Ourense, calquera destes tres dias: 5, 6 e 7 do mes que andamos. Cadra coa festa do patrón da vila, San Salvador de Arnoia, o que dá a esta celebración un dobre carácter, relixioso e profano a un tempo. A degustación será tamén de viño do ribeiro, outro dos eixos da economia da zona.

A outra opción é pasar o primeiro Sabado de Agosto en terras padronenses. A mañá unha fileira de tractores engalanados chegan a **Padrón.** Despois, unha comida campestre ten lugar na beira do rio Ulla, na parróquia de **Herbón**. Esta é unha zona con grande sona pola producción de pementos, que enchen os seus campos. Para rematar ben o dia hai unha verbena amenizada con orquestra.

Un chisco máis ao Sur, temos a **romaria da tortilla de Laro**. Celébrase nesa parroquia de **Silleda,** na comarca do Deza, este Venres que ven. O lugar de celebración é unha centenária e mesta carballeira. Ali o protagonismo levarao a degustación culinária: centos de tortillas feitas a base de patacas e ovos pero tamén de pementos, bonito, bacallao ou chourizo.

Cambados, cita fixa para os amantes do Albariño

Cambados, vila mariñeira, celebra a festa vinícola máis antiga de Galiza durante os dias 5, 6 e 7 de Agosto: a **Festa do Albariño,** viño ao que Cunqueiro chamou "príncipe dourado dos viños". Feito sobre todo a partir da uva albariña, este caldo distínguese pola sua cor e polo seu sabor afroitado. A festa do Albariño, que naceu cun carácter íntimo, foi cada ano a máis chegando a acadar altas cotas de afluéncia. As casetas, destinadas ás distintas exposicións, sitúanse no Paseo da Calzada.

Na mariña luguesa, co obxectivo de promocionar a pesca do lugar, celébrase o dia 6 a **Feira do Bonito de Burela**, no concello de Cervo. A afluéncia de turistas, propiciada pola data na que se celebra esta festa gastronómica, fai posíbel a divulgación do peixe.

Outra vila mariñeira en festas, na costa da Morte, é **Fisterra.** O Domingo, 7 de Agosto, celebra a festa do longueirón, na que se exalta este marisco típico na zona. Organizada por unha asociación cultural, esta constitúese como a mellor festa de Fisterra. Unha parte da romaria consiste nun concurso de chiringos nos que se expoñen os pratos de longueirón, acompañado doutras comidas. A estética dos estabelecumentos é elemento de xuízo e normalmente vai desde a decoración de tipo tropical até outras máis enxebres. O mesmo dia hai actuacións dos grupos galegos "De súpeto folk", "A Quenlla", a banda "Airiños da Nosa Terra", e a cantautora fisterrá Laura.

Romaria vikinga e festival de Pardiñas, na mesma data

O festival de Pardiñas, en **Guitiriz,** é durante os dias 6 e 7, unha feira e festa da música e da arte. O primeiro, a música é festexada con actuacións de grupos folk galegos como "Fía na roca" e entre outros a agrupación rusa "Kalinka" ou a banda escocesa "The Battlefield Band". Outros estilos musicais tamén están representados por formacións musicais como "Os Diplomáticos de Monte Alto". Esta festa do arte contará con actividades diversas entre as que podemos atopar unha Monstra de Artesania, un seminário de musica e danza, unha monstra de discos de música folk de todo o mundo ou a entrega dos prémios "Certame Cha".

Pola mesma data terá lugar en **Catoira** o sonado desembarco vikingo. Ese dia, o séptimo deste mes, chega ao seu auxe a romaria vikinga de Catoira que se está a celebrar desde o primeiro dia de Agosto cunha espectacular representación teatral. Hai actos programados para toda a xornada. Antes da dramatización do desembarco, nas ruas e no recinto das Torres actuan grupos folclóricos e hai unha mexilonada gratuita. Outras partes desta festa son un xantar campestre e unha verbena popular. A romaria vikinga é unha das máis esperadas e máis visitadas. Con motivo desta festa cada ano xúntanse aproximadamente unhas 20.000 persoas.

En **Pontevedra, a Festa da Peregrina** conta con actos programados para todo o mes de Agosto. A oferta festiva desta cidade abrangue unha "semana cultural taurina", un ciclo de cinema na rua e monstras de jazz e blues. A cidade de **Vigo** continua coa posta en cena dos "Castrelos de cine". Películas como "Cidadán Kane" ou as producción galegas "Mamasunción" e "O camiño das estrelas" serán proxectadas nos dias vindeiros. Na cidade de **Ourense** a exposición "Arte na rua" encherá de pinturas e esculturas a rua do Paseo. Até o 15 de Agosto hai festas na **Garda,** dentro das que se celebra desde hai 81 anos a subida ao monte de Santa Tegra, onde os festeiros comen e bailan.

En **Celanova** ten lugar a orixinal festa dos faroles na noite do sábado 6 de Agosto.♦

Cunqueiro, irredento asistente a festas e romarias, nunha das numerosas catas nas que tomaba parte.

Unha ponte con Portugal

Os dias 13, 14 e 15 ten lugar ao pé do Miño a "Festa Cultura". Unha romaria que serve de ponto de encontro para os viciños do Miño. **Melgaço**, en Portugal, tivo a boa e orixinal idea de instituír en 1983 unhas xornadas festivas que convertesen a vila da heroína Inés Negra nun centro de cultura popular e tradicional, e sobre todo nun ponto de encontro para as xentes ribeiranas do Miño. Os obxectivos marcados daquela salientaban a necesidade de recuperar tradicións e preservar "a simplicidade grandiosa da nosa cultura".

Ao longo destes doce anos, a "Festa da cultura" desenvolveuse en progresión e sempre con éxito, destacando a participación espóntanea da povoación, que atopa nela unha homaxe aos seus próprios sinais de identidade. Os próximos dias 12, 13, 14 e 15 de Agosto, celebrarase unha nova edición da "Festa da cultura". Este ano ofrece como novidade máis importante "A Feira Medieval no Castelo", que servirá para coñecermos mellor o noso pasado galego- portugués comun.♦

Teatro en circuito

Ourense
Montederramo, Sabado 6- "Canonxo" de Os Monicreques de Kukas.
Manzaneda, 11 Agosto- Representación de "Macbett" a cargo de P. Teatrais do Sur.
Castro Caldelas, Xoves 11- "Big- bang" de Chévere.

A Coruña
Oleiros, Venres 5- "As viaxes fantásticas" de Os Quinquilláns.
Malpica, Sabado 6- "Moleques" pola Compañia Ollomol.

Lugo
Mondoñedo, Venres 12- "Big bang" representado por Chévere.
Monterroso, Sabado 13- "Comedia, un xoguete para Goldoni" de Ollomoltranvia.
Lourenzá, Luns 15- "Transformeixon" de Os Quinquilláns.
Quiroga, Domingo 14- "Chévere con b", a cargo de Chévere.

Pontevedra
Tui, Venres 5- Tanxarina presenta "Santiago, Santiago".

sotelo blanco
Novidade
Contos de indianos
Olegario Sotelo Blanco
Un exercicio de desmitificación e de reinvención da memoria.


Convocatórias

O universo de Chéjov

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), organiza un *Seminário intensivo para actores profesionais* do 5 ao 25 de Setembro no Centro Dramático Galego (Santiago). O IGAEM conta coa asisténcia dos profesores da Academia de Teatro de Moscova, **Natalia Zvereva, Irina Promptovna** e **Nicolas Karpov**. Os prezos da matrícula van a 40.000 pta. polo seminário enterio, 18.000 pta. por unha matéria, e 25.000 pta. polo seminário e 11.000 pta. por matéria para ointes. Matrícula aberta até o 31 de Agosto, de Luns a Venres de 9 a 13 h., nos locais do IGAEM: Rua dos Feáns, 1-3º baixo. Santiago.

Prémio de investigación Xohana Torres

A Concelleria da Muller de Santiago convoca o prémio *Xohana Torres* ao que poden concorrer todas as persoas que individual ou colectivamente apresenten un traballo inédito de investigación en calquer disciplina. A temática referirase a calquer aspecto humán que contribua ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron en calquer eido, tanto na actualidade como no pasado. Os traballos deberán ter unha extensión mínima de 50 fólios mecanografados a dobre espazo (poderán vir acompañados de material fotográfico), e apresentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago con plica e lema identificador antes do 31 de Decembro de cada ano. O fallo do xurado darase a coñecer o dia 8 de Marzo, Dia Internacional da Muller Traballadora.

Prémio 17 de Maio

O **Departamento de Filoloxia Galega da Universidade de Santiago**, en colaboración co vicerrectorado de investigación convoca a sexta edición do prémio *17 de Maio* de investigación lingüística e literária dotado con 100.000 pta. para o primeiro, 60.000 pta. pra o segundo e 40.000 pta. para o terceiro prémio. Poden concorrer todos os estudantes de primeiro e segundo ciclo de Facultades, Colexios e Escolas Universitárias con orixinais en língua galega. As investigacións, necesariamente orixinais e inéditas, tratarán algun aspecto lingüístico ou literário da obra de **Luís Seoane**. Para participar hai que mandar os orixinais por quintuplicado, en fólio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, antes do 9 de Setembro de 1994 á Secretaria do Departamento de Filoloxia Galega (Facultade de Filoloxia. Campus Norte. Avenida Burgo das Nacións. 15705 Santiago de Compostela. A apresentación dos traballos farase baixo lema, xunto cun sobre pechado onde irá o nome completo, enderezo e teléfono do autor, título da investigación e un documento que acredite estar matriculado no curso 1993-94.

Concurso de poesia Rosalia de Castro

A asociación cultural Rosalia de Castro de Cornellà (Barcelona), convoca a VIII edición do seu concurso de poesia. As bases do concurso estabelecen un máximo de 100 versos e un mínimo de 30, anque pódense enviar conxuntos de poemas de temática comun sempre que non excedan o máximo. Os traballos enviaranse en sobre sen remite e baixo plica. A plica levará escrito por fóra o primeiro verso do poema e portará os dados persoais (nome, enderezo, DNI e teléfono). Os poemas enviaranse por triplicado antes do 30 de Setembro de 1994, ao enderezo da asociación: Federico Soler, 71. 08940 Cornellà. Barcelona. Os prémios (1º, 80.000 pta.; 2º 45.000 pta.; e 3º, 35.00 pta.) fallaranse nas xornadas culturais a celebrar pola asociación no Outono de 1994. Información no (93) 375 10 54.

Saféris Fotográficos

Organizados polo colectivo de criación audiovisual **Ollo de Vidro** da **Asociación Cultural Alexandre Bóveda**, teñen como obxectivo conxugar explicacións das técnicas básicas de biofotografía co coñecemento dos lugares de interese ecolóxico do país, e conta coa asisténcia de monitores de fotografía e natureza asi como con documentación relativa ás actividades. O prezo, que inclue viaxe e monitores é de 500 pta. para sócios da A.C. Alexandre Bóveda e de 700 pta. para non sócios. Os vindeiros safáris a realizar: *Os Cabos do Norte*, o Domingo 23 de Outubro; e *O Olimpo celta* (Monte do Pindo, Fervenza do Xallas), o Domingo 20 de Novembro. Información e inscricións na Asociación: Emília Pardo Bazán, 25-2º. A Coruña. Teléfono: (981) 24 43 55, de 17 a 21 h.

Prémios Ourense de Banda Deseñada

A Casa da Xuventude de Ourense tenta recabar a opinión das persoas afeizoadas á banda deseñada na Galiza, sobre os candidatos aos Prémios Ourense Banda Deseñada. Pódese colaborar con eles enviando o voto para á persoa e a entidade con maior relevância na banda deseñada galega este ano. Casa da Xuventude, Celso Emílio Ferreiro 27. 32004 Ourense. O prazo pecha o 15 de Setembro de 1994.

Certame de poesia Fermin Bouza Brey

Os concellos de Cortegada de Baños, Ponteareas e Vilagarcia convocan o terceiro certame de poesia *Fermin Bouza Brey*. Poden participar todos os que o desexen, que non teñan publicado nengun libro de poesia, con obras orixinais e non premiadas en outros certames. Estabelécense duas categorias (alunos de EXB e poetas nóveis) ás que poden concorrer obras de técnica e temática libre, apresentadas por quintuplicado en fólios DIN A4, cun mínimo de 300 versos no caso dos poetas nóveis. Os textos pódense entregar, antes do **9 de Outubro de 1994**, en calquer dos concellos convocantes, sempre baixo lema e plica que inclue os dados do autor (enderezo completo, teléfono e fotocópia do DNI). Os prémios: 50.000 pta. na categoria de EXB (25.000 pta. para o autor e 25.000 pta. para o centro de ensino), e 150.000 pta. para a categoria de poetas nóveis. Os poemários premiados pasarán a propriedade dos concellos convocantes e o traballo premiado na categoria de poetas nóveis editarase na colección de poesia da editorial Espiral Maior.

Prémio de relato curto Non vai máis

Convocado polo Casino do Atlántico da Coruña e dotado con 150.000 pta. para relatos orixinais e inéditos relacionados co xogo, a aposta o azar ou a sorte. Os traballos han de andar entre os 6 e os 12 fólios de extensión mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. A apresentación farase por quintuplicado e baixo plica, antes do **15 de Agosto de 1994**, ao enderezo: I Prémio de relato curto *Non vai máis*. Emília Pardo Bazán, 27 baixo. 15005 A Coruña. Maior información no (981) 24 27 99.

Prémio Xerais de novela

A décima edición do prémio *Xerais* de novela ven dotada con 1.500.000 pta., ao que poden optar todos os que envien os seus traballos (orixinais e inéditos) na normativa oficial, antes do **10 de Setembro de 1994**, ao local de Edicións Xerais (Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo). O orixinal ha ser apresentado baixo lema, xunto cun sobre pechado no que virán o nome completo, enderezo e teléfono do autor, amais do título do libro. Edicións Xerais resérvase os dereitos de edición da obra premiada en todas as línguas do Estado e estabelece que os primeiros 5.000 exemplares ficarán libres de pago dos dereitos de autor.

Prémio Vicente Risco

O Concello de Castro Caldelas e máis a Fundación Sotelo Blanco convocan o **I Prémio Vicente Risco de Antropoloxia e Ciéncias Sociais**, dotado con 1.000.000 pta. Pode concorrer ao prémio calquer persoa sen distinción de idade ou nacionalidade, que apresente os seus textos na normativa oficial. Os textos, amais de inéditos e orixinais, han tratar do estudo do ámbeto rural galego sempre desde o ponto de vista da antropoloxia e das ciéncias sociais (história, economia, socioloxia, etc.). A extensión dos traballos vai dun mínimo de 150 páxinas a un máximo de 300 páxinas tamaño fólio mecanografadas a dobre espazo. Cada traballo apresentarase por sextuplicado **antes do 31 de Agosto** de 1994, na Fundación Sotelo Blanco (Apartado 2096 de Santiago), e precedido polo título e o lema que tamén figurarán nun sobre pechado onde virán os dados do autor (nome, enderezo, teléfono) e o título do libro. A fundación resérvase o dereito de publicar o texto premiado sen limitacións en número de exemplares nen de edicións. Maior información na Fundación Sotelo Blanco: San Marcos s/n. 15820 Santiago de Compostela. (981) 58 25 71.♦

VÍSTETE DE
A NOSA TERRA

Camiseta 800 pta
Sudadeira 1.500 pta
(Máis gastos de envio)

Pedimentos a:

A NOSA TERRA
Príncipe 22, baixo
36202 Vigo
através de cheque bancário e especificando talla: pequena, mediana, grande ou cativos

O trinque

Libros

Frontera Sur de Horacio Vázquez Rial (Alfaguara), un percorrido en clave de saga social pola fundación de Buenos Aires, coa intervención sobranceira dos protagonistas galegos, nunha nación cruxol de identidades♦

Anúncios de balde

■ **Vendo guitarra**. Marca *Alhambra*, modelo *3 F*. (986) 85 81 74.

■ **Aulas de Francés e de Bretón. Traducións galego ou castellano. Profesora nativa, licenciada en filoloxia con ampla experiéncia**. Isabel; Casas Reais, 4-2º. Santiago. (981) 57 61 03.

■ **Vendo esquis e fixacións, e tamén *Scalextric* con moitas pistas**. (981) 23 15 23.

■ **Alugo piso con móveis, garaxe e tres dormitórios**. Frente Xesuitas (Vigo). (986) 22 79 62.

■ **Busco rapaces de 20 a 30 anos, interesados nunha viaxe a Escócia e Irlanda en Setembro**. Chamar de 2 a 3 pola semana ao (986) 41 93 55 (Vigo), e perguntar por Fito.

■ **Ocasión. Véndese *Dyanne 6*, amarelo, descapotábel. PO-0114-L. Prezo: 75.000 pta.** Chamar de tarde e noite ao (986) 49 07 34.

■ **Vendo *Volkswagen Golf CL* (diesel)**. Magnífico estado. Matrícula PO-AK. Cor branca. (986) 41 73 21.

■ **Vendo camión. LU-C. 3.500 c.c. Caixa de poliester. Cisterna de aceiro (6.000 l.)**. Chamar ás noites ao (981) 24 02 96.

■ **As *Juntas Galegas pola Amnistía*** (JUGA), a través da sua revista ***A Treu***, informa pontualmente da situaçom das presas e presos independentistas galegos assim como das actividades anti-repressivas da organizaçom. Ao mesmo tempo **distribue material para a solidaridade**. Solicita informaçom no **Apartado de Correios 875 de Compostela**.

■ **Desexo entablar amizade a meio da correspondéncia con xente de calquer idade**. Oreyne Michael Ramírez Medina. Frank Hidalgo Gato, 29 A. Francisco Cadalia e Macedo. Trinidad, Sancti Spiritus. 6200 Cuba.

■ **Grande oferta de discos e casetes**. Evéncio Baños: (988) 21 05 85.

■ **Vendo aparato de masaxe adelgazante** con cinta inter-cambiábel a bolas. 18.000 pta. (986) 21 06 69.

■ **Vendo máquina de coser industrial**. Marca *Singer*. Perguntar por Laura, de 17 a 22 h., no (986) 22 62 28.

■ **Grupo de xoves cataláns (de 3 a 4 persoas) buscan piso de aluguer, ou pensión, para a segunda quincena de Agosto, nas Rias Altas ou Baixas**, xa sexa na vila ou na cidade. Perguntar por Marta no (93) 491 06 83, ou escreber a: Marta Viñals. Travesera de las Corts, 136 sótano 1º. 08028 Barcelona.

■ **Cómprase Gran Enciclopédia Galega completa**. Os interesados poden chamar ao telf. (986) 47 02 98 de 15 a 16 e de 21 a 23 horas.

■ **Casa de reposo *La Levada***. Estamos abertos todo o ano, oferecemos distintas actividades: cursos de fotografía, taller artesán e actividades deportivas (descenso por corda, rotas en bici e dacabalo, descenso por rio). Posibilidade de realizar curas de xexun, consulta de médico hixienista. Teléfono e Fax: (986) 66 64 13.

■ **Mestre busca desesperadamente un traballo relacionado co ensino ou calquer outro: livrarias, editoriais, conductor...** (981) 69 56 82. A Coruña.

■ **Merco bicicleta estática para ximnásia**. Perguntar por Marisol a partir das 3 da tarde no (986) 25 34 69.

■ **Brigadas de solidaridade a Centroamérica**. Se te animas a botar unha man aos esforzos das xentes que queren mudar por si próprias as suas más condicións de vida, e queren facelo colectivamente; de estar interesada ou interesado en ter unha maior información do proxecto ponte en contacto con nós: Comité de Solidaridade (COSAL): 63 71 75 e 23 60 84 da Coruña, 74 70 92 da Costa da Morte, 24 83 48 de Ourense, 54 82 55 e 53 74 97 de Santiago, e 20 48 03 de Vigo.

■ **Alugo chalet perto da praia**. Camposancos. Meses do verán (986) 62 70 40.

■ **Aulas de inglés para recuparacións con profesores nativos**. En Vigo. (986) 47 12 62.

■ **Alugo casa perto da desembocadura do Miño**, en Camposancos. Perguntar por María Xosé, de 13 a 15 e de 20 a 22 h., no (986) 62 71 07.

■ **Alúgase estúdio en Vigo**, con calefacción, auga quente, soleado, céntrico. Ideal para estudante. (986) 49 06 88.

■ **Percuro xente coa que *montar a película* sen un peso**. Se tes coñecementos de cine ou vídeo (nas áreas de fotografía, cámara, son e maquillaxe), chámame ao teléfono (986) 22 69 81 a partir das 8 do serán, e pergunta por Xan Leira.

■ **Andamos a andar a terra na procura de investigar e catalogar aqueles recunchos onde a história se detivese** con forza no seu dia e que hoxe durmen o paso dos séculos. Fuxindo de facer práticas arqueolóxicas e de alterar o entorno e coa fin antedita, solicitámosvos nos escribades informándonos daqueles lugares sospeitosos (pedrafitas, antas, mámoas, etc.) e meio perdidos dos que teñades referéncia. Viaxes Céltigas. Apartado 1364. 15007 A Coruña.

■ **Ofrecemos charlas sobre a situación do sócio-lingüística do galego e do bretón** asi como de aspectos xerais da Bretaña contemporánea (en galego ou francés) para centros de ensino de toda Galiza. Isabel e Neal. Algália de abaixo, 20-2º. Santiago. (981) 56 07 69.

■ **Vendo chalé de 2 plantas máis garaxe**, 2.500 metros cadrados de terreo e unha casa vella. Nas Rias Baixas. (923) 26 76 57.

■ **Tódolos grupos folk ou rock galego** interesados en participar en concertos de inverno nun Centro Cultural podedes chamar ao (981) 71 49 24. Preguntade por Xosé María

Cinema

Castrelos de cinema

O Concello de Vigo organiza pases ás 11 da noite, cunha entrada de 300 pta., no Auditório de Castrelos. Nesta semana cadran os seguintes títulos: **Cidadán Kane** de Orson Welles, o Luns 8; **Robin Hood o magnífico** de John Orvin, o Martes 9; **Wilt** de Michael Tuchner, o Mércores 10; e **Mamasunción** e **O Camiño das estrelas** de Chano Piñeiro, o Xoves 12.♦

Teatro

Máquina Total
Chévere Teatro representa a sua obra *Máquina Total* o 4 de Agosto, ás 9 da noite, en Curtis; e o 6 en Ordes. *Chévere* volta actuar, desta vez coa obra **Big Bang**, o Xoves 11 en Castro Caldelas.

Commedia
A compañia **Ollomoltranvia** representa a obra *Commedia, un xoguete para Goldoni*, en Muros o dia 4, e en Trives o 12. A mesma compañia pon en cena **Moleques**, o Sábado 6 en Malpica.

Macbett
Produccións Teatrais do Sur representa *Macbett* de Ionesco, o Luns 8 na Póvoa, e o 11 en Manzaneda.

Canoxo
Polos **Monicreques de Kukas**, o Sábado 6 en Montederramo.

Directamente Paco II
A segunda entrega do espectáculo de humor que dirixe **Carlos Blanco**, o Xoves 11 en Montederramo.

Santiago, Santiago
Por **Tanxarina** o Venres 5 en Tui.

Mostra de teatro infantil
Vai do 8 ao 14 de Agosto, con actuacións ás 7 do serán, no Parque de Castrelos (Vigo). As representacións máis próximas: **Automatic** de *Pai Animación Infantil* de Zaragoza (Luns 8); **Telebola** por *Teatre Arca* de Barcelona (Martes 9); ***Juerga S.A.*** por *Los Titireteros* de Binéfar (Mércores 10); **Tsetse** da compañia *L'Estaquirot Teatre* de Barcelona (Xoves 11).

Mário o planetário
O Venres 5, ás 9 da noite en Santa Comba, a compañia **Gualtrapas** pon o látex ao servizo do títere para representar a comédia en verso *Mário o planetário*, sobre a chegada á Galiza do marciano Mário.♦

Exposicións

Luís Seoane e o libro galego na Arxentina
X. L. Axeitos e máis X. Seoane coordenan a mostra *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina*, que expón o Museu Carlos Maside (Sada).

Bienal de Arte de Pontevedra
A XXIII edición da Bienal de Arte de Pontevedra fica aberta no Pazo Provincial con obra de **Juan Usle**, **Namste** e de novos mestres alemáns da **colección Grothe do Kunstmuseum de Bonn**; no Teatro Principal onde expoñen participantes no certame **Novos Valores 94**; e no edifício Sarmiento do Museu Provincial, que acolle unha mostra de **Virxilio Blanco** (1896-1948).

Mostra de Buño
O concello de Malpica organiza a *XI Mostra de Alfareiria* de Buño, do 5 ao 15 de Agosto.

María Manuela
Expón os seus óleos, debuxos e pasteis, no Círculo Mercantil de Vigo.

Teresa Pérez
Paisaxe galega nos óleos de Teresa Pérez. Até o 15 de Agosto na sala da Renfe en Vigo.

A arte na rua
Obra de artistas ourensáns, todos os Venres do mes de Agosto na Rua do Paseo en Ourense.

Alaxe
Expón os seus esmaltes baixo o título **Homenaxe a Galiza**, do 6 ao 13 de Agosto no hotel Mirador de Mondoñedo.

Barbanza: património cultural
Mostra aberta do 8 ao 18 de Agosto na Casa do Coxo de Rianxo.

Maria Manuela

Juan Mieres
Pódese ver obra recente de Juan Mieres no *Café Bar Rua Nova* e pinturas do periodo 1989-1992 no *Pub Pepa a Loba*, ambos en Compostela. As duas abertas até o 15 de Agosto.

Para Joseph Beuys
Obra gráfica de trinta artistas internacionais na Casa da Parra (Santiago).

Páxinas coordenadas por
IAGO LUCA

Retablos de Arturo Baltar
No Mosteiro de Poio até finais de Agosto. Abre de 10 a 1 h., e de 18 a 21 h. Aberta de Luns a Venres de 11 a 14 h. e de 17 a 21 h.; Sábados de 11 a 14 h., e Domingos pechado.

Mestres da pintura galega
Até o 1 de Setembro na galeria Severo Pardo de Vigo.♦

Música

A Quenlla

Encontros de Jazz
Os dias 10 e 11 de Agosto no Pazo de Congresos da Coruña, actuan: Herbie Hancock Trio, Davie Holland, Gene Jackson, Danilo Pérez, All Stars, Paquito D'Rivera, Claudio Roditi, Steve Turre, David Sánchez, Larry Grenadier, Ignacio Berroa e Giovanni Hidalgo. O prezo de cada dia é de 1.500 pta., e o abono para os dous dias vai a 2.000 pta.

Jerry Lee Lewis
O Venres 5, ás 12 da noite, no Campo de Fútbol de Sanxenxo.

Praza do Toral
Tres concertos nesta semana na praza do Toral en Santiago: **Coral Bohemios**, o dia 5; **Jimmy Owens Quartet**, Sábado 6; e **A Quenlla**, o Xoves 11. Todos ás 12 da noite.

Festival folk de Zas
O Sábado 6, ás 9 da noite na Carballeria de Velar en Zas (A Coruña). Actuan **Cempés**, **Vai de Roda** e **The Battlefield Band**.

Parque de Castrelos
Nesta semana actuan no Parque de Castrelos (Vigo), **Celtas Cortos** (Xoves 4. 800 pta.), **Paloma San Basilio** (Venres 5. 1.000 pta.), e **Kid Creole & The Coconuts** (Sábado 6. 1.000 pta.). Todos a partir das 10,30 da noite.

Fia na Roca
Amais da actuación do Domingo 7 no *Festival de Pardiñas* (Guitiriz), tamén tocan o Sábado 6, ás 10 da noite na Praza de Castelao en Rianxo.

Extremoduro e Zënzar
O Sábado 6, ás 12 da noite, na sala Leston de Moaña, rock transgresivo con *Extremoduro* e máis *Zënzar*. A entrada antecipada vai a 1.300 pta. e pódese conseguir en Vigo (discos Elepé, Bronx), Santiago (discos Fans), A Coruña (*Tápate as orellas*), Bueu (Bar Aturuxo), e Ourense (Spiral Discos).

Nostromo
O Sábado 6, ás 11 da noite, no bar A Pedra (Bembrive. Vigo). Entrada libre.

Matto Congrio
Korosi Dansas abre o concerto de *Matto Congrio*, o Xoves 4 de Agosto, ás 11 da noite, no Parque da Xunqueira de Vilagarcia.♦

Actividades

Feira do libro na Coruña
Instalada nos Xardins de Méndez Núñez, até o 10 de Agosto.

Sempre en Galiza
O Venres 5, ás 8 do serán, no Castelo de Vimianzo, **Francisco Rodríguez** oferecrá unha conferéncia sobre o 50 aniversário da publicación do *Sempre en Galiza*. A charla será apresentada pola xornalista **Eva Lema**, da asociación **Valso**, que organiza a xornada.

Mostra da asociación Rosalia Castro de Cornellà
A *Asociación cultural Galega Rosalia Castro* de Cornellà (Barcelona) organiza a sua primeira mostra, do 9 ao 11 de Agosto, na Fundación sotelo Blanco en Santiago. Abre o Martes ás 7 do serán, e comprende várias exposicións: certame de poesia *O Libro*, revista *Lua Nova*, confección de traxes galegos, gaitas, escola de arte, cadros de **Masito Beiró** e **Miguel Salgado**, e o programa de Rádio Cornellà *Sempre en Galiza*. O Mércores 9, á mesma hora, apresentarase o libro editado pola asociación e máis a Fundación Sotelo Blanco *Certame de poesia Rosalia Castro*, por Olegario Sotelo Blanco, Manuel López e Masito Beiró. Pecha o Xoves 11, tamén ás 7 do serán, cun colóquio sobre as distintas exposicións da mostra. Maior información na Asociación: (93) 375 11 03.

Festival benéfico para Ian Reina
A **Asociación Ian Reina** artella un festival de axuda a Ian Reina, un rapaz de vinte meses que necesita un transplante de médula ósea. O festival celébrase o Xoves 4 de Agosto, a partir das 7 do serán, na sala de festas *Os ricos* de Visantoña (Mesia). Conta cunha churrascada e diversas actuacións musicais: tuna de mulleres *Infortuna* da Coruña, grupo de baile *San Martiño de Visantoña*, e un grande baile no que participan as orquestas de espectáculos *Noche Dia*, *Lito* e *Sintonia*. **Os donativos** pódense ingresar na conta aberta na Caixa Galicia a favor da Asociación: 2091-0028-4-3000045518 (Sucursal de Xanceda). Maior información no (981) 69 40 46.

Festival de Pardiñas
Abre o Sábado 6 de Agosto, ás doce da mañá en Pardiñas (Guitiriz. Lugo) cun pregón de Xosé Seivane para inagurar a **I Mostra de Instrumentos Tradicionais**. Tamén no Sábado tera lugar unha **actuación de músicos espontáneos** (de 4 a 6 do serán), un **seminário de danza** (de 6 a 8), e un baile amenizado polo grupo **Treixadura**. A primeira parte do festival terá lugar ás 10 da noite coa actuación de **Albenda**, **Treixadura** e **Os Diplomáticos**. O Domingo 7, concentra várias actividades: **concerto da Coral Xermolos**, ás 13,30 h., na Igrexa de Santo Domingo; **mostra de danzas e gaitas** co **Grupo Xermolos** e a **Banda de Gaitas de Taramundi**; e música espontánea de grupos de música tradicional, de 15 a 18 h. O mesmo Domingo, a partir das 18,30 h., terá lugar o pregón do **XV Festival de Pardiñas** da man de **Agustin Fernández Paz**; e ás 19 h. na segunda parte do festival, actuarán os grupos **Kalinka** (Rúsia), **Fia na Roca** (Galiza) e **The Battelfield Band** (Escócia). O festival ven completado coas exposicións dos *Prémios Guitiriz de pintura, escultura, cerámica e fotografia*; *artes do Brasil*, discos de música tradicional dos povos do mundo, e debuxo infantil.

Feira do viño de Cambados
A **Feira do viño albariño de Cambados** celébrase os dias 6, 7 e 8 de Agosto no Paseo da Calzada.♦

Lisboa/94

Exposicións

O Grande Teatro do Mundo ou Os Clássicos em Lisboa, até o 30 de Setembro no Museu Nacional do Teatro. **Judeus Portugueses: As Descobertas e a Diáspora**, na Fundação Calouste Gulbenkian até meados de Setembro. **Lisboa em Movimento**, até o 30 de Outubro no Museu da Cidade (07-351-1-759 16 17). **Corpus no Templo** unha instalación de Romy Castro, até 30 de Setembro no convento dos Cardais (07-351-1-342 75 25). **Lisboa Subterránea**, até o 31 de Decembro, no Museu de Arqueologia (07-351-1-362 00 00). **In-Ventos**, esculturas e cuadros con bandas sonoras orixinais, no convento dos Cardias (07-351-1-342 75 25). **Humor Latino-Americano**, até o 31 de Agosto no Padrão dos Decobrimentos. **Almeida Fernandez**, *OUASET. Imagens De Um Tempo Sem Fim*, pintura sobre estaño traballado; até o 31 de Agosto na Padrao dos Descobrimentos (07-351-1-301 62 28). **Fado**, até Outubro no Museu Nacional de Etnoloxia. **A Influéncia Oriental no Azulejo Portugués**, até Outubro no Museu Nacional do Azulejo. **Retrospectiva World Press Photo (1956/93)** na Cordoaria Nacional. **Debuxos de Paula Rego**, até Decembro no Museu Rafael Bordalo Pinheiro. **Máquinas de Cena**, cenários e adereços do Grupo de Teatro O Bando, até o 31 de Agosto no Culturgest (07-351-1-848 02 18).

Teatro

Europa Nâo! Portugal Nunca!!, espectáculo de humor de Mário Viegas, os Luns ás 9,30 da noite, no Teatro Municipal de Sao Luiz (07-351-1-347 12 79). **Lisboa Meu Amor**, con textos de Francisco Nicholson, Gonçalves Preto, Nuno N. Fernandes, Marcelino Mota e Mário Rainho, no Teatro ABC (07-351-1-346 67 45). **Fausto**, a partir de Goethe, dramaturxia, títeres, cenografia e figurinos de Ana Teresa Castelo e Paulo Oliveira, Domingos, ás 16,40 h., no Auditório da Junta de Freigesia de Benfica (07-351-1-715 45 65). **1º Página**, peza de Ben Hecht e Charles Mac Arthur, dirixida por Hélder Costa, na Barraca Teatro Cinearte (07-351-1-396 53 60). **Outra Vez As Barbies**, *Alta-Comédia*,texto de José Pinto Correia e encenación de Alexandre de Sousa no Teatro Villaret (07-351-1-353 85 86). **Arranca-me a Vida** de Rodolfo Santana (autor contemporáneo de Venezuela), encenación de Almeno Gonçalves, até finais de Agosto na Sala Estrela 60 (07-351-1-395 32 89). **Oleanna** de David Mamet, polo *Novo Grupo*; os Domingos ás 16 h., na Facultade de Letras de Lisboa (información no: 07-351-1-797 09 69). **Maldita Cocaína**, texto e encenación de Filipe La Féria, pódese ver no Teatro Politeama (07-351-1-343 03 28).

Oleanna

Música

XIV Festival de Música dos Capuchos, até o 27 de Agosto nos Capuchos (07-351-1-290 00 71). **Concertos de Jazz**, no Hot Clube de Portugal (07-351-1-346 73 69). **Noites de Fado** con Aldina Duarte, Camané, Paulo Parreira e Pedro Nóbrega; até Decembro no Teatro de Pesquisa (07-351-1-727 18 18).♦

Información xeral dos actos de Lisboa 94 no telf. (07-351-1) 346 06 50 41.

Director:
Alfonso Eiré López
Presidente:
Francisco Carballo
Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

A NOSA TERRA

Rua do Príncipe, 22, planta baixa
Apartado postal 1371 (36200 Vigo).
Tel.: Administración, Subscricións
e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05.
Fax (986) 22 31 01.

ANO XVII · 4 DE AGOSTO · 1994

Nº 633

Arredor de 30 nenos ven o mar por primeira vez

Poña un neno saharaui na sua vida

■ **LUPE GOMEZ**

Sofren, no Sáhara, condicións de vida extremas. Habitan nas *"haimas,* o equivalente de tendas de campaña. Non estiman esenciais servizos hixiénicos que o son para nós. Viven nun território onde o único horizonte de sobrevivencia económica é a chegada das axudas internacionais. Uns 30 nenos saharauis, acollidos por famílias galegas, pasaron recentemente polas illas Cies. Foi unha excursión que lles permitiu coñecer o mar, o "paraíso" que sempre esperan chegar a ver algun dia as xentes do deserto.

Para estes nenos o mar xa non simbolizará máis algo inalcanzábel. Na viaxe cara ás Cíes alguns deles facian grupos a carón das xanelas do barco. Ali Salem, saharaui asentado na Galiza desde hai 18 anos, escoitaba o que un neno contaba sobre a noite anterior. Faláballe das festas de Ourense, dos foguetes artificiais que o asustaran. Na sua expresión estaba a surpresa de viver, estes dias, nun mundo totalmente novo.

Unha voz, através dun altofalante, anunciaba uns agasallos para os nenos invitados pola asociación "Amigos do Sahara". Chegaban ás illas. "Ti que neno tes?" perguntáballe unha muller a unha amiga. Outra comentaba sobre o seu: "o meu é alegre e risoño pero hoxe está triste".

A *adaptación* ao novo meio

Ao chegar, todos se colocaron moi sorrintes para as cámaras dos xornalistas. Un guia, por medio dun intérprete, monstrou cada lugar polo que pasaban: un parque natural e un faro. Tres mulleres seguian a comentar os primeiros dias dos nenos saharauis nas suas casas. "Non queria coller o teléfono e dixen eu, pois non o debeu coller nunca. Foi un show". Outra muller comentaba que un dia encheu a bañeira de auga para que o rapaz se bañara e este púxose a lavar roupa nela. Daquela a terceira engadiu: "á miña iballe secar o pelo co secador. Só a min se me ocorre. Voaba por toda a casa".

En xeral, os membros de famílias que acolleron a estes nenos coinciden en destacar que son "encantadores". Ali Salem, membro da asociación Amigos do Sáhara, conta que son nenos "alegres por natureza, e aqui, ao estar rodeados de comodidades a sua alegria acentuase". Paco, xunto coa sua muller, acolleu a un destes nenos e pensa que son especialmente intelixentes. Di tamén que "non son de estar metidos en pisos, teñen aprensión aos ascensores".

> 'Ti que neno tes?, perguntaballe unha muller a unha amiga. O meu é alegre e risoño, dicia outra'.

A tarde pasaba na praia. Sidi descansaba, despois do baño, sentado na area. Ten 12 anos e leva na Galiza un ano. "Eu falo un pouquiño de galego", dicia. Frente a el sentábase Yama. Sidi ollou para el e botou unha gargallada: o pequeno Yama ia rezar e sentiu vergoña.

Son 140 os nenos saharauis que están até o 27 de Agosto na Galiza. A novidade desta experiéncia é que van conviver con famílias. O que pretende a asociación Amigos do Sahara, segundo un dos seus membros, Xosé Collazo, é un obxectivo educativo na medida en que os nenos poidan adestrarse na aprendizaxe do idioma español. A devandita asociación traballa desde a solidariedade co povo saharaui no que se vive pendente dun referendo sobre a autodeterminación.

"Queremos elexir o noso destino" declara Ali Salem, saharaui membro de Amigos do Sahara, na praia das Cies. Cerca del unha roda de nenos e nenas cantaban cancións da sua terra.♦

TRES EN RAIA

Haiti

■ **BEGOÑA CAAMAÑO**

Co beneplácito do Consello de Seguridade da ONU, o goberno de Bill Clinton —cuns índices de popularidade cada vez máis baixos segundo os últimos inqueritos dos xornais estadounidenses— volve de novo a se erexir en defensor da liberdade e prepara-se a invadir Haiti.

Esta operación para liberar aos haitianos é rexeitada pola meirande parte dos estados sudamericanos. O escritor colombiano García Márquez e o presidente do Parlamento Latinoamericano, Umberto Celi, nada sospeitosos de simpatizar cos militares golpistas, repudian a intervención. Se cadra porque nen olvidan, nen descoñecen, todo o que a "prensa libre" se esquece de contar. Saben que Estados Unidos concede de xeito inmediato permiso de residéncia e casa paga aos "balseiros" que chegan de Cuba, mentres que os refuxiados haitianos son repatriados ou enviados a terceiros países. Saben que 5 anos despois da invasión militar de Panamá o nível de vida descendeu até o arroz escasea. Tamén saben que os soldados "ianquis" xa invdiran Haiti hai 75 anos e que marcharon 15 despois, deixando fortemente instalada a dinastia dos Duvalier. Unha dictadura sanguiñenta que serviu aos intereses estadounidenses e da que proceden os militares golpistas de Raul Cedrás.

Todo ise coñecimento non servirá para frear a invasión se Bill Clinton considera que é boa para mellorar a sua imaxe ou para afianzar os seus posicionamentos estratéxicos na zona.

Os nenos haitianos, como os somalies, seguirán a pasar fame, pero xa non os veremos sofrir na televisión.♦

VOLVER AO REGO

Pujol valeira o peto autonómico en duas canles de televisión (e catro diários), porque sabe que a cultura dun país é un investimento rentabel a médio prázo. Aqui hai unha única canle que ademais sofre os ataques de todos, Fraga o primeiro. Cada novo director que chega a TVG ten orden de "aforrar". Pouco se fala de novos programas, de mellorar a calidade, de oferecer ideas. Asi é como van afrontar a competéncia: reducindo orzamentos!

Pero a TVG segue despilfarrando os médios próprios que andan arrombados polos corredores de San Marcos e metendo os diñeiros públicos na conta das produtoras privadas. Iso a Maneiro, o novo director, parécelle normal.

A TVG está, polo que se observa, a piques de dar un xiro de 360 grados.♦

A SANXENXO, POLA VÍA RÁPIDA...
...POLA AUTOESTRADA DESDE VIGO EN 30 MINUTOS.

*Utilizando a **AUTOESTRADA DO ATLÁNTICO** enlazará en **Curro** coa vía rápida do **Salnés**.*

*Acérquese a disfrutar dos atractivos de **Sanxenxo, Portonovo, O Grove, A Toxa** e toda a comarca do Salnés.*

AUTOPISTAS DEL ATLÁNTICO
O camiño que une Galicia

AUTOPISTAS DEL ATLANTICO
ENA